



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 56

**Sesión plenaria**  
23 de xaneiro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Comparecencias

#### 1.1 18547 (10/CPP-000036)

Da Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por petición propia, para dar conta da súa política en materia de paisaxe e ordenación do territorio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

#### 1.2 23187 (10/CPP-000044)

Do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar sobre o avance do peche do exercicio 2017, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, e as principais liñas de actuación para o presente exercicio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

### Punto 2. Mocións

#### 2.1 21754 (10/MOC-000064)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais (Moción a consecuencia da Interpelación nº 19155, publicada no BOPG nº 199 do 24/19/2017, debatida na sesión plenaria do 19/12/2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 234, do 29.12.2017

#### 2.2 21755 (10/MOC-000065)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Díaz Villoslada, Juan Manuel**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación das condicións laborais do persoal do sector público autonómico (Moción a consecuencia da Interpelación nº 20422, publicada no BOPG nº 219 do 24/11/2017, debatida na sesión plenaria do 19/12/2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 234, do 29.12.2017

#### 2.3 21756 (10/MOC-000066)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Cal Ogando, Marcos e Villares Naveira, Luis**

Sobre a protección do medio ambiente e o lindano (Moción a consecuencia da Interpelación nº 20946, publicada no BOPG nº 223 do 05/12/2017, debatida na sesión plenaria do 19/12/2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 234, do 29.12.2017

### **Punto 3. Proposicións non de lei**

#### **3.1 3072 (10/PNP-000272)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de saturación que padecen os servizos de urxencias dos centros hospitalarios, así como de atención primaria, do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

#### **3.2 6769 (10/PNP-000597)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **López Crespo, Carlos Enrique e seis deputados/as máis**

Sobre a continuación polo Goberno galego co desenvolvemento de actuacións para a posta en común con outras rexións e frotas pesqueiras das experiencias e dos coñecementos obtidos en relación coa problemática dos descartes, con especial atención á súa refundición e ao traslado á Comisión Europea das demandas para a adaptación da normativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

#### **3.3 20352 (10/PNP-001513)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito do alumnado con trastorno do espectro do autismo a unha educación inclusiva no sistema público de ensinanza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 29.11.2017

#### **3.4 20698 (10/PNP-001542)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e once deputados/as máis**

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia tendentes á construción dun centro de saúde no edificio do mercado da Santa Lucía, no barrio da Falperra, na cidade da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

#### **3.5 20708 (10/PNP-001543)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Pierres López, María Luisa e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas á realización de campañas de concienciación e sensibilización sobre a violencia de xénero no ámbito rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

#### **3.6 21105 (10/PNP-001586)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Vázquez Verao, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a accesibilidade en todas as áreas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

**3.7 21276 (10/PNP-001599)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de transvasamento de auga do río Verdugo ao encoro de Eiras que está a tramitar Augas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 229, do 19.12.2017

**3.8 21534 (10/PNP-001615)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a elaboración e remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun plan de actuacións e medidas concretas destinadas a afrontar as dificultades que presenta o sector pesqueiro para propiciar o seu relevo xeracional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 229, do 19.12.2017

**Punto 4. Interpelacións****4.1 20803 (10/INT-000695)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa suba das tarifas nas peaxes da AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 223, do 05.12.2017

**4.2 21744 (10/INT-000741)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e trece deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta en materia de servizos sociais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

**4.3 22065 (10/INT-000748)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre os problemas producidos pola saturación dos servizos de urxencias dos hospitais ante o aumento dos casos de gripe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

**Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****5.1 23049 (10/POPX-000067)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso diante do Goberno central dunha axenda para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

**5.2 23105 (10/POPX-000068)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación coas recentes decisións do Goberno central que afectan ás finanzas das comunidades autónomas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

**5.3 23171 (10/POPX-000069)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre o alcance temporal das políticas de recortes que ocasionan colapsos e saturación nos servizos de urxencias dos hospitais galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

**Punto 6. Preguntas ao Goberno****6.1 21844 (10/POP-002573)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e catorce deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia con respecto ás estacións intermodais e as datas previstas para a súa realización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

**6.2 22170 (10/POP-002633)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da seguridade das novas pasarelas da ponte de Rande

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

**6.3 23170 (10/PUP-000138)****Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da suspensión cautelar das sondaxes mineiras e demais labores que está a realizar a empresa Sociedad Cobre San Rafael nos concellos de Touro e do Pino, mentres non se garanta o abastecemento de auga na zona

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

**6.4 23165 (10/PUP-000135)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia desde o 17 de outubro de 2017 para garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias, S.A., na zona sur da provincia de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

**6.5 20307 (10/POP-002413)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para recuperar as dúas pías medievais pertencentes á igrexa de San Xián de Moraime, no concello de Muxía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

**6.6 21728 (10/POP-002549)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e catro deputados/as máis**

Sobre as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego para preservar o patrimonio artístico, documental e bibliográfico do Centro Gallego de Buenos Aires

Publicación da iniciativa, BOPG nº 234, do 29.12.2017

**6.7 21996 (10/POP-002610)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que adoptou ou prevé adoptar a Xunta de Galicia para garantir a titularidade galega do patrimonio cultural do Centro Galego de Bos Aires así como para a súa protección e posta en valor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

**6.8 22681 (10/PUP-000133)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do Centro Galego de Bos Aires

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

**6.9 16918 (10/POP-002128)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do recoñecemento das competencias profesionais e a formación necesaria para a adquisición do título de técnico ou técnica superior en Electromedicina Clínica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

**6.10 21610 (10/POP-002541)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a información proporcionada pola Xunta de Galicia en relación cos convenios subscritos polo Sergas cunha empresa fabricante de equipos médicos e especializada en tecnoloxía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 234, do 29.12.2017

**6.11 23168 (10/PUP-000136) (C.E. 23191)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para acordar a redución do número de camas no novo edificio do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

**6.12 23169 (10/PUP-000137)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e seis deputados/as máis**

Sobre a situación a día de hoxe e as medidas adoptadas polo Goberno galego para afrontar a epidemia de gripe nos centros hospitalarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

*O señor presidente comunica as ausencias xustificadas e éntrase na orde do día. (Páx. 12.)*

**Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por petición propia, para dar conta da súa política en materia de paisaxe e ordenación do territorio. (Punto primeiro da orde do día)**

*Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero). (Páx. 12.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 19.), Sra. Pierres López (S) (Páx. 23.), Sr. Cal Ogando (EM) (Páx. 27.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 30.)*

*Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero). (Páx. 33.)*

*O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 37.) Nesta rolda interveñen o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 37.), a señora Pierres López (S) (Páx. 39.), o señor Cal Ogando (EM) (Páx. 42.), o señor Fernández Prado (P) (Páx. 44.) e a señora conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero). (Páx. 46.)*

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar sobre o avance do peche do exercicio 2017, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e as principais liñas de actuación para o presente exercicio. (Punto primeiro da orde do día)**

*Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 48.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 55.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 59.), Sr. Lago Peñas (EM) (Páx. 62.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 66.)*

*Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 69.)*

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 76.) Nesta rolda interveñen a señora Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 76.), a señora Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 78.), o señor Lago Peñas (EM) (Páx. 79), o señor Puy Fraga (P) (Páx. 81.) e o señor conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 84.)*



*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e dezaioito minutos da tarde.*

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo, sobre a política do Goberno galego en relación coa rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais.** (Punto segundo da orde do día)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 86.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 89.), *Sr. Rodríguez Estévez (EM)* (Páx. 90.) e *Sr. Balseiros Guinarte (P)*. (Páx. 92.)

*Nova intervención da señora Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 94.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación das condicións laborais do persoal do sector público autonómico.** (Punto segundo da orde do día)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 95.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 96.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 98.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Santos Queiruga (EM)* (Páx. 100.) e *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 101.)

*O señor Díaz Villoslada (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 103.)

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Luís Villares Naveira, sobre a protección do medio ambiente e o lindano.** (Punto segundo da orde do día)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 105.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 106.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 109.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 110.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 112.)

*O señor Cal Ogando (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 113.)

### ***Votación das mocións***

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, formulada por D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo, sobre a política do Goberno galego en relación coa rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais: *rexeitada por 32 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 115.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, formulada por D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación das condicións laborais do persoal do sector público autonómico: *rexeitada por 32 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 115.)

*O señor presidente dálle a palabra ao señor Cal Ogando (EM) para que comunique o resultado da transacción sobre a seguinte moción, e este dálle lectura ao texto acordado entre os grupos parlamentarios.* (Páx. 115.)

Votación do texto transaccionado da Moción formulada polo G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando, sobre a protección do medio ambiente e o lindano: *aprobado por 67 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 116.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de saturación que padecen os servizos de urxencias dos centros hospitalarios, así como de atención primaria, do Sergas.** (Punto terceiro da orde do día)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 117.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 119.), *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 121.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 123.)

*Nova intervención da señora Prado Cores (BNG)* (Páx. 126.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Carlos Enrique López Crespo e seis deputados/as máis, sobre a continuación polo Goberno galego do desenvolvemento de actuacións para a posta en común con outras rexións e frotas pesqueiras das experiencias e dos coñecementos obtidos en relación coa problemática dos descartes, con especial atención á súa refundición e ao traslado á Comisión Europea das demandas para a adaptación da normativa.** (Punto terceiro da orde do día)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 127.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 128.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 131.) e *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 133.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Santos Queiruga (EM)*. (Páx. 135.)

*A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 137.)

**Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda e D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito do alumnado con trastorno do espectro do autismo a unha educación inclusiva no sistema público de ensinanza.** (Punto terceiro da orde do día)

*A señora presidenta (Solla Fernández) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 138.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 139.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 142.)  
e *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 144.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 146.)

*A señora Chao Pérez (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 148.)

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta minutos do serán.*

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

O orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron inasistencia os deputados don Carlos López Crespo, don Antón Sánchez García e dona Rosa Quintana Carballo.

E, sen máis, entramos na orde do día. Primeiro punto, comparecencias en Pleno.

**Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por petición propia, para dar conta da súa política en materia de paisaxe e ordenación do territorio**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a comparecencia ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moi bo día.

Grazas, presidente.

Comparezo ante esta Cámara para explicar as principais liñas estratéxicas que ten esta consellería en materia de paisaxe e en materia de ordenación do territorio. O que expoñerei hoxe é só unha mostra do que é o gran compromiso que ten este Goberno, o Goberno da Xunta de Galicia, coas políticas que permiten dotar a nosa comunidade dunha paisaxe ordenada e tamén dun urbanismo sostible. Os últimos case nove anos que levamos traballando arreo para avanzar na protección e na posta en valor da paisaxe foron unha proba diso, e así o pensamos continuar a facer.

Cómpre ter en conta que a calidade da paisaxe é un perfecto indicador do grao de desenvolvemento que ten unha sociedade. A súa boa xestión e a súa ordenación son factores a ter en conta para a competitividade dun territorio e tamén para o futuro dese territorio. É dicir, que unha paisaxe ordenada e de calidade incide directamente sobre a comunidade dende un punto de vista económico, dende un punto de vista turístico, ambiental, cultural e social, porque á fin e ao cabo é algo que define o noso territorio.

Para o Goberno galego a paisaxe é unha cuestión esencial na procura da cohesión social, e por iso adquirimos o compromiso de definir unha política eficiente en materia de paisaxe, establecendo ferramentas propias. Pero toda esta aposta pola paisaxe ten que ir unida, sen dúbida, a un urbanismo responsable. De feito, un dos esforzos máis importantes que ten desenvolvido esta consellería dende o ano 2009 está centrado precisamente nun novo modelo e nun novo marco normativo de urbanismo, e é que a responsabilidade en materia de urbanismo e paisaxe son valores que nós entendemos que están en alza.

Nas últimas décadas, e especialmente nos últimos anos, ten avanzado moitísimo a conciencia de que o desenvolvemento urbanístico debe ser ordenado, respectuoso e sostible. Todos estamos de acordo con que as nosas cidades e as nosa vilas, sempre que o precisen, deben ter a oportunidade de crecer e de desenvolverse, pero teñen que facelo en todos os casos dende o respecto á paisaxe, ás necesidades e ás características propias de cada rexión.

Cómpre así seguir avanzando por ese camiño, tanto a través de normativas modernas, eficaces e eficientes, como afondando na toma de conciencia de todos os membros da nosa sociedade. Está nas nosas mans decidir que cidades e que vilas queremos para o futuro. Se queremos ou non que sexan fieis a esa identidade, que sexan harmónicas coa paisaxe e que estean comprometidas coa sustentabilidade.

A continuación detallarei as principais liñas que desenvolvemos nos últimos anos no eido da paisaxe e da ordenación do territorio, e tamén os novos pasos que estamos dando.

Comparezo agora neste Parlamento cando están a piques de cumprirse dous anos dun momento que nós catalogamos de histórico para o urbanismo de Galicia, que é a posta en marcha en febreiro do ano 2016 dun novo marco normativo neste eido; unha completa regulación que ten o obxectivo principal de fomentar un urbanismo sustentable nos 313 concellos de Galicia. Para iso temos a primeira Lei do solo da historia que conta xa cun regulamento propio; un regulamento que se aprobou só seis meses despois da entrada en vigor da Lei do solo. Tiñamos o prazo dun ano para facelo pero fixémoslo na metade do tempo.

Este novo marco normativo urbanístico é algo excepcional, non só na nosa comunidade senón mesmo tamén en España, porque só Galicia, Asturias e Castela-León son as comunidades que contan a día de hoxe cun corpo normativo urbanístico completo. Ademais, a súa elaboración foi froito dun proceso transparente e colaborativo, porque, do mesmo xeito que sucedeu coa lei, o regulamento tamén se tramitou co máximo consenso social: estivo en consulta pública; mantivéronse reunións de traballo cos colectivos deste ámbito; e atendéronse sete de cada dez alegacións presentadas polos diferentes axentes, organismos e entidades, entre elas tamén as observacións realizadas polo Consello Consultivo.

É un regulamento integral que inclúe xestión, planeamento e disciplina. Isto vai facilitar considerablemente aos técnicos o traballo de aplicación, xa que unifica e modifica os tres regulamentos existentes anteriores, dous de carácter estatal e un de carácter autonómico, como é o Regulamento de xestión urbanística, que data do ano 1978; o Regulamento de planeamento urbanístico, que tamén é do mesmo ano; e o Regulamento de disciplina urbanística, que databa do ano 1999. É dicir, a nosa comunidade conta hoxe cun regulamento propio que vén substituír dous que levaban vixentes trinta e oito anos e outro que levaba vixente dezasete anos.

Posteriormente dotámonos de dúas ferramentas máis para axudar os concellos co seu planeamento, sobre todo a aqueles concellos que tiveran o planeamento anulado. Trátase da Lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, que permitiu o desenvolvemento de importantes proxectos que pola súa importancia económica e social non podían esperar á tramitación do novo planeamento urbanístico do concello, e

tamén do instrumento para a ordenación urbanística de carácter provisional. Se algún concello se ten beneficiado en concreto destas ferramentas é precisamente o Concello de Vigo.

Non nos conformamos co traballo feito ata o momento, por iso continuaremos este labor no eido urbanístico desenvolvendo novos instrumentos como é a nova Lei de ordenación do territorio. Unha vez realizada esa nova regulación integral urbanística da que falei —como é a Lei do solo e o seu regulamento—, cómpre agora mesmo renovar tamén unha lexislación, a de ordenación do territorio, que xa leva vinte anos de vixencia.

A redacción desta nova Lei de ordenación do territorio vai supoñer a actualización doutro alicerce sobre o que se asenta a planificación territorial do noso país, por canto que vai rexer a aprobación dos plans dos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, os plans territoriais integrados e os plans de ordenación do medio físico. A tramitación desta nova lei iniciárase neste ano 2018, e teremos, de feito, o borrador do texto no prazo dun mes dende agora.

Ademais desta lei, desenvolveremos outros dous novos instrumentos —nos que xa estamos traballando— de importancia vital tamén, que é o Plan básico autonómico e os plans básicos municipais. O Plan básico autonómico será aprobado definitivamente a mediados deste mesmo ano. Foi aprobado de xeito inicial polo Consello da Xunta o pasado mes de decembro, e actualmente atópase no período de información pública, en concreto, ata o 5 de marzo.

O noso obxectivo é garantir a participación real e efectiva de toda a cidadanía na súa elaboración. De feito, este mesmo venres, 26 de xaneiro, manteremos unha xornada de traballo —á que están convidados todos os concellos— para poñer en común as cuestións relativas a esta ferramenta urbanística. Se o Regulamento da Lei do solo aprobado o pasado ano substituíu outros tres regulamentos antigos — que estaban vixentes hai máis de trinta e oito e dezasete anos— este Plan básico autonómico non é menos importante, posto que fará o propio con aquilo que se coñece como normas subsidiarias provinciais, que datan do ano 1991; é dicir, vixentes dende hai vinte e seis anos.

Co Plan básico autonómico imos identificar deste xeito, e a través desta ferramenta, algo que é importante, que son os 38.700 núcleos que ten a nosa comunidade, e mesmo tamén identificaremos e traballaremos polo miúdo coas súas afeccións sectoriais. A identificación destes núcleos será a base da delimitación e categorización dos núcleos rurais e dos terreos que sexan clasificados como solo urbano consolidable polos plans básicos municipais, dos que logo falarei.

Ademais, o Plan básico autonómico recollerá —isto tamén é importante— todas as afeccións derivadas das lexislacións sectoriais dos diferentes núcleos; por exemplo, todas as relativas ás infraestruturas. Estou falando de temas sectoriais como estradas, portos, parques eólicos e instalacións de augas; en definitiva, as que xa coñecen. Deste xeito, este plan beneficiará a todos os concellos de Galicia, que contarán cun instrumento global que amose toda a información territorial relevante da nosa comunidade autónoma, pero moi especialmente a aqueles 49 concellos que aínda se rexen polas normativas provinciais do ano 1991 e aos 170 concellos que o fan polas normas subsidiarias municipais ou por PXOM que aínda a día de hoxe non están adaptados á Lei do solo.



Para que se dean conta do inxente labor que supón, direilles que este plan se plasma en 4.000 follas de tamaño A3, a unha escala 1/10.000. Cando se finalice, contaremos co máis completo diagnóstico que se fixo nunca da situación territorial de Galicia, cunha foto precisa do urbanismo da comunidade no ano 2018. Está realizado por capas, o cal vai facilitar a consulta específica, e estará dispoñible en formato dixital, o que nos permitirá a súa constante actualización e que sexa un elemento vivo e de carácter dinámico. Todos os cambios derivados de modificacións que poida haber de afeccións sectoriais, e mesmo tamén de aprobacións de instrumentos de ordenación de territorio, serán vinculados a este plan básico autonómico.

A figura dos plans básicos municipais, que está contemplada tamén na Lei do solo, está destinada especificamente para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non teñan a día de hoxe plan xeral, que actualmente son 49 os concellos da nosa comunidade. A Xunta quere facilitar o ordenamento urbanístico destes concellos, que son os que dispoñen de menos recursos económicos e de persoal, e para eles, e coa súa colaboración —e, por suposto, se eles así o deciden—, desenvolveremos os plans básicos municipais. Estes plans básicos entrarán no detalle, e así clasificarán o chan —algo que non fai o Plan básico autonómico— e establecerán as zonas onde se poida edificar e onde non; é dicir, o solo urbano consolidado, os núcleos rurais e o solo rústico.

Deste xeito, favorecerase a actividade económica nos pequenos concellos e farase coa máxima seguridade xurídica. Aínda non son unha realidade, pero xa a día de hoxe no Departamento da Dirección Xeral de Urbanismo cónstannos seis peticións expresas de seis concellos para que desenvolvamos, na medida do posible, estes plans básicos municipais. Estimamos así que a finais do ano 2019 teremos aprobados os primeiros plans básicos municipais, obviamente continuando a petición expresa e voluntaria que fagan os concellos de menos de 5.000 habitantes para podelos desenvolver a Xunta de Galicia.

Avanceilles o contido das novas ferramentas destinadas a garantir ese territorio ordenado e sostible, pezas que virán a fortalecer un marco normativo urbanístico cuxa gran bóveda é a Lei do solo e o seu regulamento. Estamos, polo tanto, nun camiño que nós entendemos que é sen retorno, pero polo bo camiño. E este goberno asume o compromiso de avanzar con propósito de garantir un territorio ordenado, capaz de trazar o futuro con criterio e tamén con garantías.

Toda esta ordenación legal responde a tres grandes obxectivos: que ningún concello da nosa comunidade estea sen PXOM. Así, nos últimos case nove anos téñense incrementado nun 190 % os concellos cun PXOM actualizado. No ano 2009, cando chegamos ao goberno, había 33 concellos con PXOM actualizado, e a día de hoxe hai 98 concellos en vigor. É dicir, este goberno ten aprobado 65 planeamentos, 7 deles nesta actual lexislatura, é dicir, en apenas un ano.

Tamén outro obxectivo deste regulamento é o desenvolvemento ordenado e sostible do noso medio rural. E o terceiro obxectivo é a protección da paisaxe, que nós entendemos merece un capítulo aparte.

Para a protección da paisaxe tamén estamos a dotarnos de instrumentos específicos. Xa foi no ano 2011 cando esta consellería puxo en marcha unha estratexia, que é a Estratexia da

paisaxe galega, para a posta en valor, protección e recuperación da paisaxe. Pero foi no ano 2014 cando esta estratexia galega foi obxecto dunha revisión, na que se incluía o Atlas da paisaxe de Galicia, formado polo Catálogo da paisaxe, que foi aprobado o pasado ano, e tamén as Directrices da paisaxe.

Seguimos dando pasos e aprobamos o pasado mes de novembro a reedición da Estratexia da paisaxe galega para os vindeiros tres anos. Neste ano 2018 destinaremos un orzamento de máis de 673.000 euros precisamente para o desenvolvemento desta estratexia.

Case catro son os obxectivos fundamentais que ten a estratexia. O primeiro de todo a gobernanza da paisaxe, a elaboración de ferramentas específicas para a súa xestión, a mellora e potenciación dos valores paisaxísticos da nosa comunidade e a concienciación sobre a nosa paisaxe.

Entre outras actuacións, e de cara a mellorar a gobernanza da paisaxe galega, acometeremos o desenvolvemento do regulamento da Lei de protección da paisaxe, algo que faremos neste mesmo ano. Comezaremos tamén a aplicar os instrumentos da xestión da paisaxe que nos quedan por aplicar, como son os plans de acción da paisaxe. Tamén levaremos a cabo a promoción dos primeiros pactos pola paisaxe e poñeremos en marcha o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.

Ademais elaboraremos, cada catro anos, o Plan de seguimento dos obxectivos de calidade paisaxística. Este informe incluirá os indicadores de calidade paisaxística contemplados xa nas Directrices da paisaxe e poderá, obviamente, incorporar outros, co fin de integrar os avances no coñecemento e a aparición de novas fontes de información. Por outra banda, tamén dentro deste plan se constituirán mesas, que son as mesas da paisaxe, co fin de crear foros nos que poidan estar representados todos os axentes vinculados á paisaxe.

Esta estratexia que elaboramos tamén recolle diferentes actuacións sectoriais de todo o goberno da Xunta de Galicia, pero que redundan na mellora da paisaxe urbana. Por exemplo, o Plan Urbe, a Lei de rehabilitación e renovación urbana ou as axudas para a rehabilitación e Plan de sendas de Galicia, que son doutras consellerías. Tamén, por exemplo, a mellora da paisaxe natural vai incluír os plans reitores de uso e xestión dos parques naturais e do parque nacional, que a día de hoxe xa están en tramitación; e, por exemplo, en relación coa paisaxe cultural, incluirá tamén a declaración das paisaxes culturais.

A todo isto hai que engadirlle tamén a potenciación dos lugares de especial interese paisaxístico, a través da posta en valor dos miradoiros de interese turístico, ou mesmo tamén da creación dunha rede de itinerarios de interese paisaxístico, establecida xa nas Directrices de ordenación do territorio. No deseño desta rede xa levamos traballando o último ano, e presentaremos un borrador desta rede nos próximos meses. Un punto importante desta nova etapa será o recoñecemento do papel activo que, sen dúbida ningunha, debe xogar a cidadanía na definición destas políticas, das políticas públicas sobre a paisaxe, e a necesidade de adaptar estas ao seu carácter dinámico, polo que serán sometidas a procesos participativos.

Así, unha das novas iniciativas no ámbito de formación é precisamente a aplicación, e existirá na nosa comunidade por primeira vez, nas nosas universidades, o Grao interuniversi-



tario de Paisaxe. Mentres que no campo da divulgación, daremos novos pasos como a organización de exposicións, convocatoria de concursos sobre a paisaxe e mesmo tamén a creación dunha web ou un repositorio da paisaxe galega.

Grazas a esta nova planificación, daremos continuidade a todo o traballo realizado nos últimos anos, que deu como froito a aprobación do Catálogo da paisaxe, o inicio da tramitación das Directrices da paisaxe e a elaboración de seis guías, dúas delas publicadas recentemente, e unha que quero destacar especialmente, a Guía de cor e materiais; a anterior foi a Guía de valados.

Como xa dixen anteriormente, no ano 2018 acometeremos a posta en marcha de medidas concretas sobre a paisaxe, iniciando o deseño de plans e proxectos concretos de mellora paisaxística, e mesmo agora estamos estudando as zonas que son máis axeitadas para estas actuacións. É dicir, estamos valorando levar adiante dous proxectos piloto que temos enriba da mesa: un pertencente a un núcleo rural e outro a unha zona urbana. Do mesmo xeito tamén levaremos un destes proxectos de xeito que se correspondan cunha zona de gran valor paisaxístico que poidamos mellorar e potenciar, por unha banda, e tamén e outro dunha zona paisaxística degradada; é dicir, que a día de hoxe se atope degradada paisaxisticamente. No primeiro caso, estase estudando o ámbito dun núcleo rural no que concorran grandes valores culturais e naturais. E no segundo, estamos analizando varios ámbitos urbanos nos que a degradación paisaxística se deba a diferentes causas.

O pasado xullo presentabamos a Guía de caracterización e integración paisaxística de valados. Esta publicación enmárcase nunha das liñas operativas que xa ten descrita esta estratexia da que estamos a falar: a Estratexia da paisaxe galega. En concreto, a orientada á elaboración de guías e manuais de boas prácticas para a integración paisaxística das distintas actuacións sobre o territorio.

O obxectivo fundamental deste documento é proporcionar, ademais dos criterios de integración paisaxística, os contidos e todos os recursos necesarios para que a construción dos novos valados, e todas as posibles accións de mellora sobre os existentes, se realice dun xeito coherente coa paisaxe na que se insiren. A Consellería, a través do Instituto de Estudos do Territorio, seguirá os criterios desta guía sobre todo á hora de emitir os informes sectoriais en materia de paisaxe; tamén cando teña que informar sobre os PXOM, momento no que se lembrará aos concellos a existencia destes criterios para os valados.

A última publicación de referencia no ámbito da paisaxe é a Guía de cor e materiais da nosa comunidade, que foi presentada en outubro. O catálogo da paisaxe de Galicia dividiu o noso territorio en doce grandes áreas paisaxísticas. Estas doce grandes áreas paisaxísticas foron as que serviron de base para a organización do traballo da Guía de cor e materiais de Galicia; un traballo feito a través de dous convenios en colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Neste traballo analizáronse preto de 3.800 edificacións en núcleos urbanos, periurbanos e núcleos rurais, solo rústico e polígonos industriais. A finalidade deste traballo, desta Guía de cor e materiais, non é outra que proporcionar unha serie de criterios e directrices técnicas,

científicas e obxectivas que regulen o emprego da cor e dos materiais de revestimentos arquitectónicos nas paisaxes urbanas, rururbanas e rurais das doce grandes áreas paisaxísticas de Galicia.

Queremos así ofrecer criterios orientados a asegurar unhas boas condicións de integración paisaxística, tanto nas obras de rehabilitación ou de reforma de edificacións existentes como tamén en novas obras. Os destinatarios desta guía son, en primeiro lugar, os cidadáns, aqueles que desexen actuar sobre as súas edificacións, e tamén servirá de axuda aos técnicos redactores de proxectos e será un instrumento de traballo para os técnicos das administracións, e, á súa vez, fundamento para que os plans urbanísticos, os instrumentos de ordenación do territorio e os plans de cor específica poidan desenvolverse mellor.

A edición dixital desta guía está á disposición xa mesmo para todos os galegos. Posteriormente editáronse exemplares impresos desta guía, que fisicamente consta de catorce tomos. Tras a presentación pública da guía en outubro, en novembro mantivemos reunións cos colectivos profesionais máis relacionados, coa Fegamp e cos colexios oficiais de arquitectos e enxeñeiros técnicos, para explicarlles a guía e recibir tamén as súas achegas. En decembro realizouse unha xornada destinada aos técnicos da Administración local, co fin de explicarlles a guía dende unha perspectiva técnica e tamén co fin de recoller a súa opinión a través dunha enquisa e de debate.

Coa de cores e materiais, contamos xa a día de hoxe con seis guías. Haberá máis, xa están contratado o traballo para a elaboración dunha guía de estudos da paisaxe, neste caso da paisaxe urbana, que vai servir para coñecer o contido que deben de ter todos os estudos que avalíen a paisaxe urbana. En novembro do ano 2017 finalizamos o primeiro borrador desta guía, que incluía a introdución do esquema do que será a futura guía. Tamén estamos traballando en dúas novas guías, que é a Guía de boas prácticas paisaxísticas no sector forestal e a Guía de boas prácticas paisaxísticas para actividades mineiras e extractivas. Empezaremos a elaborar estas dúas guías neste mesmo ano.

Non é un proxecto, senón que está en desenvolvemento, outro instrumento fundamental para a protección da paisaxe, que son as Directrices da paisaxe. É unha ferramenta —como dixen antes—, xunto co Catálogo da paisaxe e a Guía de cores, que completará os instrumentos de xestión da paisaxe para a totalidade do territorio galego. Superadas xa as fases de consulta e emitido o correspondente informe ambiental e estratéxico, en breve procederemos á exposición pública destas directrices para que poidan ser aprobadas neste mesmo ano 2018. Sen ningunha dúbida, a aprobación das Directrices da paisaxe de Galicia será un fito dentro da Estratexia galega da paisaxe da que estamos a falar.

Outro fito é, dentro desta estratexia, o desenvolvemento da infraestrutura verde. Como saben, a Comisión Europea está a desenvolver a Estratexia para unha infraestrutura verde europea, definida como un concepto que integra a conectividade dos ecosistemas, a protección e provisión dos servizos ecosistémicos e a mitigación e adaptación ao cambio climático.

A Estratexia de infraestrutura verde europea ten como obxectivo crear ese marco robusto e propicio para fomentar e facilitar os proxectos de infraestrutura verde mediante os instru-

mentos de financiamento, instrumentos políticos e xurídicos existentes. Para isto a Unión Europea está a reforzar a integración en aspectos relacionados coa infraestrutura verde en varios programas que xa ten en funcionamento para o seu financiamento.

Nós, dende o Goberno galego, queremos estar á vangarda, por iso xa temos un proxecto, que é o deseño da I Estratexia de infraestrutura verde de Galicia. Adiantámonos así a un futuro requirimento que nos fará Europa, ou mesmo tamén que nos fará España. Somos das poucas comunidades autónomas que a día de hoxe deron un paso neste sentido, e, de feito, somos das que máis avanzamos, xunto co País Vasco e con Cataluña e mesmo tamén a Comunidade Valenciana.

A finalidade é desenvolver a I Estratexia de infraestrutura verde de Galicia, coa que crear unha rede interconectada de espazos verdes e outros elementos ambientais que conserven as funcións dos ecosistemas naturais. É dicir, crear unha ferramenta de eficacia probada que aporte beneficios a todos nós de tres tipos: beneficios ecolóxicos, como é a conservación da biodiversidade, a adaptación ao cambio climático, a redución dos riscos dos desastres naturais, a regulación hídrica ou mesmo tamén a produción e a seguridade alimentaria; beneficios sociais, como é a provisión de espazos atractivos para o ocio e o turismo; e beneficios económicos, como é a xeración de emprego, o incremento do prezo das propiedades e tamén a redución dos custos por danos. O deseño desta I Estratexia de infraestrutura verde de Galicia rematarase tamén neste ano.

En definitiva, señorías, dende a Xunta estamos a traballar con determinación para consolidar a nosa comunidade como un referente en materia de paisaxe e ordenación do territorio. Ese continuará sendo un dos nosos principais retos ao longo da actual lexislatura. As paisaxes son unha das cousas máis importantes que temos na nosa comunidade, e seguramente pola que máis se nos distingue. As paisaxes forman parte do que somos, do noso presente, pero tamén é moi importante que sigan a formar parte do noso futuro, e por iso é imprescindible protexelas, conservalas e darlles a importancia que merecen.

Este é un traballo de todos, non só das administracións públicas, pero, por suposto, dende a Xunta de Galicia temos a obriga e o deber de poñer o marco axeitado para que isto se cumpra. Por iso, levamos preto de nove anos creando ese novo modelo de urbanismo, de ordenación do territorio e de protección da paisaxe. En definitiva, estamos a implementar un novo marco, un novo paradigma, para situar a nosa comunidade á vangarda do coidado e da protección do noso territorio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día, señora conselleira. Non sei se coñece vostede o colectivo poético Ronseltz, que vostede é da quinta do 65, somos da mesma quinta. Non sei se estudou

aquí ou estudou no País Vasco, porque vin que naceu en Baracaldo. (*A señora Mato Otero pronuncia palabras que non se perciben.*) No País Vasco. Entón non puido desfrutar deste maravilloso sistema educativo galego e do estudo da lingua e da literatura galega. Pero había un colectivo poético nos ano oitenta, na Coruña ademais, que se chamaba Ronseltz e que se dedicaba a un tipo de poesía vangardista, rupturista, punk, e publicou un poema no que dicían: «Todo na miña terra é paisaxe menos traxe, paxe e garaxe.» (*Risos.*)

Efectivamente, todo na nosa terra é paisaxe, máis alá do xogo poético. A verdade é que a paisaxe é parte fundamental da nosa identidade e da vida das persoas no noso país. Todo é paisaxe: o mar, os ríos, a terra, a auga, o ar, a chuvia, o monte, a cidade, a aldea. Ademais en Galiza, por esa multitude —como dixo vostede— de núcleos de poboación, é unha paisaxe profundamente vivida, humanizada, transformada.

E tamén a flora e a fauna é paisaxe, e tamén o raposo é paisaxe. Por iso, queremos denunciar hoxe aquí, neste debate sobre a paisaxe, a masacre de raposos que se produciu nas pasadas semanas —iso tamén é paisaxe— e que se produce cada ano en Galiza por puro divertimento, porque se disfrazada como competición deportiva unha auténtica masacre que consiste en cazar o maior número posible de raposos no menor tempo posible. E isto, que é unha barbaridade, ademais consentido, promovido e apoiado pola Xunta de Galiza e pola súa consellería, que ten, entre outras cousas, un convenio coa Federación Galega de Caza. E nós, desde logo, desde o BNG, non queremos —e tiñamos que dicilo aquí— esta paisaxe e as imaxes que vimos esta fin de semana. Non queremos estes actos de barbarie e estas matanzas.

Está moi ben a Lei de benestar animal, pero despois a realidade é a realidade, e agora estamos vendo tamén como se están promovendo competicións de tiro ao pombo, cando dicían vostedes no debate da lei que non se ían permitir ese tipo de probas. Está moi ben, pero a realidade é a realidade.

Vostede falounos aquí, basicamente, eu creo que de todo o que non fixeron ou que deixaron de facer, o que fixeron mal, o que teñen que estar remendando e corrixindo permanentemente. Falounos da Lei do solo, pero a Lei do solo xa experimentou en pouco máis dun ano catro modificacións no seu texto, algunhas delas vía Lei de acompañamento dos orzamentos, basicamente porque estamos instalados na inseguridade, na provisionalidade e nos parches. E esas modificacións legais, no fondo, son para intentar saltarse o cumprimento de sentenzas xudiciais a respecto dos plans urbanísticos. Saben perfectamente que a raíz das sentenzas de Ourense, e sobre todo de Vigo, tiveron que improvisar —porque estamos na improvisación— normas urbanísticas para intentar buscarlle unha saída a situacións que realmente eran, desde logo, de máxima urxencia. Pero esa non é a maneira de ordenar e planificar o territorio.

Polo tanto, estamos ante a construción dun fracaso, como todo o que dixo vostede a respecto dos plans urbanísticos municipais e desta normativa tamén, que tiveron que improvisar precisamente para intentar saltar o desbaraxuste que é a planificación e a tramitación dos plans urbanísticos, que son interminábeis e que son unha auténtica marabunta de informes sectoriais que ningún concello, ou moi poucos concellos, son capaces de sacar adiante.

E claro, está moi ben a paisaxe idealizada, a paisaxe bucólica, pero despois está a paisaxe real, a paisaxe tamén da que falan vostedes nos seus documentos. Logo da ratificación do Convenio europeo da paisaxe, a realidade é que na última década, e despois, sobre todo, da aprobación da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galiza —por certo, 2008, non esquezan a data—, a verdade é que se deron pasos: elaborar normas, catálogos, estratexias sobre a paisaxe, lentos e tardíos, mais fóronse dando algúns pasos. O que toca agora, polo tanto, é facer balance destes anos, un balance que nós, desde logo, pensamos que ten que ser moi crítico, e tamén facer propostas para ao futuro. Nesta primeira intervención centrareime máis no balance e na segunda procuraremos tamén traer aquí algunhas propostas de futuro.

Nestes dez anos, témoslle que dicir que hai moitas asignaturas pendentes, e veuno confirmar, ademais, vostede aquí na súa intervención. Hai asignaturas pendentes como, por exemplo, as Directrices da paisaxe, que aínda están en proceso de tramitación despois de dez anos.

Algo moi importante, señora conselleira, os estudos de impacto e integración paisaxística que se refiren ás áreas de especial interese paisaxístico. Vostede aquí presentounos dúas experiencias piloto, pero a realidade é que hai moito máis traballo que facer, porque os ámbitos de especial atención paisaxística refírense precisamente ao principal problema que temos no país, que son as áreas degradadas, as áreas sometidas a impactos moi grandes, como, por exemplo, as paisaxes urbanas degradadas, as afectadas por liñas eléctricas de alta tensión, por explotacións mineiras, canteiras ou extraccións de áridos, as áreas degradadas por outros impactos, as actividades industriais mal integradas na paisaxe, as zoas abandonadas e as repoboacións forestais con especies alóctonas. Iso está no catálogo da paisaxe, a iso é ao que se tiñan que ter dedicado neste tempo, e non permitir toda a desfeita que se foi producindo no país en todos estes ámbitos. E agora vostedes quéreno resolver con dúas guías de boas prácticas.

Unha guía de boas prácticas sobre explotacións forestais. Que nos veñan dicir agora que queren facer unha guía de boas prácticas con toda a desfeita que estiveron permitindo no noso monte. Ou unha guía de boas prácticas sobre a minería, co que están permitindo tamén a respecto da megaminería, a non ser que llelo paremos ou que llo pare a cidadanía con mobilizacións ou nos tribunais. Polo tanto, iso está todo pendente, e non se resolve con esas dúas guías de boas prácticas —que xa veremos o que son— que nos presentaron aquí.

Estanse a facer os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas; por certo, áreas protexidas. As accións de sensibilización, formación, educación e concertación teñen aínda tamén moitas asignaturas pendentes, entre elas, a posta en práctica dunha asignatura, precisamente, en todos os ciclos educativos da materia da paisaxe, e tiñan vostedes unha magnífica oportunidade porque se desenvolveu e se está a desenvolver neste país un proxecto pioneiro como é o proxecto Terra, que sentaba as bases, precisamente, dun traballo serio, sistemático, rigoroso e modélico neste ámbito promovido polo Colexio de arquitectos.

Estanse a facer os pactos da paisaxe. Levamos dez anos de aprobación da lei e non hai nin o primeiro pacto arredor da paisaxe. Estanse a facer acordos voluntarios nas áreas de especial interese paisaxístico, porque non se delimitaron nin se atacou a resolución deste problema das áreas de especial interese paisaxístico, e son toda a listaxe de desgrazas que lles lin antes.



Están sen desenvolver tamén os regulamentos da lei. Dez anos despois, vostedes veñen dicirnos que van facer o regulamento e desenvolvemento da lei. Pero, ¿que é isto?, ¿que estiveron facendo en todos estes nove anos que levan gobernando? É dicir, vostede veunos aquí constatar o fracaso e o incumprimento de todo o establecido na Lei de protección da paisaxe. (*Aplausos.*)

Está sen crear o Consello Asesor da Paisaxe de Galiza a estas alturas, cando tamén estaba previsto na lei. O que fixeron basicamente vostedes é... ben, fixeron un catálogo. Non lles negamos o inxente traballo que hai detrás dese catálogo e o traballo que realiza o Instituto de Estudos do Territorio, pero o que están facendo é meter a paisaxe en vitrinas nun museo, e, desde logo, o que queremos, o que se necesita, non é meter a paisaxe en catálogos, en vitrinas e en museos, senón medidas proactivas, e o que houbo foron moitas medidas progresivas.

Nas últimas décadas produciuse un xigantesco proceso de destrución e deterioración da paisaxe moitas veces consentida e alentada polo Goberno. E non o dicimos nós, dino vostedes no propio Plan director de turismo de Galiza para os anos 2015-2020. Dino aí claramente: a principal ameaza que temos é a deterioración da paisaxe e o patrimonio. Polo tanto, non veña aquí dicirnos que queren ser unha referencia mundial, que é unha frase, un tópico, que nos repite aquí cada vez que vén falar de algo, que queren ser unha referencia, os máis avanzados, os mellores do mundo, de Europa, coa Lei de benestar animal, cando a realidade é que a paisaxe, o patrimonio, están profundamente afectados en Galiza e ameazados, como di o seu propio Plan director de turismo.

Claro, vostedes teñen a gran virtude de converter esa devastación nun reclamo turístico, e atrevéronse a facer a promoción (*Aplausos.*) dunhas balsas de lodos tóxicos das minas de Neme como un atractivo turístico do país. Claro, ¡así calquera! Vostedes fan da necesidade virtude. Son realmente unhas fenómenas e uns fenómenos.

Podemos poñer aquí moitísimos máis exemplos de agresións a paisaxe. Teño pouco tempo, pero gustaríame falar da principal agresión que temos á nosa paisaxe, que é toda a política forestal que fixeron ao longo destas décadas, e os datos están aí. E non lle vou falar máis que dun exemplo.

Mire, non sei se coñece esta paisaxe, señora conselleira, é o Pedregal de Irimia, un lugar que debía ser un lugar sagrado da nosa paisaxe e que está sendo sometido a estas agresións; a unha plantación de eucaliptos. Xa lle preguntou aquí no pleno o noso compañeiro Mini Rivas por este tema hai máis dun ano. Vostede comprometeuse a preocuparse por esa cuestión, e nada, ¡cero patatero! Non deron nin o primeiro paso para protexer (*Aplausos.*) este espazo simbólico tan importante no noso país.

Non lle vou falar xa de como están os espazos naturais protexidos, das asignaturas pendentas que temos a este respecto. Vostede anúncianos de novo os plans reitores de uso e xestión, pero levamos 25 anos con espazos naturais protexidos e non se fixo practicamente nada. A megaminería quérena resolver agora, con todo o que están promovendo vostedes coa Lei de depredación, cunha guía de boas prácticas. Está o impacto das infraestruturas, do AVE e da AP-9, en Chapela, por exemplo; dos macrocentros comerciais...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...da situación do mar, das rías, do litoral.

Voulle poñer dous exemplos a respecto do litoral. Vostedes fixeron todo o posible e o imposible por permitir, contra o establecido no POL... Está moi ben facer as Directrices de ordenación do territorio e o POL, pero vostedes permitiron e están permitindo a permanencia de Ence-Elnosa en terreos públicos, en terreos de dominio público gañados ao mar, no que é un grande impacto urbanístico-ambiental, e en contra do establecido no POL previa a recuperación deses terreos. Ou esa barbaridade que pretenden perpetrar agora, de construción dun campo de golf nos terreos de Baredo, tamén nunha área de protección paisaxística. E así sucesivamente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Deixo para a segunda intervención algunhas propostas de futuro que creo que podemos acordar. En todo caso, pedímoslle un cambio de rumbo, non queda outra. Hai grandes riscos para a vida, para a diversidade, para a saúde, para o benestar, e hai que actuar con respecto pola natureza, polo territorio, polo medio, con rigor, con coherencia e construíndo acordos.

Cambien, polo tanto, o rumbo, señora conselleira.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Bos días a todas e todos.

Señora conselleira, grazas pola súa comparecencia.

O certo é que hai tempo que se botaba en falla neste Parlamento a exposición das liñas de traballo no que respecta á ordenación territorial e á paisaxe, como tamén se lle botaba en falla a vostede, señora Mato, agradecendo que fixera un oco na súa axenda coruñesa que parece que ultimamente tan ocupada a ten. *(Aplausos.)*

Non sabemos se esta demora en facelo ten algo que ver con ese posible cambio de prioridades nas súas responsabilidades. O certo é que nós sentimos certo abandono.

Entenda que polas competencias da súa consellería eu a vexa a vostede como a gran directora de orquestra que debería ser dentro da planificación política de Galicia, e sen embargo o que estamos a presenciar é como aquí cada músico co que vostede conta, cada instrumento, vai a un compás diferente. Uns van a un ritmo máis rápido, como recentemente demostrou a AGI cos seus estudos de delimitación de treitos urbanos do solo de núcleo rural na rede au-

tonómica de estradas, indo por diante da súa consellería e afectando incluso ás súas competencias. E outros van por detrás, como é a Xestur e a política industrial galega, ou a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, carentes de ambición a unha e de coordinación e prioridades na planificación a outra. E o resultado de tanto descompás, de tanta arritmia, é que non se adiviña nin se entende o que están tratando de interpretar.

Se vostede —enténdame ben— non senta as bases e o xogo da planificación territorial na que o resto de consellerías teñen que desenrolarse, o que estamos a presenciar é unha condena e parálise do progreso de Galicia.

Por moito que exista e se trate de impulsar, por poñerlle un exemplo, o emprendemento, se estes proxectos que saen adiante non atopan solo industrial no que desenrolarse, equipamentos e servizos suficientes no rural, rede de comunicacións viarias áxiles e viables, se todo ese conxunto de cousas non se favorecen, o que presenciaremos é a marcha cara a outras áreas xeográficas que si propician o seu desenrolo, e con eles a man de obra, o talento, a poboación.

Eu lle pregunto, ¿como están a traballar con todo ese territorio do rural que está ano tras ano perdendo poboación, actividade e servizos? Segundo datos que se refiren ao 2016, a maior caída da poboación rural en España está a acontecer en Galicia. ¿Onde está esa posta en marcha das Directrices de ordenación do territorio?

Aprobadas no 2011, veñen acompañadas dun plan de comisión de seguimento das mesmas. ¿Cal é a valoración que fan da súa aplicación? Como se explica que en sete anos só se emitisen tres informes, e que o terceiro, emitido en decembro do 2016, non conte con valores en moitos dos indicadores analizados?

¿Como se explica tamén que en moitas das infraestruturas que tiñan que axudar a vertebrar o territorio, contribuír a asentar a poboación e a mellorar a competitividade do rural, sigan a ser proxectos no papel? ¿Onde está o porto seco de Monforte? ¿Onde a autovía de Santiago a Carballo? ¿Onde a VAC costa norte? ¿E onde a chegada da banda larga ao rural? Segundo o propio Ministerio de Enerxía, as catro provincias galegas están na cola en cobertura de banda larga en conexión en 10 megabits.

A apreciación que temos dende o Partido Socialista é que a día de hoxe na ordenación do territorio galego nin se vislumbra a batuta que dirixe nin se coñece a partitura que se quere interpretar. (*Aplausos.*) E mentres intentan ver por onde tirar, os datos que non interesan non os contan, é así de sinxelo. Que un ano ven vostedes que a tendencia ao aumento das vivendas baleiras en Galicia é de 70.000, pois ao ano seguinte non o contan e listo.

No 2015, un 20 % das vivendas dos concellos de Galicia estaban baleiras, un 20 %. E 3.562 núcleos son os abandonados no 2015. Para vostedes ese dato parece non ter importancia e non merece de seguimento, pero para os socialistas é un dos indicadores máis claros de que a merma de poboación e de abandono do rural é cada vez máis un dos problemas máis importantes que afronta Galicia e para o que vostedes parecen non ter unha clara resposta.



Contan con moitos recursos, iso si, que non todo é disonancia. Mentres non se poñen de acordo sobre o importante e sobre cal é o modelo de Galicia ao que aspiran, empregan o tempo en facer estudos, en facer guías, protocolos, informes. Ben é certo que, dende que comezou a crise, tiveron tempo suficiente para a posta en marcha de moitas destas iniciativas, a maior parte delas de recente posta en marcha, pero tamén é certo que mellor tarde que nunca.

A Colección paisaxe galega, así a denominan vostedes, permítanme o símil, pero o certo é que o nome asemella ao dunha colección de cromos, ou daquelas maravillosas enciclopedias do anos oitenta que se vendían a pé de rúa. Con isto non pretendo desprestixialas, ¡nada máis lonxe!, o que sinalo é que, igual que os cromos ou as enciclopedias son obxectos a día de hoxe practicamente contemplativos e incluso decorativos, estas guías tamén adolecen de algo parecido.

Non consideramos que sexa negativa a súa elaboración, cremos que é un traballo interesante, de verdade, necesario e útil, o que ocorre é que somos da opinión de que a súa elaboración debería ir dirixida a un fin claro e práctico, e vostede sabe que polo de agora son soamente iso: guías para o coñecemento de boas prácticas e de emprego voluntario.

En manifestación súas, de feito valoraba a posibilidade de converter estas guías en obrigatorias, pero deste tema nada se soubo. Gustaríanos saber se é esa a súa intención, e que a poder ser nolo aclare hoxe mesmo.

Guías que chocan, ademais, cos planeamentos municipais. Lexislar e recomendar son verbos que distan moito un do outro. Cunha política do solo que entendeu o chan durante anos coma un ben especulativo, que a día de hoxe se pretenda cambiar o modelo a base de recomendacións, é cando menos sorprendente.

Para convencer coa recomendación hai que ser primeiramente exemplar, e o Partido Popular, exemplar, exemplar, xa en moitas cousas non o é, ¡pero en urbanismo moitísimo menos!

Descúlpeme, señora conselleira, pero non se pode apelar á cidadanía cunha política de respecto á paisaxe cando por outro lado se fixo a vista gorda á destrución da mesma durante anos desde esta mesma consellería, desde este mesmo partido de goberno. A súa credibilidade e a deste Goberno, nese sentido, está seriamente tocada, por non dicir afundida.

Falouse e fálase moito do feísmo en Galicia, e curiosamente moitos dos argumentos que o explican, así como algunha campaña, pon o foco nos galegos e nas galegas como culpables últimos. Eu téño claro, nun equipo deportivo no que se estipule o uso dun equipamento, non haberá xogador ou xogadora que transgrida esta decisión se existe unha dirección de equipo firme e clara, e se ademais se entende que ese equipamento forma parte da imaxe que se proxecta de orgullo de equipo.

O feísmo é, ante todo, señora conselleira, unha falta de harmonía, vostede o dixo antes. E a harmonía apórtaa, como dicíamos antes, un bo director de orquestra. Non vexamos o problema na anécdota, senón naquilo que favorece á anécdota, porque non todo o que se tilda

de feísmo agride a paisaxe. Son moitos casos ousados exemplos de reinterpretación das arquitecturas e dos materiais, e froito das eivas dos planeamentos, das trampas normativas.

Non serei eu quen faga hoxe unha disertación sobre este termo, pero si quen poña o acento en que o denominado feísmo non se combate co bonitismo. Sexamos cautelosos, porque o bonitismo tiraríase por terra algún dos exemplos da arquitectura contemporánea mellores da comunidade, como a Casa Domínguez, de Alejandro de la Sota, ou o Refuxio da Roiba, de Vázquez Molezún, en Bueu; arquitecturas con sensibilidade, sensatas e, sobre todo, funcionais.

O recente catálogo de cores e materiais impediría a construción destes dous grandes exemplos de arquitectura contemporánea, por tanto, non arranxemos unha consecuencia con outra, vaíamos ás causas.

E igual que dixen cautelosos, digo que sexamos equilibrados. Non prediquemos unha política sensible coa paisaxe cando durante anos vostedes mesmos promoveron e apostaron pola agresión do litoral en concellos tan paradigmáticos como o de Sanxenxo, ao mando do señor Telmo Martín, ou o acontecido en Barreiros.

Exemplos que sacan as cores a todos os galegos e as galegas e que ademais alimentaron o desequilibrio territorial, permitíndose desenrols nuns concellos que noutros se denegaban. E voulle poñer un símil. ¿Vostede se imaxina a un noruego que teña que organizar unha campaña de turismo no seu país? ¿Cre que ten moito problema para atopar instantáneas que representen a súa terra? ¿Cre que iso é fácil en Galicia? Eu podo dicirlle que moitos dos galegos e galegas, cando vendemos —entre comiñas— a nosa terra, temos un sentimento de vergoña instaurado porque somos conscientes da desfeita que aquí se fixo. E que esas imaxes das campañas do Fitur son nesgos do que debería ser Galicia enteira a día de hoxe: unha terra rica en recursos naturais, ambientais e culturais, pero por mágoa non é así, e vostedes son plenamente conscientes.

Foi precisamente esa falla de planificación e de equilibrio na forma de afrontar a ordenación do territorio a que levou a moitos galegos e galegas a aferrarse á idea tan perigosa e que tanto dano fixo de que: se uns poden facer alí, nós tamén aquí.

E sinto insistir, señora conselleira, pero o xerme dese pensamento xestouse especialmente cos seus gobernos e con moitas das actuacións urbanísticas permitidas polos seus alcaldes e alcaldesas e amparadas pola Xunta de Galicia. Ese dano xa está feito, e levará anos, moitos máis anos, recuperar a implicación e a confianza da xente.

Deixen tamén de alimentar a traxedia territorial, aquela que ante a ineficacia dos instrumentos de xestión urbanística provocou, por exemplo, que garderías, escolas ou centros de saúde aparecesen —como están a día de hoxe— nos cumios dos montes, co conseguinte sobrecusto de servizos. Poñan o seu esforzo en parala, deixen de culpabilizar os cidadáns desa situación e acudan á orixe do problema.

Un Goberno que sanciona as consecuencias e non atalla a orixe das causas é un Goberno que adolece de falla de dirección política, porque medidas como a posta en marcha no 2011 do

Plan de ordenación do litoral foi, sen dúbida, unha ferramenta moi necesaria e demandada, pero tristemente chegou tarde. Veu protexer o que xa estaba altamente danado.

O señor Feijóo en outubro do pasado ano falounos da posta en marcha de diversas accións en relación coa paisaxe que vostede hoxe tamén comentou: do Plan de seguimento dos obxectivos da calidade paisaxística, da constitución das mesas da paisaxe, da intención de aprobar as Directrices da paisaxe, así como do desenrolo regulamentario da Lei de protección da paisaxe. Parecer parécenos ben, o que nos deixa un pouco pasmados é que o anuncian nove anos despois da posta en marcha da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia. Repito, moita prása no compromiso coa paisaxe galega entendo que non están a demostrar.

E, señora conselleira, xa para rematar, nós podemos entender iso de *despaciño e con boa letra*, pero no seu caso chegou o momento de aportar algo máis ao seu papel de directora do territorio: imprimir o *crescendo* que Galicia precisa, e pasar do *piano pianissimo* destes anos ao *forte fortissimo* que demanda o futuro de Galicia.

Polo momento, nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, señora conselleira, grazas por vir aquí para que poidamos falar de paisaxe e de ordenación de territorio. Baixo o noso punto de vista non é tan transcendente o que vostede nos poida contar nesta intervención, xa sabemos da pouca credibilidade que teñen as súas propostas, e dúas cuestión tremendamente importantes neste momento, como o Plan seca ou a estratexia contra o cambio climático dan boa conta diso. Vostede vendeu estes dous produtos unha e outra vez e seguimos sen ter ningún avance, cando menos ningún avance importante. Se fora así, podería dicilo na súa réplica, pero non é así.

Vostede vén aquí colocar titulares, como vén facer sempre, e neste momento para preparar a súa campaña municipal, que, vendo os resultados da súa consellería, parece que é ao único que vostede lle adica algo de tempo.

Pero grazas igualmente, porque que vostede veña aquí sérvenos para que poidamos falar con vostede de paisaxe e de ordenación do territorio, principalmente das políticas depredadoras da paisaxe e da desordenación do territorio do Partido Popular; desas das que vostede non quere falar, pero das que hai que falar. Polo tanto, nós imos facer o noso traballo como grupo da oposición, e a verdade é que sen ningunha esperanza de que vostedes fagan o seu no Goberno.

Se falamos de ordenación do territorio, temos que dicir que o Partido Popular, e polo tanto o Goberno, renunciou a plantexar un criterio de ordenación para Galicia. Ocultou baixo unha maraña

normativa de carácter absolutamente chapuceiro unha intención desregularizadora e de control que deixa á iniciativa privada a decisión sobre a ordenación, o urbanismo e o medio ambiente en Galicia. Un exemplo desta chapuza é a Lei do solo de Galicia do 2016 que vostede veu aquí glorificar; unha chapuza que en apenas un ano sufriu ata cinco modificacións de distinta índole.

Vostedes son incapaces de implementar medidas serias e estables no tempo, proporcionando unha inseguridade xurídica propia de gobernos caciquís e unha diarrea lexislativa en termos de ordenación que provoca inseguridade xurídica. Vostedes non teñen plan de país, os seus anuncios, señora conselleira, non teñen ningunha credibilidade.

Vostedes mudan as regras de xogo cada quince días en función dos intereses que pretendan protexer en cada momento, que tristemente e rara vez son os intereses da cidadanía. Señora conselleira, explíquenos por que adían a aprobación das directrices da Lei da paisaxe de Galicia, que leva dez anos, e anuncia hoxe que van tramitala. Quizais sexa porque están vostedes nunha política de feitos consumados, por exemplo, no sector eólico, de proxectos que podían colisionar con estas directrices. ¿Que vai pasar cando xa estean instalados, por exemplo, os proxectos eólicos de Laxe? Podería ser que estas directrices fosen contrarias á súa instalación e que xa estea feito.

Vostedes aplican o criterio de políticas de feitos consumados, as políticas de desordenación do territorio, as políticas do saqueo do territorio. O seu Goberno ten renunciado e cedido á iniciativa privada, sobre todo das grandes empresas e industrias, as decisións en materia de ordenación territorial, xa que a nova Lei do solo, a lei de depredación de Galicia, ou o proxecto de lei de rehabilitación, antepoñen os intereses privados á ordenación pública do país, deixando esta última como subsidiaria da iniciativa privada.

Galicia debe exercer de forma máis activa as súas competencias en termos de ordenación do territorio, e vostedes non poden ofrecer solucións porque vostedes, evidentemente, son o problema.

O Goberno debe aproveitar as vantaxes da cooperación intermunicipal e non torpedear, como fai, dependendo da cor dos gobernos municipais de turno.

O PP ten convertido Galicia nunha enorme zona franca, todo ao servizo das grandes empresas: vidas e dereitos dos traballadores incluídos, precariedade laboral e suspensión cautelar de todo dereito, capacidade de información e defensa da cidadanía do común.

Quérolle falar dalgún dos problemas paisaxísticos, dalgunhas cuestións das que xa temos debatido durante o último ano e de distintos debates que temos neste momento enriba da mesa, que supoñen unha terrible agresión paisaxística e do que vostede non quixo falar. Pero nós si que imos falar e imos cumprir coa nosa obriga, a ver se vostedes teñen algún tipo de solución para estes problemas. Xa lle digo que entendo que non, porque vostedes son quen xeran estes problemas.

Neste Parlamento xa coñecemos ben as súas políticas de paisaxe. Xa llo ensinaron, foi resumida hai ben pouco tempo cunha foto moi elocuente, a do monte Neme. Isto é o monte Neme; para falar de paisaxe as imaxes axudan moito, ¿verdade, señora conselleira?

Nesta foto que o Partido Popular pretendeu empregar para atraer o turismo a Galicia aparece unha balsa de residuos tóxicos. A imaxe é moi impactante, e quizais non sexa a mellor foto para atraer visitas á nosa terra, pero temos que recoñecer que fai gala dunha honestidade brutal por parte do Partido Popular. (*Aplausos.*) Pois este é o presente e futuro que vostedes ofrecen para a paisaxe de Galicia.

O monte Neme é un claro exemplo das políticas depredadoras do Partido Popular, do neoliberalismo de amiguetes que ten como único obxectivo o enriquecemento duns poucos a costa de todos, destruindo a nosa economía, o noso ambiente e tamén a nosa paisaxe.

O monte Neme é a ruína ambiental e paisaxística que deixa a corrupción. Unha canteira que unha empresa dos Cotino explotou sen que a Xunta lles exixise un aval e que acumula cinco anos de abandono sen que se solucione o problema. Témonos que preguntar por que o Partido Popular lle deu tantas facilidades a esta empresa; por que non exixiu garantías ante esta concesión; e por que cala o Partido Popular diante desta inxustiza. E nós temos a resposta.

A canteira do monte Neme foi explotada ata o 2012 por Leitosa S.A.U., unha filial xa extinguida do grupo valenciano Sedesa, propiedade da familia do político do Partido Popular Juan Cotino, ex-vicepresidente da Generalitat valenciana e ao que a Fiscalía lle pide once anos de cárcere por corrupción na organización da visita do Papa en 2006. Segundo o Rexistro Mercantil, a firma foi administrada entre o 2006 e o 2012, cando entrou en concurso de acredores por Vicente Cotino Escribá, sobriño do dirixente Popular imputado no caso Gürtel. O pasado febreiro Cotino Escribá chegou a un acordo coa Fiscalía, no que confesa que financiou ilegalmente o Partido Popular.

Leitosa fixo negocio con cuarzo e áridos no monte Neme sen que a Xunta lle exixise un aval que garantira a restauración da zona ao terminar a produción. O que si recibiu a empresa da Xunta de Galicia foi máis de medio millón de euros en axudas públicas sen ningún tipo de garantía. Cando quebrou, os seus xestores desapareceron e a firma dos Cotino deixou atrás unha paisaxe lunar: 6 balsas inquietantes de lodos de color turquesa e restos de infraestruturas oxidadas. A rexeneración ambiental desta paraxe precisa dun investimento de 1,5 millóns de euros, segundo cálculos da cámara mineira. Pois este é o problema. O problema é que se destrúe a paisaxe en Galicia para que se financie o Partido Popular. A corrupción tamén determina as políticas paisaxísticas do Partido Popular.

E, claro, falando de como destrúen a paisaxe coa actividade mineira, temos que falar tamén da Lei de depredación. Lamentamos ter que volver falar desta lei, e entendemos que o Partido Popular non queira falar desta lei. Incluso podemos entender que a vostede lle dea certa vergoña. Por iso se tramitou pola vía de urxencia, porque non podían vostedes contar o que estaban facendo.

A Xunta de Galicia rebaixou aínda máis coa Lei de depredación a protección de espazos naturais para favorecer que sexan explotados polas grandes multinacionais da minería e da enerxía eólica. É un xeito nada disimulado de regalarlles os recursos da nosa terra ás empresas privadas. Trátase dun contrato ruinoso para Galicia que, entre outras cousas, compromete a súa paisaxe a cambio dun prato morno de lentellas. Polo tanto, señora conselleira,

se quere ter vostede un mínimo de credibilidade no que ten que ver coa protección da paisaxe e da ordenación do territorio, pida que se derroque a Lei de depredación de Galicia e terá vostede un mínimo de credibilidade.

Mire, traio outra foto. Non sei se recoñece esta zona. Preciosa, ¿verdade?, e dun valor paisaxístico altísimo. Ben, pois aquí o seu partido, o Partido Popular, pretende instalar un campo de golf. Queren destruír 700.000 metros cadrados neste monte, no monte comunal de Baredo; un lugar de especial interese paisaxístico no que o seu partido —son vostedes quen están promocionando esta desfeita— quere instalar un campo de golf.

E falando do campo de golf, podémonos ir aos problemas que temos coa auga e coa seca, e como isto inflúe tamén na depredación da paisaxe. ¿Que hai do Plan seca, señora conselleira? ¿Que hai da Estratexia contra o cambio climático? Porque, evidentemente, condiciona a nosa paisaxe. ¿Ou é que vostede quere un futuro marrón para Galicia? Ao mellor esas son as súas políticas paisaxísticas de futuro.

Podemos seguir falando. E falando de seca podemos enlazar cun gravísimo problema que temos na paisaxe en Galicia como é a eucaliptización. Vostede ve esta paisaxe, é unha das paisaxes máis recoñecidas en Galicia, gran parte do territorio é o elemento principal da súa paisaxe. ¿É esta a paisaxe que quere vostede para Galicia? ¿Un gran deserto de eucaliptos? ¿É esta a paisaxe...? ¿Ten vostede algún tipo de solución a este respecto?

Trouxen un koala, á parte de porque me parecía moi chulo, porque nos fala do que é o ecosistema. O problema que temos co eucalipto é que é un gran deserto verde. Onde hai eucaliptos, non hai nada máis; non vén asociado co seu ecosistema. En Australia hai koalas e hai outro tipo de biodiversidade onde está o eucalipto. En Galicia, onde hai eucalipto non hai absolutamente nada máis. E, evidentemente, se falamos de eucaliptización, temos que falar da paisaxe da ría de Pontevedra. ¿É esta a paisaxe que quere vostede para a ría de Pontevedra, señora conselleira? ¿Son estas as súas políticas paisaxísticas de ordenación do territorio, regular o terreo público a empresas amigas? ¿A Isabel Tocino e a Carlos del Álamo?

Bueno, rematou o tempo. Seguirei na miña réplica falando dalgunhas das problemáticas da paisaxe. Agardo que teña vostede algún tipo de solución para os distintos problemas que puxemos neste momento enriba da mesa.

Pola miña banda, de momento, máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día e benvida, señora conselleira.



Quixera comezar agradecéndolle a súa comparecencia por petición propia para falar dun tema transcendente para Galicia como é a paisaxe e a ordenación do territorio. Este é un tema de especial interese —como vimos— non só para o Goberno, senón tamén para este Grupo Popular. Mostra diso, nos dous períodos de sesións que levamos rematados desta lexislatura comezamos propoñendo proposicións non de lei e preguntas relacionadas coa paisaxe, cousa que non vemos noutros grupos, señor Cal. Se tanto lles preocupa, polo menos podían presentar unha cousa relacionada coa paisaxe ou coa ordenación do territorio na Comisión 2ª. Polo menos unha, para saber que de verdade lles interesa algo este tema. As que veñen son presentadas polo Grupo Popular.

Por iso tamén agradecemos que a conselleira queira empezar este novo período de sesións traendo este tema á Cámara, nunha comparecencia por petición propia, neste segundo ano de lexislatura. E faino —como acabamos de ver— cos deberes feitos, e non só no pasado —acabamos de escoitar as cousas que dun xeito continuo levan aprobándose nos últimos anos—, senón de cara ao futuro, con novos proxectos e novos plans.

O marco normativo lexislativo, o tema de plans e accións presentados nestes últimos anos, creo que é unha boa mostra deste interese do Goberno. E faino desde tres enfoques dun mesmo territorio, dun mesmo tema: o urbanismo, a ordenación do territorio e a paisaxe, sen desatender ningún deles. Pero ao final estamos falando de enfoques do mesmo tema. Cando falamos do urbanismo estamos falando de ordenación do territorio, cando falamos de paisaxe falamos tamén de ordenación do territorio.

E a min faime graza escoitar os grupos da oposición cando falan doutras consellerías. Pero se de algo nos acordamos da tramitación da Lei do 2008, nalgún dos períodos do Bipartito, é das loitas —señora Pierres— entre as consellerías polas competencias, non só de distinto signo, senón do mesmo signo. Agora toda esta política territorial está nunha consellería, e ademais coordinada por unha conselleira que dirixe tamén as políticas que teñen que ver co territorio doutras consellerías. Hai partitura, hai proxecto e hai unha directora que está dirixindo estas políticas con claridade, non como nos tempos do Bipartito, que só escoitabamos falar das loitas internas dos seus gobernos.

Por iso, señora conselleira, noraboa de novo por este traballo, é ambicioso, e grazas por ese esforzo de cara ao futuro. Seguiremos desde o Grupo Popular apoiando todos os temas que traian relativos a estes temas de mellora da paisaxe e da ordenación do territorio.

A verdade é que despois de escoitar os grupos da oposición non acabo de entender algunha cousa. Cando se lles pregunta aos galegos ou se lles pregunta aos nosos visitantes que é o mellor de Galicia, maioritariamente, pero moi maioritariamente, falan da paisaxe galega. Tan mal non se estará facendo se segue sendo o maior valor nesta comunidade.

Pero ademais, claro, ¿que teñen que traer vostedes para contrarrestar esta opinión xeneralizada de toda Galicia e de todos os visitantes? Unhas fotos puntuais dalgunhas cousas onde a consellería está encima traballando. Porque, claro, falar de que non se cumpre por parte da consellería, ou de que non se está enriba, é descoñecer o traballo desta consellería non só nos últimos dez anos, senón case nos últimos vinte anos que leva esta consellería, onde se

informa con prontitude, infórmase con exixencia e infórmase con claridade acerca de todos os aspectos ambientais de calquera proxecto ou plan que se tramite na nosa comunidade.

En especial, señor Cal, quero recordarlle que como xa se discutiu neste Parlamento, pero parece que non lle quedou claro, a Lei de desenvolvemento industrial non rebaixa un ápice o control ambiental de ningunha instalación. ¡Nin un ápice! E non existe ningunha comunidade autónoma que teña maior control ambiental que o que establece esa lei, ¡ningunha!, porque son as mesmas directrices europeas e nacionais para todo o territorio. Polo tanto, vostede poderá falar o que queira, pero a realidade é teimuda, e ao final o que se demostra é que o control por parte da consellería existe en todos os temas de ordenación territorial.

Pero se falamos de cada un destes temas, destas tres patas do territorio, ¿que dicir dos temas feitos xa e do compromiso para este mellor urbanismo? Pero non só con estes documentos que acabamos de escoitar. Señor Bará, cando escoitamos os temas do planeamento, son competencias municipais. E o compromiso da consellería é clarísimo non só co financiamento destes planeamentos máis alá das súas competencias, senón co compromiso de axuda e co compromiso de desenvolvemento destas políticas.

Polo tanto, a cadaquén as súas competencias. A Xunta ten en competencias municipais un compromiso clarísimo con estes concellos, axudando no que pode. Evidentemente, é contradictorio: a oposición di que o problema é que se exige moito nos informes sectoriais e outros din que non se piden informes sectoriais e que non se controla. ¡Claro que se controla! E todos os que estivemos no traballo urbanístico —como vostede, señor Bará— sabemos que hai control, e por iso é difícil aprobar estes documentos, porque a exixencia é moi alta, e debe seguir sendo así. E non só axuda con estas subvencións, tamén —como acabamos de escoitar— financiando obras. E se algún concello non ten o planeamento non é porque falte este apoio, senón por falta de compromiso por parte dalgún deses concellos.

E se falamos de ordenación do territorio, por aí empezou o Goberno, ademais, con dous documentos clave que seguen sendo referencia, por moito que non lles gusten. O Plan de ordenación do litoral, premiado incluso pola Unesco e recoñecido internacionalmente, e as Directrices de ordenación do territorio. Nos dous documentos eu tiveren a ocasión e a sorte de poder traballar e colaborar, feitos ambos por un grupo interdisciplinar de profesionais das tres universidades galegas que colleu todo o espectro tanto de ocupacións temáticas como ideolóxicas. É dicir, que neste documento traballamos moitos profesionais, moitos profesores das universidades, e chegamos a documentos de acordo que hoxe, señora Pierres, están desenvolvéndose en todas as políticas sectoriais, con documentos e plans posteriores, marcando os criterios destas políticas sectoriais en Galicia. Pero, evidentemente, se en algo aínda se está facendo un maior esforzo, é nestas políticas da paisaxe.

Como dicía, eu destacaría o que nos trasladou a conselleira dun auténtico pacto da sociedade con esta paisaxe. E se vostede seguiu o traballo da consellería nos últimos dous ou tres anos nestes temas de paisaxe, poderá ver como todos os documentos están contrastados, dialogados, participados, con toda a sociedade, non só cos grandes, cos profesionais, cos expertos da materia ou con mesas especializadas, senón con grupos de traballo, coa sociedade.



Todos eses catálogos, todas esas cousas, levan tempo porque se están negociando en cada comarca, en cada pobo, en cada área de Galicia, e se están traballando de abaixo arriba e atendendo as suxestións non só dos expertos, que tamén, senón tamén da sociedade da xeral. Polo tanto, con estes procesos participativos o que estamos conseguindo é que se faga un documento participado pola sociedade. Eu creo que, se hai algo que hai que agradecerlle ao Goberno de Feijóo nestes últimos anos, é o cambio de paradigma co territorio e co urbanismo. É dicir, que hai un compromiso clarísimo —como dixo a conselleira— de poñer en valor, de poñer en alza, o territorio, e iso é un traballo de día a día, un traballo constante, de gota a gota, para encher o vaso e que a xente teña ese compromiso hoxe.

Vexo rapaces arriba, teño os meus fillos en secundaria. O respecto, o coñecemento e a importancia que se lle dá hoxe non só desde as institucións, senón tamén desde a sociedade, ao territorio, á paisaxe, é un enorme traballo e un éxito do Goberno de Feijóo nestes últimos anos, pónanse como se poñan ou falen con quen falen.

Gústame que saquen o tema do Proxecto Terra, pouca xente colaborou máis. O primeiro convenio que se fixo no 2004 para apoiar iso estaba eu de director, e o conselleiro que o firmou era o señor Feijóo. O Proxecto Terra leva quince anos cun apoio constante do señor Feijóo e dos conselleiros que estiveron, e temos un documento que foi Premio nacional de urbanismo, apoiado por este goberno de Feijóo e, efectivamente, feito pola propia profesión, por compañeiros profesores...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** ...e docentes non só da universidade, senón tamén de secundaria. Un exemplo a seguir. Non nos chegaría a mañá para contar todos os documentos e traballos de apoio neste cambio de paradigma; e creo que o cambio de paradigma coa paisaxe e co territorio é un dos maiores éxitos do Goberno de Feijóo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Ten a réplica a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a señora Mato Otero.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas, presidente.

Despois de escoitar as intervencións dos portavoces dos grupos da oposición, e mesmo tamén do portavoz do Grupo do Partido Popular, non esperaba un apoio explícito dos portavoces dos grupos da oposición. Ben é certo que eu creo que este é un tema de importancia capital para o futuro da nosa comunidade. Non o esperaba posto que no desenvolvemento do regulamento e mesmo tamén da lei, aquí, no Parlamento, nin sequera houbo o consenso que a sociedade amosou na tramitación da Lei do solo; un consenso que —como digo— vén reflectido en que 8 de cada 10 alegacións presentadas foron incorporadas a esta lei, e la-

mentablemente este Parlamento non deu exemplo, como o deu a sociedade, e non apoiou unha lei que non debería de ser unha ferramenta de debate político, senón que debería de marcar o futuro da nosa comunidade como a Lei do solo. Polo tanto, eu creo que, na mesma liña, a intervención dos tres portavoces da oposición, se cadra, é un claro reflexo.

Para o señor Bará chegamos tarde co regulamento da Lei de protección da paisaxe. Despois de ter en conta o que pasou ao longo dos últimos máis de vinte anos na nosa comunidade co desenvolvemento do regulamento da Lei do solo, que sexamos quen este goberno non só de aprobar unha lei da paisaxe, senón tamén de desenvolver o seu regulamento neste mesmo ano, eu creo que non é algo para non ter en conta.

Logo despois tamén facía distintas alegacións, máis alá de ensinarme o señor Bará fotos... Pero centrareime no Pedregal de Irimia, que, efectivamente, o seu compañeiro o señor Rivas me ten preguntado por esta figura de protección necesaria para ese pedregal en Meira. Acordei naquela pregunta, e mesmo tamén coa portavoz, coa señora Pontón, que tramitaríamos o máis áxil posible ese ENIL; un ENIL que —como sabe vostede— o tramita directamente o concello, o concello de Meira. Foi presentado xa formalmente o 11 de abril, e como todas as tramitacións destes expedientes, leva o seu tempo, aproximadamente un ano. O 11 de abril deste pasado ano foi presentado e requiríronse os informes sectoriais. O informe sectorial que falta é o da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Se ten vostede máis relación directa coa confederación, pediríalle que nolo mande canto máis pronto, para dar cumprimento á palabra que lle din de tramitar o máis áxil posible esa figura de protección do Pedregal de Irimia.

E logo tamén, señor Bará, ademais vostede o coñece moi ben, eu creo que é un xesto de moi-tísima manipulación sacar aquí unha fotografía dunhas balsas de lodo como se fora unha fotografía oficial do Goberno da Xunta de Galicia, cando vostede coñece ben, ao igual que o señor Cal, que esta fotografía foi subida á páxina web da consellería a través dun proceso participativo no que invitamos aos particulares a que subisen fotos da paisaxe. Efectivamente, foi subida por un particular e foi inmediatamente eliminada por parte do Goberno da Xunta. Eu non sei en concreto se o señor Cal coñecía esta circunstancia, espero que si, porque prefiro non pensar se esa liberdade que teñen os particulares para subir fotografías foi incluso interesada, para poder utilizar argumentarios como o que hoxe está a argumentar contra o Goberno da Xunta de Galicia.

Máis alá de darlle tranquilidade, que estou convencida que non o vou facer —xa o dicía o portavoz do Grupo do Partido Popular— con todos os cualificativos que fixo o señor Cal na súa intervención de chapuza, depredadora, saqueo, o problema é o Partido Popular... todos eses cualificativos aos que nos ten acostumados a formación de En Marea, volvo ratificar, para que quede constancia non só das verbas do deputado, senón tamén das deste goberno, que, efectivamente, a Lei de implementación empresarial non vai restrinxir nin un ápice o grao de cumprimento da protección medioambiental de todas as industrias e de todos os proxectos da nosa comunidade. Non vai restrinxir nin un ápice os estándares ambientais establecidos das grandes industriais e os criterios de protección ambiental. Poderán vostedes dicilo cen veces e outras cento unha veces máis o dirá o goberno da Xunta de Galicia, posto que nos implicamos no desenvolvemento desa regulación.

Por outra parte, chámame poderosamente a atención a intervención da señora Pierres. E, en especial, chámame a atención —dígoo como muller— que sexa precisamente unha muller e que sexa precisamente o Partido Socialista, que dalgunha maneira fai gala —e ademais alégrome de que o faga— de loitar pola igualdade, chámame a atención que sexa vostede quen me cuestione se son capaz ou non de desenvolver dúas responsabilidades, á fronte do goberno e á fronte dun partido político. Porque neste mesmo goberno temos exemplos... (*Aplausos.*) ... claros de personalidades deste goberno, dende o mesmo presidente, que ten esas dúas responsabilidades, e a día de hoxe aínda non atopei a ninguén que cuestionara a súa capacidade para desenvolver as súas responsabilidades á fronte da Xunta e a súa responsabilidade á fronte do partido que representa. Eu laméntoo especialmente porque veña do Partido Socialista, pero é unha cousa deles.

O que si é importante para min é ter a consciencia —e eu creo que é algo que debemos compartir— da responsabilidade que conleva protexer o noso medio ambiente e tamén protexer o territorio e mesmo a paisaxe. Sabemos que este é un reto importante que require de todo o noso compromiso. Son materias que non tomamos dende este goberno á lixeira porque delas depende gran parte do noso presente, e todas estas decisións que tomamos agora van repercutir directamente no futuro da nosa comunidade. Polo tanto, dende o presidente da Xunta de Galicia e todo o seu goberno, non só non escatimamos esforzos, senón que nos implicamos directamente para tentar facelo non *piano pianissimo* como dicía a señora Pierres, senón *forte fortissimo*.

Puxemos en marcha un novo marco lexislativo no eido urbanístico que entrou en vigor agora hai dous anos. Unha lei que ten en conta a diversidade e a complexidade do noso territorio, e aportou distintos instrumentos que son necesarios para que os 313 concellos de Galicia teñan a oportunidade de desenvolver as súas competencias; é dicir, teñan a oportunidade de desenvolver o Plan xeral de ordenación o máis áxil posible. Simplificamos e axilizamos o trámite poñendo en marcha —como dicía— novas ferramentas como o plan básico e tamén o plan básico municipal, no que actualmente estamos traballando.

Dous anos despois, esta nova lei do solo repercutiu principalmente na axilidade administrativa na tramitación dos planeamentos e tamén nas facilidades que se lles ofrecen aos concellos. Os efectos nótanse especialmente en dous aspectos fundamentais, como a integración efectiva dos trámites ambientais e urbanísticos da tramitación dos PXOM. O anterior informe previo á aprobación inicial xa se emite no trámite de consultas, o cal significa un aforro bastante importante de tempo, preto de catro meses, e permite coñecer xa dende o primeiro momento a corrección urbanística proposta. Tamén a comodidade para os concellos na tramitación dos seus planeamentos. Agora os municipios trasladan á Xunta os documentos aprobados inicialmente para que lles pidamos nós dende a Xunta, dende este departamento, todos os informes de competencia autonómica, o cal tamén incide nun aforro de preto dun 75 % do tempo da tramitación dos PXOM.

Esta nova lei potencia o desenvolvemento rural a través do aproveitamento do solo rústico sen desprotexelo; é dicir, única e exclusivamente naqueles usos para os que este solo é idóneo. E tamén é un urbanismo responsable, reafirmando algo no que nós cremos, sobre todo no desenvolvemento das competencias municipais, que é a corresponsabilidade en materia de ordenación e de protección da paisaxe.

Así se establece un marco necesario para que as construcións se adapten á contorna e non suceda o contrario; é dicir, promove a recuperación do xa construído fronte á execución de novas estruturas, e mesmo tamén reforza a obriga de rematar exteriormente as construcións. Aposta polo fomento da rehabilitación, clarifica a definición do que é unha edificación tradicional e incrementa o volume de obra permitido na rehabilitación, pasando do 10 % ao 50 % en todos os casos, sempre que se respecte a tipoloxía existente.

Como xa dixen na miña primeira intervención, un dos principais obxectivos desta lei é que ningún concello estea sen PXOM; unha meta na que o actual Goberno da Xunta leva traballando xa dende o ano 2009, e é que a Xunta quere estar sempre cos concellos. Así, nestes últimos case nove anos incrementouse preto dun 190 % o número de concellos que teñen a día de hoxe o seu PXOM adaptado á lei, pasando dos 33 que tiñamos no ano 2009 aos 98 que hai agora. E desde a entrada en vigor da lei aprobáronse 14 planeamentos, 7 na actual lexislatura; é dicir, neste último ano.

Estamos sempre do lado dos concellos, apoiando especialmente os que teñen o seu plan anulado. Aqueles que a interpretan como unha traba, aqueles que interpretan que a lei xa naceu mal porque foi modificada catro veces; aqueles que interpretan que a aprobación da Lei de medidas urxentes e a Lei de medidas en materia de proxectos públicos de especial interese foi un erro; aqueles que interpretan que a aprobación dun instrumento de ordenación urbanística de carácter provisional que permita manter viva a ordenación de determinados ámbitos daqueles concellos que teñan o seu planeamento urbanístico, eu creo que están nun inmenso erro, porque foi este goberno o que fixo o posible para que un concello de importancia vital para a nosa comunidade, como é o concello de Vigo, non estivera parado urbanisticamente, non estivera retrotraído á súa urbanización de máis de vinte anos atrás, e tivera a oportunidade de desenvolver proxectos industriais importantes non só para o concello de Vigo, senón para Galicia, e mesmo tamén de seguir avanzando con esas normas provisionais no urbanismo, cousa que, evidentemente, non sería posible se o Goberno da Xunta de Galicia non o fixera; porque a única posibilidade do desenvolvemento urbanístico de calquera concello é ter un plan xeral actualizado, e se temos que esperar a que concello de Vigo aprobe o seu plan xeral de ordenación do municipio, evidentemente Vigo estaría aviado.

Polo tanto, seguiremos avanzando para traballar no deseño de ferramentas que doten Galicia dun urbanismo responsable. Tamén desenvolvemos nos últimos anos instrumentos que nos están permitindo posicionarnos ao nivel europeo de protección da paisaxe e que nos están permitindo incrementar algo que é importante, que é a concienciación da cidadanía galega en relación co valor que ten a paisaxe, como moi ben dicía o portavoz do Partido Popular en canto ás ensinanzas cos adolescentes e cos nenos nos colexios.

Esta concienciación e sensibilización social son unha parte esencial cando falamos de coidar, protexer e valorar a paisaxe; é dicir, de ter unha nova cultura territorial e unha nova cultura paisaxística, porque a paisaxe é unha realidade que nos define a nivel cultural, ecolóxico, ambiental e social. E xa era Otero Pedrayo —talvez o escritor galego que máis estudou a nosa xeografía— o que identificaba a paisaxe como a alma de Galicia. Poderíamos dicir, por extensión, que a paisaxe é unha parte importante da alma de todos os galegos, e por iso cóncecela, protexela, preservalas e poñela en valor supón coidarnos a nós mesmos. E non só por

iso, senón polo triplo valor que ten a paisaxe —valor patrimonial, valor económico e valor simbólico-emocional—, queremos seguir avanzando, porque, ademais, tamén sabemos que incide directamente na creación de empregos verdes na nosa comunidade; unha modalidade que, segundo a Comisión Europea representa xa un 5 % no mercado laboral do noso continente. Así pois, é un valor este, o valor da paisaxe e do medio ambiente, que está estritamente ligado tamén a un emprego e a un emprego de calidade. E, sen dúbida, unha comunidade cunha paisaxe, cun territorio ordenado, sostible e de calidade ten que ter máis facilidades para crecer e para desenvolverse.

Por iso nós nos últimos anos nos dotamos de instrumentos que permitan, precisamente, coidar, preservar e potenciar a paisaxe de Galicia, como os que describín na miña primeira intervención. Falo dese Catálogo de paisaxes, falo desas Directrices da paisaxe e falo tamén desas guías, que, polo de agora, son guías, e, dalgunha maneira, estamos a debater agora, mesmo cos principais actores do desenvolvemento, sobre esas guías, como poden ser a Fegamp e mesmo tamén os colexios profesionais, para avaliar se algunhas delas, máis alá dunha recomendación, poden pasar a ser unha obriga. Efectivamente, farémolo, se é que hai un consenso, e efectivamente así a sociedade e os axentes e actores principais o demandan.

Aprobamos a planificación da Estratexia da paisaxe galega, que nos guiará durante os vindeiros tres anos, falando de algo que é importante, que é a gobernanza da paisaxe, falando de ferramentas específicas para a súa xestión e para a mellora da potenciación dos valores paisaxísticos e, por suposto, continuando coa concienciación. Este ano, no ano 2018, queremos que se realicen eses plans e eses proxectos de mellora paisaxística, aplicados a zonas concretas, que, por unha banda, efectivamente, son zonas de especial interese paisaxístico e, por outra, son as zonas degradadas.

En definitiva, señorías, dende a Xunta levamos case nove anos creando un novo modelo de urbanismo, poñendo en primeira escena das nosas políticas o urbanismo e tamén a protección e a ordenación do noso territorio e da nosa paisaxe e, polo tanto, cremos que Galicia vai polo bo camiño.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Ábrese unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Señora conselleira, temos a sensación de que estamos no seu tempo de desconto, que está vostede xa noutra carreira, noutros obxectivos, e que intenta agora, a toda présa, nestes últimos meses, deixar pechados algúns asuntos que levan anos pendentos. E a verdade é que eses 673.000 euros que nos dixo vostede que tiña para a Estratexia non pensamos que poidan dar moito de si para realmente impulsar moitas das medidas que se contemplan nos documentos —e despois faremos referencia a algunha delas—.



Mire, con respecto ao Pedregal de Irimia, dinos votede que nos están tramitando un ENIL, que á figura máis feble de protección que temos, non é gran cousa. Como non espabilen, en vez do Pedregal de Irimia, imos ter o eucaliptal de Irimia, porque non sei se ve vostede as fotos ou se foi alí, pero está inzado de eucaliptos; o eucaliptal de Irimia.

E con respecto á famosa foto do monte Neme. Non faga vostede trampas ao solitario. Este é un anuncio oficial da Xunta de Galiza, (*O señor Bará Torres expón unha páxina dun xornal.*) non é que subise unha foto unha persoa pérfida da oposición ou un militante dalgún partido da oposición. Isto saíu... Mire: «Dáme Galicia», «Galicia, o bo camiño», co logotipo da Xunta de Galiza. Efectivamente, había un proceso participativo, pero coúselles a foto. E vostedes, ademais, rectificaron, e puido dicilo aquí: equivocámonos, rectificamos, foi un erro. Pero non nos diga que foi alguén que subiu unha foto nas redes sociais. Foi un anuncio oficial da Xunta de Galiza. Meteron a pata, e corrírono despois. Ben, así son as cousas, pero vostedes atrevéronse a poñer isto como un anuncio oficial da Xunta de Galiza.

Eu creo que hai unha páxina no Catálogo da paisaxe —a páxina 88— que resume perfectamente o estado da paisaxe galega, e din vostedes no documento que foi resultado dun proceso participativo. Pois aí identifícanse, a verdade, moitos dos graves problemas que ten a nosa paisaxe en canto a agresións de distinta índole.

Mire, se fosen capaces de abordar seriamente, con rigor, o 10 % das cuestións que se identifican aquí, teríamos avanzado moito no que se refire ás áreas de especial atención paisaxística, que é, precisamente, como lle dixen, unha das cuestións pendentes da lei de 2008, e pasaron dez anos. Polo tanto, póñanse á obra, porque aquí hai moito traballo que facer e non está feito. Fíxese, paisaxes urbanas degradadas —enuméranse cantidade de exemplos—, liñas eléctricas de alta tensión, parques eólicos —xa din que outras infraestruturas non teñen remedio—, explotacións mineiras, canteiras e extracción de áridos ou terras —identifícanse 66 localizacións; entre elas, por certo, monte Neme, que está pendente de resolver, e moitas outras—, áreas degradadas por outros impactos ambientais: invasión de especies vexetais alóctonas —non falou vostede disto—, efectos dos incendios forestais, contaminación dos cursos fluviais, contaminacións e recheos das rías —por certo, non se fala aquí de Ence-Elnosa, na contaminación e recheo das rías—, deterioración dos humidais, actividades industriais ou empresariais mal integradas na paisaxe —enuméranse tamén numerosos exemplos—, zonas abandonadas... Todo isto está pendente; teñen aquí moito traballo que facer. Alegraríame de que, polo menos, o abordasen con rigor e con seriedade.

Nós, en todo caso, traemos aquí propostas concretas para abordar solucións que teñen que ver, por exemplo, coa paisaxe urbana, coa necesidade de implantar, de desenvolver, outro tipo de modelos urbanos, con cidades compactas, con cidades cohesionadas, con cidades integradoras, con cidades accesibles, amigables, recuperando os centros históricos, e sobre todo recuperando o dinamismo económico das cidades, apoiando o pequeno comercio e non eses grandes macrocentros comerciais na periferia das cidades, que xa sabemos as consecuencias que teñen en canto aos impactos no territorio, na mobilidade, etc.

Tamén, outras políticas de mobilidade, que non se resolven con ese plan de sendas que nos traen aquí e que inclúe tamén a Estratexia como unha gran solución. É unha medida parcial, é un parche, non é unha solución de verdade para o tema da mobilidade.

Tamén, en canto ao desenvolvemento normativo. Non nos falou vostede aquí da tantas veces anunciada —xa ía estar no primeiro trimestre de lexislatura— Lei de patrimonio natural; do único que nos fala é dalgúns proxectos piloto. As Directrices de ordenación do territorio están sen desenvolver, os plans territoriais integrados están sen implementar e vostedes unicamente están falando dun proxecto piloto; outra vez, un proxecto piloto.

Nós propoñémoslle realmente un cambio de rumbo na política con respecto ao monte e que se faga, precisamente, un plan territorial integrado para a protección e a defensa dos montes e dos núcleos habitados fronte aos incendios; unha medida que realmente permita poñerlle freo a este gran problema, que xa non é un problema só para o medio ambiente, que non é xa só un problema económico, senón que é un problema para os bens e sobre todo para a vida das persoas, que se ven ameazadas polos lumes.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** Hai que resolver esta cuestión, igual que a preservación dos ríos, das rías, dos humidais e das turbeiras, co cumprimento do POL e da Directiva europea da auga, a ampliación e mellora da rede de espazos naturais protexidos, da Rede Natura, que lle ofrecemos e plantexamos que se ten que ir —nesta lexislatura— cara ao 20 % do territorio protexido, e de instrumentos tamén de xestión e de mellora da ordenación e da xestión; a eliminación de especies invasoras, a loita contra a contaminación industrial...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...o freo á megaminería, un acordo polo territorio, a paisaxe e o desenvolvemento rural...

En fin, moito traballo por facer e moitas asignaturas pendentes, como demostrou vostede na súa intervención.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra a señora Pierres López, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Señora conselleira, non dixen máis que se botaba de menos a conselleira de Infraestruturas; de feito, ten comparecido moitas máis veces ca vostede nesta Cámara para dar conta das directrices da súa consellería. Non confunda as cousas cunha crítica á súa condición de muller. Iso si que me parece —a min persoalmente— que sería escudarse nun uso interesado e francamente feo dun tema tan serio como é a conquista da igualdade. Se non a considerase capaz, pode ter claro que non a botaría en falla. De feito, esta mesma deputada ten manifestado aquí, nesta tribuna, a ausencia do señor Feijóo precisamente cando se fala de temas de igualdade e de violencia de xénero.

Por outra parte, señor Fernández, xa que vostede sacou peito co tema, véxome obrigada a dicirlllo: ¿sabe cal foi esa participación cidadá da que vostede falou nos catálogos da paisaxe? Dun 0,05 %; 1.400–1.500 persoas foron as que participaron. E se vostede cre que eses son documentos participados, pois debemos ter claramente un concepto moi diferente do termo participación.

Continuando co exposto anteriormente, faise necesario que de inmediato —e vostede díxoo, señora conselleira— se aprobe a Lei de ordenación das Directrices do territorio, anunciada xa en marzo do pasado ano polo señor Feijóo; lei que xa conta con 22 anos —non 20 anos, como dixo vostede— ás súas costas e que precisa adaptarse ás Directrices de ordenación do territorio, aprobadas xa no 2011, sen o consenso preciso, e adolecendo, ademais, da vaguidade e da falta de aplicación.

Eu entendo que a súa reticencia a poñer en marcha a lei pode estar vencellada a esa medición sutil que vostedes fan do necesario fronte ao rendible, en termos electorais. Sen embargo, perdan o medo, o momento do freo desenrolista vai para longo; polo que é o momento idóneo para tratar de reconducir, rehabilitar e reconstruír esa paisaxe, especialmente a urbana, tan seriamente danada. Por certo, momento que se leva prolongando dez anos xa dende a explosión do *boom* inmobiliario e que vostedes non parece que soubesen aproveitar debidamente.

Unha das realidades de Galicia é a constatación de que segue aqueixada de atraso respecto do resto do país. Vese incapaz de atallar o illamento físico e segue sen conseguir, entre outras cousas, a chegada do tren de alta velocidade. Isto obrígaa a pór o acento en accións tendentes á diversificación económica, especialmente no rural, á mobilización das súas capacidades endóxeas, ao impulso dos sectores estratéxicos, á recuperación patrimonial e paisaxística e á corrección dos desaxustes demográficos máis evidentes, como o envellecemento acentuado, as secuelas da emigración masiva en moitos lugares e o escaso dinamismo poboacional. O certo é que non vemos que ningunha desas accións estean a ser afrontadas con determinación, sendo a perda de poboación e o avellentamento da mesma, especialmente no rural, un dos problemas máis severos que temos no momento, algo que a propia memoria de seguimento das Directrices de ordenación do territorio constata nos tres informes aportados polo momento.

Señora conselleira, poña a súa atención na tramitación dunha nova lei de ordenación do territorio que dea sentido ás Directrices de ordenación do territorio e que permita establecer a planificación a escala supralocal. Colla con seguridade —e vólvollo dicir— esa batuta que lle corresponde e plantexa como prioridade a posta en marcha desta lei tan necesaria para Galicia.

Vostede presentou hoxe tamén o Plan básico autonómico, e faino convencida —así o transmitiu coa súa defensa— da súa utilidade para os pequenos concellos de Galicia, para a protección da paisaxe. O Grupo Socialista vemos tamén con bos ollos a posta en marcha dunha ferramenta que vai permitir a planificación ordenada de todos eses concellos de Galicia con menos de 5.000 habitantes. Pero ben é certo que dende moitos concellos e colectivos nos están a chegar sinais de alerta polo incompleto do mesmo, pola discordancia dos elementos catalogados cos propios dos catalogados dos concellos, por reducir os xacementos arqueo-



lójicos, por exemplo, a simples puntos xeográficos, con radios de accións duns metros, sen ter en conta a verdadeira morfoloxía e xeometría dos xacementos; estradas que non contemplan as cesións dunha administración a outra, e así un senfín de cuestións; erros e carencias que parecen derivadas dunha aproximada mestura de datos e de coordenadas que pouco teñen de baixada real ao terreo, o que é francamente preocupante.

Repito, os socialistas non vemos que sexa unha mala iniciativa, pero parece que conlevará moito traballo e maior sensibilidade na valoración e protección dos valores naturais e patrimoniais, como manifestan algunhas organizacións e asociacións ecoloxistas, o que dá idea do percorrido amplo que aínda ten por diante, e previo á súa aprobación.

Por outro lado, falemos da importancia da ordenación do territorio e da súa importancia na política forestal, que, cos graves incendios que asolaron todo o territorio galego no mes de outubro, parece de gran transcendencia polo imprescindible que é a ordenación territorial, precisamente para evitar as graves consecuencias dos lumes, non só polo dano ambiental, senón por un tema de seguridade das persoas, especialmente nas áreas forestais próximas ás vivendas en vilas e cidades.

A Administración pública galega, e concretamente os departamentos competentes en materia de montes e de medio ambiente, debe liderar un proceso específico de estudo e transferencia de resultados a todos os actores relacionados co monte, e especialmente coas comunidades de montes, como xestoras de máis de 600.000 hectáreas, sobre os impactos previstos do cambio climático na vexetación e nos incendios forestais, que permita unha informada toma de decisións.

É o momento de reclamar o cumprimento efectivo da normativa e da lexislación contra incendios existente, que contempla medidas de prevención que obrigan as administracións públicas, as comunidades de montes e os propietarios forestais particulares.

Existen xa protocolos e ferramentas, como os plans de autoprotección, que deben empregarse —e pola experiencia vivida— para revisar a súa aplicación en zonas de alto risco e onde hai probabilidade de incendios forestais de interfaz urbano-forestal.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...—remato—.

Xa para terminar, señora Mato, para convencer e para espertar o orgullo de todas e todos pola paisaxe galega, sexan os primeiros en dar exemplo e poñan en marcha todas esas leis que permitan debuxar o mapa futuro de Galicia. Talvez así, transmitindo verdadeiras intencións, poidan recuperar algo da credibilidade que perderon cando durante anos permitiron e promocionaron aquilo do «*Ti vai facendo*».

O dito: para Galicia, forte, fortísimo, señora conselleira; forte, fortísimo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Cal Ogando.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

A verdade é que foi unha decepción a súa seguinte intervención, señora conselleira. Eu agardaba que, como xa na primeira intervención, colocou vostede as frases e os titulares, que na segunda, ao mellor, iamos falar dos verdadeiros problemas que temos coa paisaxe en Galicia e coa ordenación do territorio. Pero non tivemos sorte. A ver se na seguinte intervención pode dar conta dalgunhas das cuestións e dalgún dos problemas dos que lle estamos falando sobre os problemas na paisaxe.

Non se mostre vostede triste pola falta de apoio, señora conselleira. Nós facemos a nosa laboura como grupos da oposición; vimos aquí falar daquelas cuestións que nós entendemos que son problemáticas no que ten que ver coa ordenación do territorio e da paisaxe, e vostede vén comparecer sobre estas cuestións, e hai un montón de cousas das que vostede non falou que son un problema, e das que vostede non fala, e a nosa laboura é facelo. Non se enfaden con nós, e traten vostedes de facer o seu traballo, que son vostedes os que non están a facer o seu traballo. Nós estamos a facer o que temos que facer.

Coa Lei de solo, señora conselleira, momento histórico, máximo consenso excepcional en España. ¿E que é o excepcional en España?, ¿mudala cinco veces nun ano? ¿Iso é o que é a excepcionalidade na Lei de solo en todo o territorio español?

Ningunha lei para traer planeamento e disciplina. Se a mudamos cinco veces nun ano, non é unha lei que traía planeamento e que traía disciplina. Vana vostedes adaptando a cada necesidade puntual. Polo tanto, vostede debería falar do fracaso que supuxeron eses cinco cambios que tiveron que facer nesta lei.

E no que ten que ver coa Lei de ordenación do territorio, direille que a Lei de ordenación do territorio debe rexer o resto de normas territoriais. Vostedes parece que comezan a casa polo tellado, pero son as súas políticas habituais de improvisación e ocorrencia, en función de cada momento.

E fala de que a Lei do solo dá a máxima seguridade xurídica aos concellos, pero, se a mudamos cinco veces nun ano, non ten absolutamente ningunha seguridade xurídica.

Polo tanto, fale vostede da realidade e do fracaso que teñen vostedes nas súas políticas territoriais.

O tema da foto, señora conselleira, vouno intentar outra vez. *(O señor Cal Ogando amosa unha fotografía.)* ¿Ve esta foto? A ver se na súa réplica mira a foto e non mira o dedo. Este é o problema. ¿Ten vostede algunha solución para isto, señora conselleira? *(Aplausos.)*

¿Pódenos explicar na súa réplica, señora conselleira, por que non se desenvolveron as Directrices da paisaxe durante nove anos? ¿Pode explicarnos por que non se desenvolveu a Lei de ordenación do territorio durante estes nove anos? Desas cuestións son das que queremos que fale.

Non falou do problema paisaxístico que supón a eucaliptización, non falou do problema do monte Neme. Falaron da «Lei de depredación», evidentemente, para defendela —e no proxecto de Laxe xa estamos vendo para que serve a Lei de depredación—, pero non falou nada do proxecto de golf que teñen vostedes para o monte comunal de Baredo. Teñen vostedes o informe de Augas de Galicia, que no actual contexto de seca lles serve perfectamente para liquidar xa dunha vez esa loucura. Non falou nada do Plan da seca e do cambio climático, que van converter a Galicia nun territorio marrón. Imos pasar do gran deserto verde de eucaliptos ao territorio marrón.

Bueno, vou tratar de aproveitar este minuto e medio que me queda para falar dalgunhas das cuestións das que non me deu tempo a falar na primeira intervención sobre problemas que temos coa paisaxe e coa ordenación do territorio. A ver se teño máis sorte e na réplica fala dalgunha delas.

Se falamos de eucaliptos, tamén temos que falar de lumes. Supoño que estas fotos (*O señor Cal Ogando amosa unhas fotografías.*) non fai falta que as ensine. Todos vimos as imaxes. Esta é unha paisaxe habitual no territorio galego coas súas políticas, señora conselleira. ¿Ten vostede algunha solución? ¿Pode aportar algunha solución a este problema? Porque ata o de agora non lle escoitamos como conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio aportar ningunha solución, cando a súa consellería ten moito que dicir para que estas situacións non se volvan dar.

E de lumes podemos enganchar nos espazos protexidos, porque arden un ano si e outro tamén. Moi ben protexidos, señora conselleira, vostedes non os teñen. Supoño que comparará que os espazos protexidos son determinantes tamén cando falamos da ordenación do territorio e da paisaxe. Pois ben, a situación en Galicia é a que é: somos o territorio de todo o Estado con menos espazos con algunha figura de protección, e ademais os poucos que temos cada vez están máis abandonados, con despedimento de persoal, cheos de eucaliptos, con lumes e demais.

¿Ten vostede algunha solución a isto? ¿Vai mellorar vostede esta situación, señora conselleira?

Como xa non me queda case tempo, unha última cuestión. Salto As Illas Cíes —que me parecía interesante— e As Catedrais. Se quere, pode falar diso. E pode falar tamén do parque eólico de Laxe.

Pero voulle ensinar esta, que me parece que é moi clara, para rematar: o litoral en Sanxenxo, señora conselleira. ¿Vostede reconece esta foto? (*O señor Cal Ogando amosa unha fotografía.*) É a praia de Carabuxeirás, antes e despois. Antes tiña area e agora non a ten. Hai un compromiso deste Parlamento para rexenerar o litoral, que quedou así —unha imaxe vale máis que mil palabras— despois da construción ilegal do porto deportivo en Sanxenxo que fixeron diferentes administracións gobernadas polo Partido Popular.

¿Ten algunha solución dunha vez para isto, señora conselleira?

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Moitas grazas, presidente.

Bo día de novo.

Decía a señora conselleira que non esperaba o apoio dos grupos, e a verdade é que eu —debo ser máis inxenuo— si que esperaba que se sumasen. Noutras ocasións creo que o diálogo foi maior, pero vexo que lles importa máis a precampaña, porque aquí só sacan temas de precampaña, e non o territorio. *(Risos.)* Outros estamos máis preocupados... *(Murmurios.)* Si, dóelles, dóelles. Non se preocupen.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Ao mellor, poden ser algunhas incongruencias que teñen, porque aquí veñen falar e falan de cousas moi bonitas, pero logo, cando gobernan, as cousas son distintas.

Critican a Lei de implantación empresarial e din que é depredadora, pero, miren, dúas comunidades autónomas gobernadas agora polas Mareas están tramitando unha copia da nosa lei *(Protestas.)* —¡Oooh...!—, Comunidade Valenciana e Aragón —¡Oooh!—, copiando esa lei tan mala, e encima en Aragón só para os parques eólicos. ¡Coidadiño! Estas son as congruencias da Marea.

Pero podemos seguir falando de En Marea, señor Cal. Non se preocupe que aquí, vir dicir cousas bonitas, dicímolas calquera, pero logo, cando se goberna, claro... Falamos de chapuzas por cambiar a lei. Mire, nós cambiamos a lei para axudar a xente, e polo interese xeral. E o caso de Vigo é un caso claro. A nós, ademais de gustarnos que teña a mellor cabalgata do mundo, tamén nos gustaría que tivera o mellor plan xeral do mundo. *(Aplausos.)* Ou polo menos un; un, un... *(Murmurios.)* *(O señor Cal Ogando sinala co dedo cara a un lado.)* Xa, espere, espere, que para A Marea vai agora, señor Cal; para A Marea vai agora.

Outro dos cambios, outro dos cambios... *(Murmurios.)* Non se preocupen, coa axuda de Podemos. Non se preocupen, aínda que son esa mezcolanza. Tamén están na Coruña e en Santiago. Esperen un momentinho.

Cando critican a Lei de proxectos urxentes, ¿que cidades foron as que o pediron? Santiago e A Coruña. ¡Claro!, ¡esa é a congruencia!, criticar os cambios da lei e logo pedila por urxencia para facer as intermodais, porque non son capaces de xestionar, e pedíndolle á Xunta que faga o traballo que tiñan que facer os concellos.

¡O planeamento urbanístico é dos concellos! ¡Esa é a congruencia! *(Murmurios.)* Podemos seguir falando; agora, o que non admito... *(Murmurios.)* Podemos falar das incongruencias toda a mañá, ¡eh!, toda a mañá. Falaremos das intermodais creo que mañá. *(Murmurios.)*

Pero moito doe. Eu estiven respectuosamente, señor presidente...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Señor presidente, eu estiven respectuosamente escoitando estas incongruencias, e espero que polo menos os datos obxectivos se respecten.

En calquera caso, claro, falar de que non se están a desenvolver as Directrices, señor Cal, é descoñecer o que se está facendo en Galicia. Primeiro infórmese, porque se están desenvolvendo esas directrices, e déronlle bastantes casos.

Mire, señor Bará —por deixar algo de tempo tamén, que, claro, podía seguir, señor Cal, pero temos días para falar disto—, di que na páxina 88 dos Catálogos da paisaxe hai, efectivamente, uns elementos de especial impacto ambiental. Só faltaría que nun documento ben feito, como é o que fixo a Consellería, a propia Consellería no documento recoñeza as cousas nas que hai que facer especial fincapé. Por suposto, porque, se non, estaría mal feito. Pero podía ler os centos de páxinas a maiores, que tamén están, e non só a páxina 88. Polo tanto, é un documento, como ben vostede está dicindo, ben feito e onde ademais recoñece as cousas ás que hai que prestar especial atención e traballo, e niso está traballando a Consellería, en especial, como xa adiantou, cos plans de acción da paisaxe, que, entre outras moitas cousas, irán tamén a atallar esas cousas que se fixeron inadecuadamente nos últimos anos, porque, evidentemente, temos que tratalas.

E, por certo, creo, sinceramente, que coller todo o documento de catálogos e directrices ou da propia Estratexia collendo só os elementos é como coller o grao polas follas. Falemos do conxunto e non do grao, que ten o individuo; de toda a imaxe. E, como dicía na primeira intervención, afortunadamente todos os galegos e todos os visitantes recoñecen a paisaxe galega como o maior ben e o maior activo que ten Galicia, e así traballaremos e seguiremos traballando para que siga sendo así.

En calquera caso, que me falen tamén só dunhas alegacións, cando podían falar das miles de entradas e de participacións da xente a través da web... Podía falar tamén das ducias de mesas que se fixeron coa cidadanía, podía falar das ducias de mesas con colectivos e con traballadores... Se quere, falamos da participación e se quere falamos da participación e doutras cousas. Esta mañá levantámonos con que algún goberno o único proxecto que fai ao ano nin sequera o comenta cos veciños. Eu creo que o traballo da Consellería neste documento tan complicado está ben feito, está participado, e eu sigo animando a conselleira e o Goberno a que sigan facendo este traballo de posta en valor do territorio con ese compromiso coa cidadanía, facendo a cidadanía corresponsable, como está facendo. Porque insisto no que dixen na primeira intervención: se algo creo que é verdadeiramente loable deste goberno é o cambio de paradigma que conseguiu nestes anos da forma de ver pola sociedade o territorio, a importancia da paisaxe, e que temos que facer as cousas non como os gobernos do PSOE, señora Pierres, de «*ti vai facendo*» —podo darlle centos de exemplos, que eu traballei no rural con alcaldes do PSOE, de «*ir facendo*». Esa política está pasada, e agora o que pedimos todos é un urbanismo responsable, e niso a Consellería vai ter o Grupo Popular apoiando, sempre que o necesite.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Prado.

Peche desta comparecencia, señora conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas.

Señor Cal, a verdade é que non me sorprende decepcionalo a vostede. Eu o que espero é non decepcionar a maioría dos galegos, e para iso é para o que estamos a traballar.

Eu creo que o portavoz do Partido Popular se explicou ben. O señor Bará mencionaba expresamente a identificación desa páxina 88 sobre as zonas degradadas de Galicia. Efectivamente, esa páxina existe, como existen moitas outras onde están as zonas de especial interese paisaxístico, pero esas zonas degradadas se a día de hoxe están identificadas foi única e exclusivamente porque este goberno quixo, porque este goberno se comprometeu a facelo e porque este Goberno fixo ese Catálogo da paisaxe, que, efectivamente, identifica esas zonas degradadas. Porque o primeiro de todo é poder identificalas para logo poder actuar. Polo tanto, eu creo que o que vostede considera unha crítica da identificación, nós consideramos que é un paso esencial.

E, señor Cal, vostede tivo a teima, ao longo das súas dúas intervencións, de falar de que o PP quere facer un campo de golf. O PP non está a liderar ningún proxecto de ningún campo de golf en Baiona, por moito que vostede o diga. Non é unha iniciativa pública nin é unha iniciativa do Concello; polo tanto, non lle poña vostede responsabilidade á formación política de algo que para esa formación política que a día de hoxe está á fronte do goberno é unha tramitación máis, como moitas máis que se fan.

E, por certo, xa que a vostede lle gusta sinalar e que vostede me invita a que non me fixe no seu dedo senón a que me fixe na fotografía que me ensina, eu o que lle diría é que co seu dedo tamén cambie de dirección e que, cando fale de lumes, indique directamente co seu dedo quen son os responsables. Os responsables da situación dos lumes na nosa comunidade son os incendiarios, señor Cal, ¡os incendiarios única e exclusivamente! (*Aplausos.*) Ese dedo acusador, se quere vostede, ten que dirixilo aí; e se non quere —porque o dedo ás veces tamén é máis fácil escondelo— ten unha oportunidade importante, e é que agora, que se vai desenvolver ese novo Plan forestal, traballe. (*O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.*) Traballe e faga vostede as súas propostas para que, efectivamente, poidamos avanzar en algo na terra que nos importa, que é, precisamente, en loitar contra os lumes, e que ao Goberno, desde logo, lle importa.

Pero do que estamos a falar agora é da paisaxe ordenada e do urbanismo sostible, que son para nós as coordenadas que marcan a actuación do noso presente e tamén do futuro da nosa comunidade. Non é un compromiso de agora, é un compromiso deste presidente dende hai nove anos, que está a desenvolver para poñer en valor o noso, para poñer en valor a paisaxe e tamén para facer esa ordenación responsable do noso territorio. Porque somos cons-



cientes de que unha sociedade moderna xa non é aquela que traballa sen control senón que é aquela que diseña os seus plans, que diseña os seus instrumentos, que van dende o xeral —e tamén dende o interese xeral— ata o particular, cunha concepción global do territorio e da acción específica de carácter sectorial. O urbanismo sosegado e o urbanismo pensado son unha oportunidade para todos, unha oportunidade para corrixir os desequilibrios territoriais, para acadar un desenvolvemento sostible e un incremento da calidade de vida de Galicia, e tamén para velar pola paisaxe en cada recuncho de Galicia, que, como dicía o portavoz do Partido Popular, nos define polo mundo.

Por iso, seguimos traballando e daremos este ano un pulo á protección da paisaxe e ao fomento dun urbanismo responsable. E daremos os seguintes pasos —como me invitaba a señora Pierres—, efectivamente, con determinación, con seguridade na tramitación desa nova lei, que é a Lei de ordenación do territorio, na que xa estamos a traballar e da que xa no mes de febreiro presentaremos o primeiro borrador. O noso obxectivo é actualizar unha norma que xa leva máis de vinte anos de vixencia e que rexe algo importante para o noso territorio, que son os plans sectoriais, os proxectos de incidencia supramunicipal, os plans territoriais integrados e os plans de ordenación do medio físico. Tamén ao remate da exposición pública do Plan básico autonómico e a análise das suxestións presentadas, co fin de que tamén neste primeiro semestre se poida aprobar ese plan que vai substituír as normas subsidiarias provinciais, que, como dicía tamén na miña intervención, contan xa con máis de vinte e seis anos de vixencia. Tamén o deseño do que serán os plans básicos municipais, que prevemos telos aprobados no ano 2019. Dicía que aínda esta ferramenta non é unha ferramenta aprobada e xa temos seis solicitudes de concellos de menos de 5.000 habitantes que queren que desenvolvamos os seus plans básicos municipais. Tamén o desenvolvemento da planificación estratéxica da paisaxe de Galicia, con ese regulamento, que será unha realidade neste ano, que é o Regulamento da protección da paisaxe. Comezaremos, por suposto, a aplicar os instrumentos da xestión da paisaxe, como son os plans de acción, e tamén impulsaremos algo que nós consideramos esencial —e no xa estamos a traballar con algún concello—, que son os primeiros pactos pola paisaxe. Tamén poñeremos en marcha o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, elaboraremos o Plan de seguimento dos obxectivos da calidade paisaxística, constituiremos mesas da paisaxe e avanzaremos nas Directrices, que completarán eses instrumentos da xestión. E tamén algo que nós consideramos que nos vai colocar na vangarda como comunidade autónoma —como dicía, acompañados por Cataluña, por Valencia e mesmo tamén polo País Vasco—, que é o desenvolvemento da Estratexia de infraestrutura verde. Estamos impulsando este proxecto para toda Galicia, e tamén o estamos impulsando especificamente para a área da Coruña, onde recentemente acabamos de manter unha xuntanza na que participaron activamente 30 concellos, que forman parte dese territorio, dese espazo onde queremos desenvolver a Estratexia de infraestrutura verde. Houbo moita colaboración e moita sensibilidade co plantexado por parte desta consellería para, efectivamente, sempre da man dos concellos, poder mellorar e poder garantir a sustentabilidade do territorio.

En definitiva, señorías, estamos a implementar ese novo marco, ese novo paradigma, que vai colocar a nosa comunidade —e volvo dicilo— na vangarda do coidado e da protección do noso territorio. Queremos que Galicia siga medrando, pero é importante que o faga segundo uns alicerces que sexan sólidos, sostibles e —o máis importante— respectuosos coa nosa esencia.

Como dicía ao principio, a paisaxe de Galicia é parte de todos nós, e por iso tamén unha responsabilidade de todos. A nosa meta é que todas estas medidas —as que xa tomamos e as que tomaremos ao longo deste ano— contribúan a consolidar a conciencia da corresponsabilidade e tamén a conciencia do valor da paisaxe e do territorio; unha conciencia que vai garantir unha Galicia fermosa e sustentable no presente e tamén no futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda, por petición propia, para informar sobre o avance do peche do exercicio 2017, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e as principais liñas de actuación para o presente exercicio**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Señor presidente.

Bos días, señorías.

Comparezo hoxe ante a Cámara para falar sobre o avance do resultado do peche do exercicio 2017, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e para adiantar as principais liñas para o presente exercicio 2018. Trátase, pois, dun avance, porque o exercicio acaba de rematar, e, polo tanto, son cifras provisionais que irán sendo confirmadas nas vindeiras semanas.

O máis salientable é que pechamos un ano no que Galicia consolidou a recuperación económica e reforzou a súa solvencia. Galicia volveu cumprir o obxectivo de déficit público, Galicia volveu cumprir o límite de débeda pública, Galicia controlou a regra de gasto, mantivo cada mes uns tempos de pago mellores cá media española e Galicia seguiu medrando por riba do 3 % e creou por riba dos 21.000 empregos.

Señorías, a estabilidade orzamentaria é esencial para garantir a sustentabilidade do Estado de benestar. Vexamos isto polo miúdo.

En primeiro lugar, aceleramos a consolidación fiscal. A primeira conclusión é que Galicia conseguiu no 2017 cumprir un ano máis os obxectivos fixados no Consello de Política Fiscal e Financeira. Afortunadamente, que Galicia cumpra estes obxectivos é algo habitual e deixou de ser noticia, pero resulta de gran importancia. Desde o 2009 este goberno fixou un dos seus obxectivos: acadar unha redución progresiva e non abrupta do déficit público, cumprindo, como dicía anteriormente, os obxectivos marcados no Consello de Política Fiscal e Financeira. A novidade do ano 2017 é que aceleramos a consolidación fiscal, e xa podemos afirmar que estamos nunha consolidación fiscal técnica que se reafirmará neste ano 2018.

Aceleramos a consolidación fiscal porque, segundo os datos provisionais dos que dispoñemos, Galicia rexistrou en 2017 un déficit público do 0,21 % do seu PIB, moi por debaixo do límite

autorizado e que reafirma a Galicia como unha comunidade de referencia na estabilidade orzamentaria. Neste momento os datos mostran que Galicia practicamente rematou o proceso de consolidación fiscal que comezamos no ano 2009. Este dato provisional permite asegurar que Galicia, pois, rematou o esforzo da redución do déficit público e foi capaz de acadalo antes do previsto. Esta circunstancia é moi relevante porque a estabilidade orzamentaria impulsa o modelo de crecemento san inclusivo e en estabilidade, polo que aposta este goberno, e que favorece crecementos económicos no entorno do 3 % dende hai xa tres anos.

Pechar o exercicio 2017 cun déficit do 0,21 %, de tan só uns 129 millóns de euros, significa que cumprimos de maneira folgada o obxectivo do 0,6 fixado para todas as comunidades autónomas e que conseguimos reducir a bastante menos da metade o déficit sobre o ano anterior, posto que no 2016 pechamos no 0,58 %. Polo tanto, reitero que neste momento Galicia completou xa tecnicamente o proceso de consolidación fiscal, e fixémoslo de xeito constante, ano a ano, de forma planificada e sen decisións abruptas.

Quero lembrarlles tamén que Galicia é a segunda comunidade que máis reduciu o seu déficit desde o ano 2012 e que levamos a cabo esta redución ao tempo que conseguíamos darlle volta por completo á situación económica. Empezamos a baixar o déficit nun momento de crise de redución de ingresos, e agora imos pechar o 2017 sendo o terceiro ano consecutivo medrando con taxas do PIB iguais ou superiores ao 3 % real. O principal obxectivo do Goberno galego, que é a creación de emprego, segue dando froitos. Pechamos o 2017 con 21.713 novos afiliados á Seguridade Social e acumulamos máis de 60.000 novos afiliados nos últimos tres anos. Para o 2018 xa lles avanzo que Galicia está en moi boa posición para volver cumprir os obxectivos fixados no Consello de Política Fiscal e Financeira, que para este exercicio son do 0,4 %. Pero, obviamente, non pensamos esgotalos porque xa nos orzamentos incluimos unha marxe máxima do 0,3 %.

En segundo lugar, rebaixamos a nosa ratio de endebedamento. Outro dos obxectivos do Goberno desde un primeiro momento foi manter controlado o endebedamento recorrendo á débeda só de xeito estritamente necesario para poder manter os nosos investimentos, e sempre cumprindo os obxectivos que tamén tiñamos fixados.

Hoxe podemos dicir que tamén cumprimos estes obxectivos. Galicia consolídase entre as comunidades con menos débeda. Quixera lembrar que antes da crise Galicia estaba entre as máis endebedadas, e neste momento está entre as menos endebedadas. Os últimos datos oficiais do Banco de España do terceiro trimestre de 2017 apuntaban a que Galicia reduciu a súa débeda pública en 226 millóns de euros e a que pechou ese trimestre como a quinta autonomía que menos estaba endebedada en España. En menos dunha década Galicia pasou de ser a cuarta comunidade con máis débeda a ser a quinta con menos. Este goberno, pois, deulle a volta á situación. E todo isto pese a que unha parte da nova débeda de Galicia se corresponde cos 2.200 millóns de euros que se orzaran de máis polo Goberno anterior e que nós temos a obriga de devolver.

Neste momento Galicia ten unha ratio de débeda do 18,6; é dicir, seis puntos menos que a media. Os datos oficiais tamén ratifican que a débeda de Galicia está totalmente estabilizada desde o exercicio 2014; é dicir, conseguimos manter estable o endebedamento público da Co-

munidade Autónoma xa nos exercicios 2014, 2015 e 2016. Acelerar a consolidación fiscal tamén tivo efectos positivos sobre o endebedamento, porque a novidade é que agora xa lles pode avanzar que en 2017 Galicia conseguiu reducir o seu endebedamento por primeira vez nos últimos dez anos. Temos a estimación de que será o primeiro ano en que baixe a ratio débeda/PIB —en concreto, en dúas décimas—, para rematar no 18,5 % do PIB. Isto significa que reducimos a nosa débeda sobre o ano anterior, a primeira vez desde o 2007. E cumprimos o obxectivo fixado no Consello de Política Financeira e Fiscal, que era do 19 % para o ano 2017.

Este Goberno é plenamente consciente de que reducir o endebedamento é positivo para os cidadáns, porque nos permite gastar menos en xuros e ter máis recursos tanto para o gasto social como para os investimentos. Por iso Galicia é a comunidade que menos incrementou a súa débeda dende o ano 2009; é dicir, a que menos utilizou esta fonte de financiamento pese a sufrir a maior crise da historia da nosa autonomía. E queremos seguir por esta liña, porque ter menos débeda permítenos aforrar en xuros, aforrar cada ano uns 85 millóns de euros. En catro anos reducimos á metade o gasto en xuros da débeda, e temos 180 millóns de euros máis para investimentos. Ademais, o endebedamento per cápita é máis de 2.000 euros inferior á media, cando antes da crise era idéntico. E, porque, en definitiva, o que queremos é deixarlles unha mellor situación ás vindeiras xeracións de galegas e galegos, desde o 2009 evitamos a emisión de 4.000 millóns de euros de débeda. Por iso lles avanzo que o noso obxectivo para o 2018 non é outro que seguir por este camiño. De feito, a Xunta vai aforrar xa neste 2018 outros 65 millóns de euros en xuros da débeda. E, grazas ao control da débeda, o capítulo de gastos financeiros reduciuse ata supoñer soamente o 1,78 % do total do orzamento da Xunta en gasto non financeiro, o que nos permite, obviamente, ter aínda maior marxe de gasto. En 2018 baixaremos máis a ratio da débeda/PIB, tendencia que prevemos ir consolidando nos vindeiros exercicios.

Outro aspecto moi salientable é que Galicia desenvolveu nos últimos anos, coa normalización das condicións de mercado, un proceso de reestruturación ordenada e planificada da súa débeda, unha reestruturación a través do Fondo de Facilidade Financeira, que, como vostedes coñecen, foi un mecanismo reclamado por comunidades autónomas que, como Galicia, non tiveron que ser rescatas polo Estado, o que nos permitiu o refinanciamento de vencementos de débeda por importe duns 4.000 millóns de euros; unha reestruturación a través da redución do endebedamento tanto dos entes como das sociedades públicas, para gañar en eficacia e transparencia na xestión da débeda, e unha reestruturación tamén a través da renegociación das operacións de endebedamento en vigor.

Galicia tivo acceso en todo momento á confianza dos investidores, tanto nos anos máis duros da crise financeira —nos que múltiples comunidades autónomas tiveron que ser rescataadas— como cando se normalizou a situación dos mercados. Isto permitiu nos últimos anos o refinanciamento de débeda con entidades financeiras por un importe de máis de 1.500 millóns de euros, rebaixando as súas condicións financeiras e os custos de financiamento e obtendo aforros de máis de 80 millóns de euros. Como xa avancei, a xestión da estrutura da débeda levada a cabo pola Xunta de Galicia non só nos permitiu rebaixar os gastos financeiros en máis de 170 millóns de euros nos últimos anos, senón que nos asegura uns custos de financiamento de carácter preservado ante posibles subidas de tipos de xuro nos vindeiros exercicios. Desta forma, contamos cunha estrutura de débeda perfectamente delimitada, con

máis do 50 % no Fondo de Facilidade Financeira, que vai permitir manter nos vindeiros anos uns gastos financeiros sostibles e que obviamente non van detraer recursos das políticas produtivas e de investimento.

En terceiro lugar, mantivemos a regra de gasto controlada. Señorías, con este rigor e con este desempeño fiscal mantemos controlado o que se considera, xunto co déficit e a débeda, o terceiro pilar da disciplina fiscal, que non é outro que a regra de gasto. As nosas primeiras estimacións tamén indican que Galicia en 2017 conseguiu manter controlada a regra de gasto; un indicador que, en todo caso, está deseñado para evitar adoptar aumentos de gasto non sostibles e que poidan comprometer o futuro e a solvencia dunha comunidade autónoma.

Pois ben, señorías, con este rigor e con esta disciplina orzamentaria, en 2017 reforzamos a solvencia da Comunidade Autónoma, pero vexamos en que se traduciu —en catro ítems de información—.

En primeiro lugar, no período medio de pago. A solvencia reforzada permitiunos en 2017 non só pagar con máis axilidade, senón seguir mellorando uns tempos xa de por si moito mellores que a media das comunidades autónomas. Lembrarán vostedes que no Goberno galego nos marcamos hai menos dun ano —nove meses, en concreto— un reto moi ambicioso, que era o «pago dez», ou, o que é o mesmo, un período de pago máximo de dez días, moi por debaixo do límite legal. Pois ben, ao longo do 2017 fomos mellorando a axilidade nos pagamentos das nosas obrigas e neste momento podemos salientar que o «pago dez» está consolidado e seguiremos mellorando. Avánzolle que a aplicación do «pago dez» nos permitiu pasar dun período medio de pago de 22,6 días, en decembro do 2016, a unha previsión, en media anual de 2017, de 7 días; que, en concreto, no mes de decembro de 2017 será de -0,1 días. Isto é moi importante, porque pagar con axilidade beneficia as empresas que traballan coa Xunta evitando os seus problemas de liquidez e facéndoas máis competitivas. E beneficia o conxunto dos cidadáns, porque moitos destes provedores son pemes e mesmo autónomos. Por iso, para o 2018 o noso obxectivo é seguir traballando nesta liña e mantendo un diferencial positivo coa media autonómica.

Esta evolución do período medio de pago mensual nas series históricas vén acompañada duns valores de débeda comercial, en cada período, moi inferior á media das comunidades autónomas. En todos os meses do pasado 2017 a débeda comercial foi sempre inferior ao 5 % do total da débeda comercial das autonomías.

En segundo lugar, o que tivemos en 2017 —xa llelo confirmo— é unha mellora na recadación tributaria. A recuperación económica tamén permitiu en 2017 mellorar as nosas previsións de recadación tributaria. Así, melloramos en case 30 millóns de euros a previsión de ingresos en tributos propios e cedidos cando se consideran como dereitos recoñecidos netos. Un bo exemplo do maior dinamismo económico é a mellora en 14,6 millóns na evolución dos ingresos das autoliquidacións do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, que, como vostedes coñecen, tanta correlación garda co ciclo económico.

Esta boa evolución de ingresos tamén nos permite manter as maiores rebaixas fiscais, que xa están en vigor en Galicia desde que as aprobamos no 2016. Lembren que o 99 % dos con-



tribuíntes seguirán sen pagar o imposto de sucesións; en concreto, o 99,6 %. O 98,5 % dos contribuíntes, aqueles con rendas baixas e medias, seguirán pagando menos polo IRPF, e reforzamos a estratexia de impostos cero para o rural. En 2016 eliminamos os impostos para as transmisións de solo rústico, para transmisións totais ou parciais de explotacións agrarias, aumento do tamaño das explotacións ou transmisión a agricultores mozos e para a agrupación de fincas rústicas. No 2017 eliminamos os impostos para a adquisición de vivenda habitual en zonas pouco poboadas aos menores de 36 anos, ás familias numerosas e ás persoas con discapacidade. O ano pasado, 2017, case 115.000 galegos e galegas se beneficiaron das rebaixas do imposto de sucesións —en concreto, 98.141 persoas— e do programa de impostos cero no rural —16.805 persoas—.

En terceiro lugar, permítanme destacar e falar un momento sobre a xestión eficiente tanto do Fondo Social Europeo como do Feder.

O ano 2017 supuxo o peche dos programas operativos Feder e Fondo Social Europeo correspondentes ao marco anterior, coa elaboración e aprobación polas autoridades de xestión dos informes finais de peche. Galicia executou os fondos comunitarios do período anterior, 2007-2013, en liña coa media da Unión Europea, sempre de forma eficaz e eficiente tanto en termos de execución financeira como de indicadores operativos.

No tramo de Feder xestionado pola Xunta de Galicia acadouse unha execución de 1.400 millóns de euros, o que representa un grao de execución do 110 % sobre o gasto público programado. Destacan as infraestruturas de transporte, as de saneamento e distribución de augas e o desenvolvemento das pemes como as áreas de maior investimento. Polo que respecta aos valores dos indicadores marcados como obxectivos que hai que acadar, alcanzouse unha media de realización do 122 % sobre o previsto.

En canto ao Fondo Social Europeo, financiáronse actuacións por máis de 491 millóns de euros, o que representa un grao de execución tamén do 110 % sobre o gasto público programado. Ao longo do período, beneficiáronse máis de 750.000 persoas en Galicia das actuacións financiadas co Fondo Social Europeo. A boa xestión da Xunta, cunha taxa de erro residual acumulado menor do 2 % do índice de materialidade exixido pola normativa, supuxo no 2017 un ingreso adicional para a arcas públicas de 18 millóns de euros, como consecuencia da liquidación do saldo pendente do programa operativo.

Respecto do período de programación 2014-2020, o programa operativo Feder apostou por concentrar os fondos nos ámbitos prioritarios da Estratexia europea 2020 —é dicir, estamos a falar da I+D+i, das TIC, do desenvolvemento e innovación empresarial e da economía baixa en carbono—, nos que se inclúe o 66 % do importe dos fondos asignados ao programa.

No 2017 culminouse o complexo proceso de implementar os sistemas e procedementos de xestión e de control de fondos incorporando os novos requirimentos exixidos e que foron avaliados e aprobados polas autoridades de xestión. Ao mesmo tempo intensificamos o ritmo de execución dos programas. E Galicia destaca no contexto estatal como unha das comunidades que máis avanzou na execución de actuacións financiadas con fondos europeos —tanto Feder como FSE—, tanto en número de operacións aprobadas como en gasto certificado.



En cuarto lugar, voume referir ao esforzo investidor. Galicia situouse no 2017 á cabeza das comunidades autónomas en canto a esforzo investidor, cinco puntos máis que a media, como tamén se fixeramos a relación en investimento por habitante. Polo tanto, señorías, podemos concluír que Galicia en 2017 de novo cumpriu os seus compromisos mantendo a estabilidade orzamentaria e reforzando a solvencia da Comunidade Autónoma. E esta estabilidade deu os seus froitos situando Galicia á cabeza de España en pagamento a provedores e esforzo investidor, á vez que melloramos a recadación, mantivemos e ampliamos as baixadas impositivas e se optimizou a xestión de fondos europeos.

¿Que agardamos para o 2018? Agardamos seguir polo mesmo camiño, reforzando a estabilidade orzamentaria e solvencia de Galicia para consolidar a recuperación económica e a creación de emprego de calidade, e con varios obxectivos —seis—, aos que me vou referir.

En primeiro lugar, cumprir un ano máis os obxectivos pactados e acordados. Como xa avancei, este ano terminaremos a consolidación fiscal-técnica na que nos atopamos nestes momentos e, polo tanto, cumpriremos de novo co obxectivo de déficit público sen necesidade de esgotar o límite do 0,4 do PIB autorizado ás comunidades autónomas, cumpriremos de novo o obxectivo de límite de débeda e volveremos rebaixar a ratio de débeda/PIB a un contorno próximo ao 18,2% para reforzar a solvencia de Galicia e manter a recuperación económica.

En segundo lugar, continuaremos crescendo de maneira sólida e sostida. Para o 2018 mantemos un forte crecemento do 2,5 % —por riba do agardado para España—, pero cunha, obviamente, estimación prudente derivada da situación de incerteza en Cataluña.

Galicia leva catro anos completos cun crecemento constante e progresivo, e estamos intensificando a converxencia tanto con España como coa Unión Europea. Unha vez acadados avances interanuais por riba do 3 %, queremos manter un crecemento sostido. Galicia sae, pois, da crise cunha economía moito máis moderna e mellor preparada para o futuro.

En terceiro lugar —e dos máis importantes—, continuar creando emprego de calidade e rebaixando a taxa de desemprego. Para o 2018 agardamos que se poidan xerar uns 17.500 novos empregos e rebaixar a taxa de paro ata o 14,2 en media anual.

En cuarto lugar, continuar coa internacionalización da nosa economía e a apertura empresarial ao exterior. Para o 2018 agardamos prolongar o mellor ciclo exportador da historia de Galicia. As exportacións galegas continúan marcando cifras históricas e batendo todos os rexistros ano a ano. O obxectivo para 2020 lembren que non é outro que que as nosas exportacións supoñan aproximadamente o 40 % do PIB. E cada exercicio damos un paso máis nesa dirección. Co último dato dispoñible do pasado novembro, as exportacións medraron en Galicia, en termos acumulados, un 7,8 % sobre un ano, o 2016, que xa marcara récords absolutos. Ademais, Galicia rexistra a segunda mellor balanza comercial de España en termos absolutos.

En quinto lugar, manter Galicia entre as comunidades con menor presión fiscal para as rendas medias e baixas. Galicia seguirá sendo unha das comunidades nas que as rendas medias e baixas pagarán menos impostos. Mantemos a rebaixa no imposto de sucesións, pola que

non pagan este tributo o 99,6 % dos galegos, a rebaixa no IRPF, que beneficia a ese 98,5 %, e a estratexia de impostos cero para quen queira vivir no rural e vivir do rural. Este ano, lembren, reforzamos a aposta con incentivos para aqueles que xeren actividade económica e continúen a dinamizar o medio rural; en concreto os que invistan en terras e bens rústicos que se atopen desaproveitados ou nunha sociedade de xestión forestal.

A maiores, xa temos en vigor novas rebaixas fiscais con deducións para persoas que invistan na rehabilitación de inmobles dos centros históricos, ou en actividades económicas neses centros históricos, e a eliminación do imposto de actos xurídicos documentados para os que merquen solo industrial das administracións. E para complementar estas rebaixas de impostos, tamén mantemos os beneficios fiscais aprobados tanto no IRPF como tamén no imposto de transmisións patrimoniais ou no imposto de sucesións e doazóns. Igualmente, seguen en vigor tipos reducidos no imposto de transmisións patrimoniais para vivenda habitual a mozos, familias numerosas e persoas con discapacidade superior ao 65%.

Outro piar fundamental será continuar potenciando a información ao contribuínte para facilitar o cumprimento das súas obrigas e a loita contra a fraude fiscal para cumprir o plan de control tributario, que sempre fundamentamos nos principios de xustiza, igualdade e capacidade económica.

En sexto lugar, manteremos a nosa autonomía financeira. Galicia é das poucas comunidades de réxime común, por non dicir a única, que non pediu nin un euro dos 156.000 millóns que puxo o Estado para poder chegar a final de mes. Pero si demandamos, como xa anticipiei, un mecanismo exclusivo para as comunidades cumpridoras. E por iso o Estado —por proposta de Galicia, entre outras— habilitou en 2015 o Fondo de Facilidade Financeira.

As razóns polas que Galicia optou por este mecanismo son as seguintes: porque non ten condicionalidade ningunha, porque mantemos a nosa autonomía financeira, porque é totalmente opcional, é dicir, podemos entrar e saír cando queiramos, e porque ten condicións vantaxosas que nos permiten aforrar millóns de euros en xuros da débeda para dedicalos a gasto produtivo. O balance foi moi positivo. Desde a posta en marcha do Fondo de Facilidade Financeira, Galicia aforrou 340 millóns de euros. E todo isto porque buscamos que a solvencia teña reflexo nun Estado do benestar máis fortalecido. A prioridade é seguir reforzando o gasto social e mellorando os servizos públicos, tal e como estamos a facer ano a ano —especialmente nos tres últimos— porque dispoñemos de máis recursos. Este ano dedicamos 1.000 millóns de euros máis a gasto social que hai catro anos, e Galicia ten o orzamento máis alto da súa historia en sanidade, con 3.858 millóns de euros.

Pero máis alá do cuantitativo, nós, como Goberno, destinamos máis recursos ao máis importante: as persoas. Este Goberno destina a sanidade o 40,7 % do gasto financeiro total, 5 puntos máis que o anterior. Este Goberno destina o 24 % do gasto non financeiro a educación, 1,2 puntos superior ao Goberno anterior. Señorías, estas mellores cifras e este maior apoio á sanidade e á educación pública non son casualidades senón que responden ás prioridades deste Goberno galego. Porque o gasto social xunto coa creación de emprego de calidade e o esforzo en investimento produtivo son os sinais de identidade deste Goberno.

Este ano reforzamos dunha maneira moi clara a nosa aposta polos investimentos. Contamos nos orzamentos que xa están en vigor con 1.570 millóns de euros para investimentos, case 100 máis que no 2017 e 360 máis que hai catro anos. É o maior impulso investidor, pois, desde antes da crise económica. Aumentamos os recursos para o investimento máis do dobre do que crece o orzamento. Xa durante a crise económica Galicia liderou o esforzo investidor; e agora, con máis recursos, queremos redobrar este esforzo para realizar novas actuacións investidoras.

Como xa dixen anteriormente, en Galicia lideramos o esforzo investidor e o investimento por habitante, pero sobre todo tamén por unha completa recuperación económica que atenda a xente que o necesita. Cada vez son máis os galegos e galegas aos que chega a recuperación económica, pero o Goberno é consciente de que temos que chegar aos galegos e galegas que seguen tendo dificultades. A eses galegos e galegas que seguen pasando dificultades son aos que temos que atender de maneira prioritaria.

Señorías, vou rematando.

O avance de datos do ano 2017 e as previsións para este ano teñen algo en común: demostran que a estabilidade orzamentaria de Galicia unida á estabilidade institucional e política que temos dá froitos. A estabilidade facilita que se poidan tomar decisións a prol dos nosos cidadáns coa certeza de que as medidas que se adopten poderán levarse á práctica. Esta garantía de estabilidade, sempre importante, resulta unha vantaxe comparativa clara cando se produce nun momento como o actual, no que Galicia é quizais a autonomía máis estable de España, e se a esta estabilidade unimos planificación, non improvisamos e sabemos o que queremos e como acadalo.

Contamos co Plan estratéxico 2015-2020 como ferramenta clave para consolidar a plena recuperación económica de Galicia. Aspiramos a reforzar un modelo de crecemento máis baseado no coñecemento, na sostibilidade ambiental e na cohesión territorial que permita manter un crecemento medio no contorno ou por riba do 2,5 % do PIB e rebaixar a nosa taxa de paro ao contorno do 10 % no ano 2020. E esta estabilidade e planificación é a que permite que Galicia teña credibilidade e xere confianza.

Señorías, logo dun ano 2017 con estabilidade orzamentaria e solvencia, afrontamos o presente exercicio co obxectivo de seguir consolidando un crecemento san, integrador e inclusivo nun escenario de estabilidade que axude a completar a recuperación das galegas e dos galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor Martínez, eu escoiteino con atención, e teño que dicirlle que comezan 2018 como acabaron 2017, acomodados desde a súa torre de marfil de

San Caetano, afastados da realidade dos galegos e galegas e instalados na máis absoluta autocompracencia, unicamente preocupados por ser os alumnos máis avantaxados, os primeiros da clase, do señor Montoro en lugar de estar preocupados por exercer de Goberno galego e traballar para que deixemos de ter unha Galiza cada vez máis desigual. E isto non por es- perado deixa de ser unha mala nova.

Compareceu vostede para falar dos resultados do 2017, e centrouse moito máis no cum- primento das exixencias do Estado con Galiza que no cumprimento das súas propias afir- macións, en se cumpren vostedes aquilo que predicán. Por iso, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos comezar precisamente poñendo o acento en que os resul- tados das súas políticas económicas —sexan vistos ano a ano ou en perspectiva, desde que vostedes gobernan— evidencian o incumprimento dos seus propios obxectivos, co- mezando por ese último Plan estratéxico 2015-2020 que mencionaba, ou pola retórica or- zamentaria coa que tamén nos adobou hoxe na súa intervención. Porque, por exemplo, vostedes escriben cousas como que —e leo literalmente— «o obxectivo é ter unha Galiza máis igualitaria e con máis oportunidades», pero despois marcan unha folla de ruta que vai en dirección contraria absolutamente, pois o resultado das políticas do Partido Popular é que temos hoxe unha Galiza máis desigual que cando comezou o mandato do señor Fei- jóo, e que a entrada do ciclo de mellora do cadro macroeconómico non está a repercutir nas familias dos galegos e galegas.

Vostede comezou hoxe dicindo que se pechara a recuperación económica. Están vostedes em- balados xa directamente. E din iso cando hoxe a fenda entre a parte máis alta e a máis baixa da distribución da riqueza é cada vez maior. E a saída da recesión —insisto— non está a im- plicar unha recuperación automática na capacidade económica dos galegos e galegas. Esa é unha tarefa que está pendente, que é urxente e que parece que vostedes non están dispostos a atallar, pois hoxe mantívose nunhas liñas absolutamente continuístas e cosméticas.

E, mire, nós pensamos que cómpren cambios profundos, realmente, porque a realidade é que fóra de San Caetano a fragmentación do mercado laboral, as consecuencias dos recortes nos servizos básicos e tamén outros elementos, como a dificultade no acceso ao crédito, pois deixan un panorama no que, sinceramente, as maiorías sociais deste país non están vendo recuperación. Están vendo que vostedes empregan a crise económica como coartada para consolidar unha serie de perdas de dereitos. E ven iso con preocupación. Desde logo, a nós este modelo non nos vale. Este modelo no nos vale porque o seu resultado é que desde que goberna o señor Feijóo se incrementou tres veces máis rápido que no Estado a taxa de po- breza, por exemplo. Se iso é o que vostedes denominan «conseguir darlle a volta á realidade económica», pois sinceramente non é o modelo polo que apostamos as e os nacionalistas.

Aínda que non é de estrañar que teñamos estes resultados. Só hai que ver, por exemplo, o mapa do mercado laboral, do que vostedes tanto se gaban. Esqueceulle mencionar que o 95 % dos contratos que se asinan neste país son de carácter temporal. Se en marzo de 2009 a contratación inicial de indefinidos representaba o 7 %, a día de hoxe representa a metade, a metade desa cifra —un pouco menos—. De feito, o número de contratos indefinidos en decembro de 2017 é aínda menor do que había cando o señor Feijóo gañou as eleccións. En cambio, os contratos temporais incrementáronse en máis da metade. Se iso é o que vostede

denomina como economía máis moderna e preparada para o futuro, pois permítame que discrepemos.

E, ademais, mire, cando vostedes falan de que o emprego é unha prioridade non teñen credibilidade, é que non teñen credibilidade, porque só hai que ver o que fan vostedes cos programas específicos de emprego. Agardamos ansiosos ver os resultados finais de 2017, pero a verdade é que a 30 de setembro tiñan seis programas por debaixo do 30 % de execución; e algún deles no 0 %.

E mentres vostedes se autoaplauden, a realidade é que o país non converxe; e xa non con Europa, é que hai cuestións nas que non converxemos nin sequera co Estado español. Para mostra un botón: a remuneración que ten a día de hoxe a pensión media de xubilación galega está cada vez máis lonxe do Estado español, a día de hoxe 178 euros de afastamento, o cal quere dicir que ao final dun ano calquera pensionista galego perde máis de 2.000 euros en capacidade de gasto. Son máis de 440.000 persoas as que cobran este tipo de pensión á que me estou a referir.

Neste contexto, señor Martínez, nós pensamos que se está a consolidar, coa conivencia das súas políticas, a consolidación dunha pobreza estrutural que non nos podemos permitir. E hai indicadores que o demostran; por exemplo, a enquisa conxuntural a fogares do Instituto Galego de Estatística. Aínda que, por exemplo, no último trimestre melloraron un pouco as cifras daqueles fogares que poden chegar a finais de mes con facilidade —e nós alegrámonos—, o certo é que, se miramos trimestre a trimestre eses datos, hai unha imaxe fixa que está conxelada por moito que cambie algunha desas variables, e é que a metade —a metade dos fogares galegos— chegan con dificultade a final de mes. Se iso é o que chaman crecemento inclusivo, desde logo nós discrepamos absolutamente.

Discrepamos absolutamente e preocúpanos que vostedes subestimen este problema e que non dedican unha boa parte do seu discurso a el, e que, por exemplo, fixeran xa en 2017 unha mala planificación. Recórdolle que nin un mes despois de aprobar os orzamentos tiveron que modificalos para dar cobertura á Risga. E iso é moi preocupante, primeiro, pola situación social, e, segundo, porque vostedes fixeron unha mala planificación do que supón ese problema para o noso país. Iso demostra, primeiro, que as políticas fiscais deste Goberno non están a ter un impacto redistributivo na sociedade; segundo, que a mellora dos cadros macroeconómicos —insisto— non se reflicten na vida dos galegos e galegas; e, terceiro, que hai un problema estrutural que precisa de cambios profundos de orientación e tamén de marco político. Referireime agora a esta última cuestión.

Galicia sofre as consecuencias dun marco político e financeiro que impide desenvolver as nosas capacidades e cubrir as necesidades da nosa xente. Vostedes gobernan —e para a mostra a súa intervención de hoxe— máis preocupados de cumprir con Montoro que de cumprir con ese 50 % do país que non chega a final de mes. E non deixa de sorprendernos que veña aquí falar do cumprimento do déficit, coma se nos tocara a lotería e coma se non estiveramos falando de dar cumprimento a algo que implica facer unha repartición desigual da capacidade de gasto, outorgando ao Estado español, ou ao Goberno central, unha maior capacidade —cando non ten que asumir competencias básicas como o ensino, a dependencia ou os ser-



vizos sociais— en detrimento das comunidades. Que entón vostede remate dicindo que a sexta liña de actuación é manter a autonomía financeira é que iso é falta de autonomía financeira, e falta de autonomía política. Loxicamente, podería ter sido peor co FLA, pero iso non exime de que o marco sexa absolutamente restritivo e inxusto e de que teña unha tradución, porque a tradución deses recortes é que van en detrimento deses servizos básicos que, sobre todo, teñen que atender o público máis vulnerable, porque, se non se outorgan a través deles cuestións como a dependencia ou a sanidade, non terán posible o acceso a eles. Por iso non concordamos coa súa tónica compracente con Madrid. Tampouco con que vostedes non cuestionen que os límites de déficit, malia estar nun período de crecemento e de aumento da recadación, sexan máis restritivos para o 2018 do que foron para o 2017. Pero xa deixou vostede claro que van ser os máis adiantados da clase novamente. E a lectura que facemos nós é que continúa esa asfixia do Goberno central ás comunidades e que vostedes non din nada. E ¿que gaña Galiza nese trato? Pois nós pensamos sinceramente que moi pouco os galegos e galegas, á luz dos datos que demos.

Outro tanto en canto ao obxectivo de débeda pública, tamén repartido de forma inxusta entre o Goberno central e Xunta de Galiza. Aínda que vostedes no 2017 reduciran a débeda, o certo é que con anterioridade a débeda non parou de medrar, especialmente nos tres últimos anos, en máis de 1.000 millóns de euros. En todo caso, no que queremos centrar o fondo da cuestión non é tanto no aumento da débeda en período de crise senón nas razóns para incrementala tamén en períodos de crecemento; pero, sobre todo, no fondo de para que, en cal é o rendemento que se lle saca a ese endebedamento. Pois nós pensamos que, á luz da diagnose que reflectimos do país, endebedarse non contribuíu a paliar esas desigualdades sociais nun momento difícil, nin a aproveitalo para levar a cabo cambios estruturais que nos preparen para o futuro, señor Martínez. E ese endebedamento, ese cumprimento do déficit co Estado, non fai máis que deixarnos un déficit social no noso país. En suma, desde o Bloque Nacionalista Galego pensamos que este corsé financeiro está nos antípodas das nosas necesidades, e preocúpanos e pensamos que habería que superalo.

Do mesmo xeito, hai que superar o actual modelo de sistema de financiamento. E temos que lamentar que vostede veña a este Pleno e que non nos dea máis claves respecto diso. Un ano despois da Conferencia de Presidentes, Galiza non avanzou absolutamente nada na súa posición, veu comparecer un membro do seu Goberno a esta Cámara e non achegou nada novo sobre o debate. Voulle poñer só un exemplo: a conta máis recente do Sergas, a de 2015, desvela un infrafinanciamento de 59 millóns de euros. E, mentres, vostedes, máis alá de notas de prensa xenéricas, non teñen unha soa proposta en firme para blindar a nosa sanidade. Eses 5 puntos de incremento do orzamento non chegan nin para compensar a sanidade dos recortes acumulados nin para financiar o custo real.

Polo tanto, nós instámoslos desde esta Cámara para que cambien de actitude, para que aposten pola necesidade de superar esa coerción financeira do Estado...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ... —remato xa, señor presidente—, de apostar por outro modelo de financiamento e para que realmente aposten por recuperar os servizos públicos e poñer a andar este país en favor da cohesión social.



Rexeitamos as liñas que avanzou hoxe porque pensamos que nadan no conformismo e no continuísmo. Este modelo de país que nos están deixando, cunha Galiza máis desigual, é absolutamente lesivo. Polo tanto, pedímoslle máis ambición. E na segunda quenda avanzaremos outras propostas neste sentido.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señor conselleiro.

Bos días, señores e señoras deputadas.

Antes de empezar a miña exposición, quero dicir que hoxe o Grupo Parlamentario Socialista traemos un lazo de cor marrón como protesta e posta de manifesto dunha suba, na mesma cor, das pensións públicas para todos os pensionistas públicos de tan só un 0,25 %. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, non entendemos moi ben cal ou cales son as razóns do Goberno para que vostede acuda hoxe aquí ao Parlamento galego a unha comparecencia por petición propia para darnos un avance do peche do exercicio orzamentario 2017 e as perspectivas para o 2018. A verdade é que, cando lemos o título da comparecencia, en primeiro lugar, nos pareceu un erro; e despois pareceunos, como mínimo, pouco serio ou unha brincadeira. É unha comparecencia extemporánea e sorprendente, señor conselleiro. O último pleno que se desenvolveu nesta Cámara foi en 2017, é dicir, hai un mes. E nesta Cámara aprobáronse os orzamentos para o exercicio 2018. Entendemos que os obxectivos e as perspectivas para o 2018 non deberon de mudar e que, polo tanto, nese pleno xa se puido facer un anticipo de cales eran esas liñas estratéxicas e esas perspectivas do Goberno galego.

Pode ser tamén que xa estean pensando en facer grandes cambios vía transferencias orzamentarias, cousa bastante habitual no Goberno do señor Núñez Feijóo, que ademais desdubuxan totalmente as prioridades e os obxectivos que plasman vostedes mesmos nos seus orzamentos. Digo que é bastante habitual porque aínda hai pouco o noso grupo parlamentario saíu poñendo de manifesto as transferencias que se teñen feito por parte de todas as consellerías ao Sergas. Tamén iso se fai para que despois os resultados na execución orzamentaria pois saian moito máis favorables ao Goberno, aínda que, como dixen antes, están desdubuxando a realidade que vostedes mesmos aproban e que vostedes mesmos manifestan nos seus orzamentos.

É tamén sorprendente, señor conselleiro, porque nos vén falar dun avance do peche do exercicio orzamentario e nós non temos eses datos do peche do exercicio orzamentario. Vostedes aprobaron unha orde, publicada o 27 de novembro, na que din que se pecha contablemente o exercicio o 12 de xaneiro, é dicir, hai dez días —que se supón que xa está feito o peche de

exercicio—. E vostedes na mesma orde tamén din que as contas anuais dos entes instrumentais estarán —ou deberían estar— o 31 de marzo deste exercicio 2018, que vostede sabe que, como mínimo, van ser duns 4.800 millóns de euros.

Polo tanto, o ano pasado trouxeron a conta da Xunta, a xeral, en setembro de 2017. ¿Quere dicir, señor conselleiro, que agora xa a ten? E se xa teñen os datos, ¿por que os grupos da oposición non temos estes datos para vir aquí todos con datos para poder contrastar e facer unha exposición e, polo tanto, unha comparecencia medianamente seria? Espero que despois mo explique.

Eu creo que volve ser un pouco a política do Partido Popular, unha política que segue a ser de *power point*, unha política na que o márketing é a marca do Partido Popular da Xunta de Galicia. Vostede non vén facer unha valoración seria con informes e con datos. E isto é unha proba máis da falta de transparencia na xestión da Xunta de Galicia. ¡Non ría, señor conselleiro! Despois, na réplica, poderá rebatermo, pero non ría. Iso é o que parece desde o punto de vista da oposición. E é unha proba máis da falta de democracia que ten a Xunta de Galicia na súa xestión.

Mire, señor conselleiro, vostede vén aquí a lucirse e a falarnos desa suposta boa xestión económica que fai a Xunta de Galicia. Pero vostedes, unha e outra vez, poñen os números por riba das persoas, porque o fan a custa de reducir o benestar das galegas e dos galegos, de ofertar menos servizos públicos, de precarizar os servizos públicos fundamentais, non empregar todos os recursos dispoñibles que o propio sistema pon á súa disposición —simplemente para cubrir o déficit—, é dicir, 120 millóns de euros que non empregan para os galegos e para as galegas, e soportar comparativamente unha carga financeira en intereses superior ao resto das comunidades autónomas.

Si, señor conselleiro, eu teño aquí datos, datos publicados polo Ministerio de Facenda e Función Pública. Se vostede os pode rebater, tráiaos. Eu tamén os teño aquí e tamén os sei mirar, xa llo dixen nalgunha outra ocasión. E, mire, señor conselleiro, vou seguir rebatendo eses datos de boa xestión, xa que desbotan esa presunción da Xunta de Galicia, do PP da Xunta de Galicia, de que están facendo todo perfectamente ben.

Mire, Galicia —2009-2018— perdeu 1.200 millóns de euros en gasto social en termos comparativos constantes. O gasto financeiro orzamentario para 2009-2018 triplicouse, señor conselleiro. Estamos en 1.236 millóns de euros. O sector público autonómico experimentou unha perda acusada no conxunto da economía galega en termos de PIB. Do 20 % no 2009 pasamos a un 17 % no 2018. Eses son os datos, señor conselleiro. E a creación de emprego en Galicia ten un dos comportamentos máis negativos entre todas as comunidades autónomas.

Señor conselleiro, vostedes no consello da Xunta que desenvolveron o 18 de xaneiro publicaron unha nota sobre o déficit na que se indica e se dá conta dun informe sobre a evolución das contas, ao que tamén vostede acaba de facer referencia na súa intervención. E volvo repetirle: ¿onde está ese informe? Nós non temos ese informe. ¿Por que non se remite —se existe ese informe— ao Parlamento? E insisto en que esa é a transparencia da Xunta de Galicia.

Eu voulle retallar cada un dos indicadores subliñados tanto no dito informe como por vostede na súa comparecencia. Vostede falou do déficit, e presentan o déficit como unha boa xestión

ao reduciilo ao 0,21 %, cando a marxe que vostedes teñen é do 0,6 % e a marxe proposta polo propio Goberno galego era do 0,5 %. É dicir, afástanse do seu propio obxectivo nun 60 %.

Señor conselleiro, respóndame. ¿É positivo sumar os 60 millóns que deixan de aproveitar e estes 240 millóns que tamén parece que lle sobran á Xunta de Galicia porque todos os servizos están en grandes, en magníficas, condicións e non hai precarización? ¿De verdade estamos en condicións de que Galicia deixe de utilizar 300 millóns de euros, 300 millóns de euros, señor conselleiro, que axudarían a mellorar a vida dos galegos e das galegas, fundamentalmente mellorando os servizos públicos e a empregabilidade, e, sobre todo, daquelas persoas que peor o están pasando e que están saíndo moi dificilmente da crise económica? ¿Vostede considera, señor conselleiro, que Galicia *va bien*?

En PIB, respecto da taxa de crecemento, a Xunta de Galicia manifesta que se situará —e vostede acaba de dicilo— en torno ao 3 % para o 2017. Pero a previsión orzamentaria do seu goberno era dun 3,6 %, é dicir, un 20 % máis elevada. É dicir, crecemos un 20 % menos do previsto pola propia Xunta de Galicia. ¿Tamén considera positiva esta rebaixa, señor conselleiro? Dígame se é verdade ou estou mentindo.

Regra de gasto. Vostede acaba de dicir que as primeiras estimacións da Xunta de Galicia indican que se vai cumprir a regra de gasto. Señor conselleiro, olvídaselle un pequeno detalle: no 2016 tamén o consideraba e Galicia foi unha das poucas comunidades, é dicir, unha das cinco comunidades, que incumpriron a dita regra de gasto. Non sei por que volve rir, teño aquí datos para ensinarllos. Se quere, achégollos despois de que acabe a miña intervención. Son datos oficiais do Ministerio de Facenda e Función Pública.

O de endebedamento é un apartado no que vostede acaba de facer unha longa exposición e detallada. Dinos que o endebedamento se rebaixa para Galicia, en termos do PIB, nun 0,1 %. Aínda supoñendo que esta cuestión non obedeza a causas conxunturais, estamos falando de 60 millóns de euros de redución nun endebedamento total de máis de 12.000 millóns de euros, señor conselleiro, ¡máis de 12.000 millóns de euros! E recórdolle que a débeda galega foi incrementada polo goberno do señor Núñez Feijóo en máis de 6.300 millóns de euros, señor conselleiro, ¡máis de 6.300 millóns de euros, señor conselleiro!

Parece que non está de acordo cos datos do Ministerio, pero é que, mire, tamén lle vou recordar os datos que publica o observatorio da débeda para decembro do 2017 da Airef. Tamén sabe quen é, ¿non? Supoño que terá tamén importancia o seu dato. E di que, no último dato publicado sobre o custo financeiro do endebedamento, o de Galicia continúa a ser superior ao de doce comunidades autónomas, e son dezasete. O de Galicia é superior ao de doce. Recórdolle que Galicia, nas súas ansias por ser o primeiro da clase, ao non acudir aos mecanismos de financiamento extraordinario —insisto, que estaban á disposición de todas as comunidades autónomas—...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...tivo un custo moi superior. Do 2012 ao 2016 o aforro para as comunidades autónomas por préstamos foi de 22.061 millóns de euros; para Galicia, 121 millóns de euros. Eses son os datos, señor conselleiro.

En emprego tamén fixo vostede referencia ás 21.000 novas afiliacións á Seguridade Social para o 2017. Pero é que, miren, señor conselleiro, en Galicia hoxe temos 98.000 afiliados menos, ¡menos!, que en 2008, cando o señor Núñez Feijóo, accedeu...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...á Presidencia da Xunta.

Remato xa, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Se me deixa, soamente un dato.

No 2017 Galicia foi das comunidades autónomas que tiveron un menor aumento na afiliación á Seguridade Social. Galicia, 2,25 %; conxunto de todas as comunidades autónomas, 3,42 %.

Grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Bo día.

Señor Martínez, hoxe estamos diante da constatación do fracaso do seu goberno. Despois de dez anos gobernando, volvemos ter o mesmo nivel de PIB que tiñamos no ano 2009, cando empezaron a gobernar. Son dúas lexislaturas e media perdidas, cun balance desolador, porque nos levou dez anos volver a onde estabamos en termos de riqueza, pero con 145.000 empregos menos e 7.500 millóns de euros de débeda pública máis.

Señor Martínez, hoxe quedei case admirado da súa técnica para manexar iso que se chama o xogo do trileiro, que consiste en falar e falar para que o público perda a atención sobre onde está a *pelotita*. E eu vou dicir o dato, porque está falando de que a débeda pública galega se reduciu 4.000 millóns. Cando vostedes empezaron a gobernar debiamos 3.700 millóns de euros e agora debemos 11.200 millóns de euros. Isto é, debemos 7.500 millóns de euros máis dende que vostedes están gobernado. Esa é a *pelotita*, señor Martínez, 7.500 millóns de euros nos que vostedes deixan endebedado este país para toda a súa historia.

Déixeme que lle diga, sobre este tema, dúas cuestións.

Primeiro: vostedes endebedaron o país como nunca na historia. En trinta e cinco anos de autonomía e catro presidentes anteriores, vostedes foron quen de multiplicar, de triplicar, a débeda que herdaron con catro presidentes anteriores e vinte e sete anos de autonomía.

Segundo: non é certo, señor conselleiro, ese xogo de trileiro de que a débeda foi para financiar o investimento. Non diga iso. A débeda foi para financiar gasto corrente porque o devalo absoluto dos ingresos, grazas ás reformas laborais do seu partido e á ineficiencia do modelo de financiamento autonómico provocou un afundimento dos ingresos. E para pagar gasto corrente endebedáronnos.

Terceiro: claro que aforramos 340 millóns de euros dende que entramos no FLA, máis coñecido agora como Fondo de Facilidade Financeira, claro que aforramos 340 millóns de euros. ¿Sabe por que? Porque entre o 2012 e 2015 pagamos 400 millóns de euros para pagar a campaña de imaxe do presidente Feijóo de que non entrabamos no FLA.

Déixeme que lle diga que hoxe vostede atentou contra o discurso do neoliberalismo falando —eu agradecínlo— da reestruturación da débeda. Claro que están reestruturando a débeda. Tal e como o noso grupo lles dixo, deixen de deberlles cartos aos bancos privados e recorran ao fondo de financiamento que pon o Estado ao servizo das comunidades autónomas. Eu recordo as risas na Comisión 3ª cando nós propuxemos ese plan de reestruturación da débeda pública da Comunidade Autónoma galega. Velo a vostede presumindo desa reestruturación, prodúcenos certa tenrura, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

Déixeme que lle adiante algo máis para que vaia preparando o discurso. Vai haber metabolización da débeda das comunidades autónomas co Goberno central, ¡vai habela! E esas palabras presuntuosas do presidente da Xunta de Galicia de negarse sequer a falar dese tema, señor conselleiro, que as vaia atemperando, porque xa lle digo eu que vai habela e xa lle digo eu que buscará os argumentos para explicar como Galicia é das máis beneficiadas dese proceso.

Estamos diante do peor balance económico dos trinta e cinco anos de autonomía e aínda vén aquí a presumir de xestión económica. A economía galega saíu da recesión pero a sociedade segue vivindo en crise. Que o PIB creza o 3 % é o normal, porque é a taxa media de crecemento da economía galega dende 1960. O excepcional foi esa década de recesión, que ten un culpable: a política da Troika.

Señor Martínez, todo o discurso do seu partido das reformas estruturais limitábase a dúas cuestións: á reforma laboral e á austeridade compulsiva. E esa foi e segue sendo a receita neoliberal: reducir salarios, precarizar o emprego, quitar dereitos laborais, deteriorar os servizos públicos e recortar o investimento. E esa política é a culpable da década perdida, da deterioración das condicións de vida e de traballo da maioría social, pero tamén da debilitación extraordinaria da estrutura produtiva do noso país, que cada vez é máis dependente dos servizos de baixo valor engadido, comercio e hostalería, vinculados ao turismo; un modelo de crecemento que inevitablemente implica un modelo laboral precario e de baixos salarios.

Voulle dar —como dos datos de Galicia xa falamos máis veces— algúns datos para que o seu partido se sinta orgulloso, señor Martínez. España é o Estado que ten a taxa de paro máis alta da Unión Europea. Somos o Estado que ten a taxa de temporalidade máis alta de toda a Unión Europea, porque xa pasamos a Polonia, desde a última vez que falamos xa pasamos a Polonia. España é o terceiro Estado da Unión Europea con maior taxa de risco de pobreza entre as persoas que teñen traballo, tan só Grecia e Romanía están peor ca nós. E

esta forma na que traballamos condiciona de forma determinante a forma na que vivimos. E por iso non é de estrañar que España sexa o Estado que ten a peor distribución da renda, que España sexa o Estado que encabeza a desigualdade, porque temos un índice de Gini que só está por detrás de Bulgaria e de Lituania. España está entre os Estados cunha maior taxa de risco de pobreza, cunha taxa Arope do 28 %, que é a quinta máis alta, despois de Romanía e de Bulgaria. Encabezamos a clasificación de risco de pobreza despois de transferencias sociais, por detrás de Bulgaria e de Romanía. Crecemento económico con desigualdade —como acaba de dicir o Foro de Davos, niso que chama o Índice de Desenvolvemento Inclusivo, diso que vostede fala retoricamente. O Estado español está de 26 nos 29 países que están na clasificación. Señor conselleiro, ¿o Partido Popular pode estar de acordo con que o Estado español comparta pelotón con Bulgaria, con Romanía e con Polonia? ¿Ese é o orgullo patriótico, esa é a forma de tratar o noso país?

Paso rápido para ir á parte da súa xestión. Como ben dixo a portavoz do Partido Socialista, vostede vén sen datos e nós temos que acudir a datos para participar nun debate. Eu dixen o outro día na comisión que un debate de economía sen cifras é literatura. E as únicas cifras que están dispoñibles hoxe para a xente son do informe do Ministerio de Facenda do señor Montoro, do informe mensual sobre a execución orzamentaria, cos datos do mes de outubro, para o conxunto das comunidades autónomas. É un documento oficial, dispoñible na *web* do Ministerio, que supoño que a Consellería coñecerá.

¿Que di ese informe —que son datos a outubro para todas as comunidades autónomas e que, polo tanto, permiten unha análise comparada—? Pois di algo demoledor, señor conselleiro, e é que Galicia é a comunidade autónoma que ten a peor evolución orzamentaria nos dez primeiros meses do ano 2017. É certo que é a mellor na consolidación fiscal. Pero, ¿como facemos? ¿Cal é a vía galega da consolidación fiscal? Reducimos o gasto máis que as demais.

Déixeme que lle dea un par de cifras. O gasto non financeiro no conxunto das comunidades autónomas medrou un 4 % en comparación co 2016. Hai tres comunidades autónomas que presentan unha anomalía, e é que diminúe o gasto. ¿Sabe cal é unha delas, señor conselleiro? Nós, na que o gasto non financeiro nos dez primeiros meses do ano 2017, comparados cos do 2016, se reduciu no 0,1 %, mentres que no resto das comunidades autónomas medraba o 4 %.

¿E sabe cales son as variables desa evolución do gasto? Primeiro, que os gastos de persoal medran o 0,3 %, algo que non é compatible con que os salarios dos empregados e das empregadas públicas medren o 1 %, salvo que haxa unha redución do número de persoas que traballan nas administracións públicas, que é o modelo que se está aplicando aquí.

Falaba, presumía o conselleiro, gabábase de que somos os que máis investimos. O capítulo VI, de investimento real, di o Ministerio de Facenda, di Montoro, que no conxunto das comunidades autónomas aumentou o 5,5 % en comparación co do 2016. ¿Sabe cal é a cifra para Galicia? Unha redución do 1 %. Recortamos en persoal, recortamos no investimento, e iso supón deteriorar tanto o benestar como a capitalización do país.

Conselleiro, non recortamos en todo, ten razón, porque hai un capítulo, o capítulo II, o gasto corrente en bens e servizos, no que en Galicia, nos dez meses que levamos pechados orza-



mentariamente do 2017, se incrementou no 16 %, mentres que na media do Estado ese incremento foi do 5 %: menos persoal, menos investimento, máis gasto corrente. Aforramos, obviamente, en gasto financeiro, por iso que falabamos antes de terse incluído no financiamento que o Estado pon á disposición das comunidades autónomas.

Vou rematar con dúas cuestións. Consolidamos fiscalmente máis que as demais porque reducimos o gasto e porque no capítulo de ingresos temos unha peor evolución que o resto das comunidades autónomas, señor conselleiro. E son especialmente preocupantes dúas cifras: primeiro, que nos recursos que proceden do sistema de financiamento autonómico Galicia incrementa os seus ingresos no 3,7 %, mentres que a media das comunidades autónomas do réxime común o fai ao 6,3 %, o dobre ca nós; e, segundo —porque iso ten que ver coa súa responsabilidade, señor conselleiro—, os recursos propios, os recursos que non están vinculados, que non veñen do financiamento autonómico. ¿Vostede coñece a cifra do informe de Montoro?, ¿coñécea? Non. Non ten interese, non lle gusta. Non sabe nada.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LAGO PEÑAS:** Voulla dicir eu. Os ingresos propios das comunidades autónomas incrementáronse de media o 6,3 % no Estado, mentres que en Galicia, señor Martínez, caeron ao 1 % no 2017, en comparación co 2016.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Remate, por favor

**O señor LAGO PEÑAS:** Remato só cunha idea.

Señor conselleiro, non me lea aquí a resposta que trae da casa. (*Murmurios.*) Sexa quen de subir...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Remate.

**O señor LAGO PEÑAS:** ...e contestar algunha pregunta; só unha, por exemplo: ¿por que os ingresos propios da Xunta de Galicia caeron o 1 %...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LAGO PEÑAS:** ...mentres que no resto das comunidades autónomas se incrementaron un 5,5 %?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LAGO PEÑAS:** Contesto a unha pregunta. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Bos días.

Grazas, señor presidente.

Eu quero comezar por agradecer a comparecencia do señor conselleiro. Máis que felicitalo polos datos que nos trouxo, creo que nos deberíamos felicitar todos porque os datos que se reflicten e que se recollen na comparecencia sobre o peche do exercicio para 2017 son bos, e é unha boa forma de comezar o ano.

Non me parece que sexa unha comparecencia extemporánea; ao revés, é profundamente oportuna, salvo que, efectivamente, algún entenda que veu lucirse e que a realidade é que os datos se dan para lucirse. Pero non vimos para iso, vimos para explicar como está a situación neste exercicio.

Moi en síntese o que o conselleiro nos transmite é que se cumpriron os obxectivos do déficit de débeda fixados no Consello de Política Fiscal e Financeira, que estamos en consolidación fiscal técnica, que pechamos o exercicio cunha estimación de déficit do 0,21, o cal é moi compatible —agora que non citan a Keynes os portavoces da oposición— con taxas de crecemento do 3 %, e que é o momento de empezar a consolidar e a reducir a débeda, que normalmente se fai en relación co PIB. Critícase que nos endebedamos durante a crise en 7.500 millóns, e esquecen que 2.600 veñen dos exercicios do ano 2008 e do ano 2009, que están incorporados á débeda total da comunidade autónoma, e, sobre todo, esquecen que, se lles chegamos a facer caso, en vez de deber esa cantidade deberíamos, simplemente coas emendas que nos presentaron nos últimos anos os señores de Alternativa Galega de Esquerda — agora chamada Mareas— 1.000 millóns máis.

Esta é a realidade que se escribe así. E dá igual confundir o FLA co Fondo de Facilidade Financeira; dá igual que o FLA se calcule a diferenza do que se podía financiar no mercado co que realmente se podía financiar o Estado ou a Comunidade Autónoma de Galicia; dá igual que a Comunidade Autónoma de Asturias, por exemplo, hai dous anos saíra do FLA e empezara a endebedarse no mercado e o ano pasado pedira entrar no Fondo de Facilidade Financeira. ¿Por que a Comunidade de Asturias se integra no Fondo de Facilidade Financeira e non no Fondo de Liquidez Autonómica, no que estivera? Porque son fondos distintos. Pero, ben, aquí acúsase de trilerismo, e non se distingue o que é un fondo do que é outro e cales son as vantaxes dun fondo e cales son as vantaxes doutro fondo.

Aquí parece que todo vale e, afortunadamente, o señor conselleiro vén coas contas ben feitas da casa. Así que, señor conselleiro, siga dando os datos que vostede trae, que están contrastados. Evidentemente, aquí búscase outro tipo de debate.

Todo isto, ademais, é compatible con taxas de crecemento do 3 %. É a segunda vez que o señor Lago nos sorprende dicindo que esta é a taxa de crecemento de Galicia desde o ano 1960. Eu non vou dicir nada sobre isto, porque non quero que teña vostede problemas dentro da Marea, pero vostede o que me está eloxiando son as taxas de crecemento do desarrollismo franquista. Se iso non é facer trampa e se iso non é intentar confundir a xente... Se colle vostede as estatísticas de crecemento do PIB español e ve como evolucionaban nos anos se-

senta con taxas de crecemento do 7 %, 8 % e do 9 % e como evolucionaron unha vez que chegamos a ser un estado desenvolvido, que entramos na Unión Europea e que igual que todos os países que viron un proceso rápido de desenvolvemento creceron a taxas moi elevadas para despois ter taxas máis moderadas; ben, se iso non é enganar ou non é tourearnos ou non é querer dicir algo que non é, pois non sei o que é. Espero que non sexa unha apoloxía do franquismo, porque sei que vostede non virá aquí dicirnos que cando crecía a economía ben era durante os anos sesenta, ¿non? En fin, eu creo que... (Aplausos.)

O feito é que a economía galega crece a taxas superiores á española. Coñecemos o dato oficial do 2016, e foi superior ao da española, e no ano 2017 polo menos vai ser a taxa da española; taxas de crecemento moi consistentes, simplemente con que as comparece coas do contorno. Os países desenvolvidos están crecendo o un e pico por cento; nós estamos crecendo o 3 %. Eu creo que iso é unha boa nova, e deberíamos alegrarnos. Claro, se o comparamos coas taxas de crecemento dos anos sesenta, posiblemente non nos alegremos. Eu alégrome de que crezamos en democracia o 3 %, desde logo.

Ben, estes datos, en síntese, amosan unha xestión razoable, prudente, que sitúa a Galicia nun bo escenario, como confirman datos que coñecemos despois do debate de orzamentos.

Eu simplemente quero recordar que estamos confirmando que en 2017 batemos o récord de exportacións. Un economista que eu sei que é amigo de varios desta sala e que algúns teñen máis próximo ideoloxicamente que outros, pero do que todos apreciamos as súas contribucións, publicaba recentemente que, sendo Galicia a sexta comunidade autónoma en índice de exportacións, temos unha diferenza, e que é moito mellor a situación de Galicia, porque exportamos no estranxeiro e non nos dedicamos a importar para exportar ao mercado interno español. Sabe vostede que me refiro a Albino Prada, que coñece ben estas cuestións e que eloxia o modelo de exportación de Galicia, o que, evidentemente, significa que hai unha boa evolución, entre outras cousas, vendo os sectores exportadores da industria.

Saíu onte a estatística oficial do INE do incremento de entradas de pedidos nas industrias. En España é un incremento do 9 %; en Galicia é do 26,2 %. Saíu tamén a cifra de negocio: o incremento en España é do 7,5 %; en Galicia é do 13,5 %.

E un, que leva aquí xa certo tempo e que recorda o que se dixo aquí, por exemplo, do sector naval, como un sector estratéxico de Galicia, estes días colle a prensa e le titulares como «*El metal gallego cierra el mejor año en una década y factura 13.000 millones de euros*», ou escoita o secretario xeral da Asime dicir que só no naval imos necesitar este ano 1.500 traballadores, ou ve que a noticia de hoxe sexa que hai que formar traballadores galegos para o naval para que non veñan inmigrantes que lles saquen o traballo aos galegos, un acórdase de que iamos afundir o naval, de que non iamos facer nada e de que iamos afundir a industria. Ben, pois isto, evidentemente, quere dicir algo.

A creación de emprego industrial en Galicia está consolidándose, caeu o desemprego no sector o 13,94 %, ao peche do 2017 con respecto ao 2016, un 3,42 % máis de afiliacións, a ocupación do sector sobe ao 14,8 %, fronte ao 12,7 % do Estado, e a creación de empresas vai en boa liña, con máis capitalización, que o importante é que gañen traballo. Algo terá que ver

a Industria 4.0, e esperamos que algo sirva para impulsar este crecemento do sector industrial a Lei de implantación empresarial, que vostedes —¿como non?— só poden dicir que é unha cousa que serve para explotar a Galicia.

Os efectos positivos do PIB tamén se traducen no emprego e nos salarios. As cifras de emprego son coñecidas: en España segue a baixar o desemprego; en Galicia, no terceiro trimestre, a taxa de paro era do 14,49 %, e en España, do 16,38 %. Mantemos o diferencial positivo, segue baixando o paro rexistrado e as afiliacións á Seguridade Social son 21.000 no último exercicio e unhas 60.000 nos últimos tres anos. Dos salarios, o INE di que en Galicia os salarios subiron no 2017 un 1,7 %; a media de España foi do 0,3 %. Hai un ano eramos a quinta comunidade por abaixo; agora somos a novena por arriba. Algo melloraron tamén os salarios, e particularmente os dos novos. Entre os máis novos no último ano, no tramo de 25 a 34 anos, os salarios subiron un 2,71 %.

E fálase da conversión de contratos temporais en fixos. Hoxe mesmo vén a noticia de que o 17,2 % de contratos temporais foron convertidos en indefinidos, máis de 30.000 no ano pasado. Se sumamos as conversións que trae o informe Randstad, feito público estes días, en Galicia creáronse 28.000 conversións de traballos temporais en indefinidos, e no ano 2017, 33.000. A suma, como poden ver, dá máis de 60.000. Iso quere dicir que se creamos 60.000 postos de traballo e as conversións de temporais en fixos foron aproximadamente outras 60.000, todo isto que están vostedes dicindo, que o 90 % dos contratos que hai en Galicia son temporais, é un xogo de trileiros, porque dicir cantos contratos temporais se firman e non dicir cantos se convierten de temporais a fixos é unha forma de enganar a xente.

Señor Lago, vostede hoxe vén moi simpático, rindo moito. Supoño que le a prensa e que, ademais, me permitirá que lle lea unha cuestión que saíu nunha sección non económica. A sección é a Defensora del Lector, do principal diario de España de maior tirada. Entón, hai un lector do diario que se queixa porque este diario titulou: «*Más del 90 % de los contratos de 2017 fueron temporales*», algo semellante ao que acaba de dicir vostede. Di o lector: «*Es tremendo que esto se considere una noticia, cuando lleva sucediendo mes tras mes desde la reforma de 1984*». E quéixase porque di: ¡home!, novidoso ten que ser algo novo, non algo que se leva producindo desde o ano 1984. E di a defensora do lector: «*La noticia, ampliamente desarrollada en las páginas de economía, dejaba claro, con la ayuda de un gráfico que recogía los contratos firmados desde el 2006, que los temporales han representado siempre*» — polo menos desde esa fecha; fecha na que gobernaba a esquerda— «*la abrumadora mayoría del total. Sin embargo, al destacar en la portada el dato de 2017 aisladamente, se le daba la importancia de un hecho nuevo, cuando era la confirmación de una tendencia histórica.*» E resúmeo cun consello que eu lle dou: «*Si lo que esperan los lectores de un diario es que recoja la actualidad de la forma más amplia y precisa, no es menos cierto que también exigen contención informativa en algunas cuestiones.*»

Señor Lago, eu pediríalle algo de contención informativa co tema da precariedade laboral. Acabo de darlle os datos. (Aplausos.)

É certo que non estamos conformes co que levamos feito. Hai problemas de desigualdade... Por certo, señor Lago, ¿viu vostede os datos do IGE recentemente publicados sobre o índice de Gini e o índice S80/S20? Porque resulta que o índice de desigualdade, o último, o do ano

2016, está por baixo en relación co ano 2009. Polo tanto, a desigualdade hoxe en Galicia é menor que no ano 2009, o cal non quere dicir que flutuase á alza durante a crise.

¿E que estamos a facer? ¡Home!, pois estamos a facer cousas importantes: igualdade de oportunidades, en educación, un 50 % máis de estudantes en formación profesional...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...que no ano 2009 e cun índice de colocación dos estudantes que saen titulados en formación profesional do 71,7 %.

Galicia é a terceira comunidade autónoma que máis PIB adica ás universidades, o 0,71 %. É a que ten as taxas máis baixas para a educación superior. A min paréceme que isto é incrementar as oportunidades, igual que coas empresas, investindo mil millóns en innovación nos próximos tres anos, cousa que se traduce, por certo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...nun forte incremento neste exercicio.

Señorías, Galicia creo que está nunha situación envexable en relación co resto das comunidades autónomas —sobre isto podemos despois discutir un pouco máis, se votedes queren—. Estamos superando a crise no sentido máis amplo.

Eu creo, conselleiro, que, efectivamente, hai que continuar por este camiño porque é o mellor para todos. Evidentemente, é bo para todos, menos para aqueles que non o queren ver.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy

Réplica, conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas, de novo, señor presidente.

Agradezo, de verdade, o ton —cadaquén pode expresarse..., podería ser doutro xeito— aos que foron os distintos intervenientes dos grupos da oposición, así como ao portavoz do Partido Popular.

Creo que hai algo que si provoca a miña comparecencia como conselleiro de Facenda nestes momentos. Creo que é bo vir ao Parlamento falar de todo, cando hai verdadeiramente datos moi distintos, aínda que non sexan definitivos algúns deles. Creo que é bo vir por aquí, debater e confrontar incluso modelos antitéticos ou distintos, a maioría das veces distintos.

A miña primeira intervención parte dun suposto ao que me vou referir, porque creo que ás veces non nos damos conta do moito e ben que o estamos a facer en Galicia a sociedade ga-

lega. Non parte de que nós esteamos sacando peito, en primeiro lugar, como goberno, senón que creo que estamos ante un claro triunfo da sociedade galega. Comprendo que moitas veces, despois de estar aquí nos peores anos de crise económica, desde o 2009, que tivemos na Autonomía, pois sexa profundamente rechazado por algúns intervinientes e presente determinados niveis de sarpullidos.

Vou tratar de compartir con vostedes algunhas reflexións, porque levamos tres anos cun crecemento por riba do 3 %, levamos xa máis de 60.000 novos empregos tamén en tres anos, aceleramos a consolidación fiscal —e a ela me vou referir dentro dun momento, que era tamén o núcleo da métrica e que o introducín na miña primeira intervención—, somos das primeiras comunidades —a que mellor, en termos relativos— que sempre controlou a súa débeda, xa desde 2014, e que empeza a baixar dunha maneira clara neste 2017 con dúas décimas. E o Goberno de Galicia fixo todo isto sen ningún tipo de tutela, con autonomía financeira, sendo donos das nosas propias decisións, moitas veces acertando e non vou dicir eu que algunha non nos equivoquemos, pero tomamos tantas decisións que ás veces incluso nos equivocamos, pero poucas veces.

Eu creo que o máis importante é que estamos ante un triunfo colectivo. Isto ao que nos debería levar é a estar, entre todos, como sociedade, moi orgullosos, porque eu, señor Lago, que xa levo aquí un certo tempo, lémbrome, pero moito —case todos os días, pódolle dicir—, cando nos dicían vostedes ao principio que, se cumpríamos o déficit, isto era antitético, e que non medrariamos. Eu creo que hoxe estase comprobando que medramos por riba da media no ano 2015, 2016, 2017 e previsiblemente no 2018. Primeira mensaxe que queda anulada de plano.

Segunda mensaxe. Tamén me acordo case todos os días cando dicían que había que endebedarse máis. Hoxe baixamos a débeda, e a maioría da débeda vai destinada a gasto produtivo, a investimento. Señor Lago, non mire vostede determinadas situacións con carácter puntual, mire a dinámica. E agora referireime tamén a algunhas das expresións por vostede utilizadas.

Cando de repente se utilizan as cifras de que estamos medrando menos relativamente en investimentos, é unha cuestión que é dunha magnitude absoluta. O investimento da Comunidade Autónoma de Galicia durante toda esta etapa, se non é o maior de todas as comunidades autónomas, é o segundo maior. ¿Como me vén aquí marcar referencias de carácter relativo sobre o ano anterior nun mes, o do outubro? Xa hai que ter un certo nivel de valentía intelectual para referirse a determinadas cifras... (*Aplausos.*) Xa hai que ter...

Lémbrome, tamén, cando tomaban a broma —vostede, que non estaba aquí no 2015, pero si determinados membros cualificados do seu grupo, no ano 2015, mediados do 2015— o Plan estratéxico, xunto tamén con determinadas persoas do Partido Socialista e do BNG. Entón, resulta que daquela plantexar incrementos de crecemento do 2,5 era pouco máis ou menos que unha utopía, que logo o descontamos, ou crecementsos en materia de emprego, que daquela falabamos de entre 80.000 e 100.000 no ano 2020. De repente era practicamente imposible. A día de hoxe levamos máis de 60.000 empregos, e o que hai que contar do emprego é sempre de un en un, porque detrás está cada persoa, e tamén o paro. E resulta que con esta taxa chegaremos ao normal, moi próximos aos 120.000 novos empregos creados. E estámonos referindo a que se o ano 2007, o ano 2008, tal, a precariedade, os salarios... Cando miramos de



verdade esa cuestión dunha maneira sosegada, relativa, sen sacar peito —porque queda moito por facer—, resulta que na materia salarial imos confluíndo coa media española en materia de precariedade; non estamos peor que o resto. En materia de afiliación, estamos subindo, cumprindo de sobra algunha outra das referencias ás que fixo referencia a portavoz do BNG, e cando se refería ao Plan estratéxico tamén. Tempo poderemos, se me permite a portavoz do PSOE, incluso vir a esta Cámara falar, comparecer e contar como vai o Plan estratéxico agora, que se van facer os tres primeiros anos —metade do Plan estratéxico—, e confirmarlles que, dos 10 ítems principais que nos demos daquela e que ás veces non son suficientemente valorados pola oposición do que significa planificar para non improvisar, para non incorrer en erros e minimizar ese tipo de riscos, en nove deles estamos sobrecumprindo —como din os cubanos— e nun deles estamos tratando de mellorar dunha maneira moi clara xa con este orzamento, polo que respecta á parte pública do investimento en I+D+i, sabendo que existe outra parte que temos que activar que é a privada. Pero xa haberá tempo para todo isto.

Polo tanto, creo que é bo darnos conta do que fixemos como sociedade —volvo repetir— porque nestes momentos o noso crecemento é o maior da última década; volvemos crear emprego dunha maneira sostida e clara e oxalá puideramos incrementalalo un pouco máis —¿por que non?, se a iso é ao que nos temos que dedicar—, pero tamén de maior calidade. Xa estamos moi cerca.

Creo que compatibilizar o crecemento e o descenso do paro é algo que estamos logrando. É bo que eliminemos o esforzo tan grande que como sociedade nos demos para lograr ese déficit cero e ao mesmo tempo que baixemos o endebedamento, polo que significa de restrición para as próximas xeracións.

Polo tanto, creo que o Goberno galego axudou; quizais fomos os primeiros en axudar, pero isto é un factor de autoestima que debemos, creo, fomentar no propio corpo social galego, no conxunto do corpo social galego. E creo que este esforzo é tanxible, porque falar de que cada ano 17.500 ou 21.000 novos galegos atopen emprego, ese 99,6 % que logo descontamos e a iso me referirei tamén, señor Lago, cando me pedía un único dato... Non llo traio, de verdade, pero direillo de memoria, porque as matemáticas, como vostede ben sabe, e algún membro da Cámara tamén, non soamente se estudan con números, senón tamén con letras. O importante é o razoamento, o razoamento evolutivo, non soamente collelo nun punto.

Evitamos, coma sempre, emitir 4.000 millóns de débeda, se tiveramos o comportamento medio das comunidades autónomas, que logo descontamos este tipo. ¡Que pouco nos damos conta do que significa a inmovilización para os que nos sucederán! ¡Que pouco descontamos tamén do que é aforrar 85 millóns de euros en xuro —a iso me referirei dentro dun momento—! ¡Que pouco nos referimos a que cada galego nestes momentos debe 2.000 euros menos que un cidadán do resto de España polo que respecta ás comunidades autónomas! Iso todo son decisións tanxibles que se están notando polos nosos cidadáns, como tamén os investimentos que nomeei anteriormente. Resulta que calquera parámetro o que nos indica é que estamos no dobre de investimentos que calquera comunidade autónoma, e se non estamos de primeiros, estamos de segundos nun conxunto de 17, incluso das forais.

¿Non comprenden que estes son datos?, ¿non comprenden que isto foi un esforzo de toda a sociedade galega e que o Goberno galego o único que fixo foi darse conta de onde estaban as magnitudes principais, empuxar como o que máis, pero dentro dun conxunto?

Esta, polo tanto, é a vocación deste goberno, a vocación de autogoberno e, ademais, dunha maneira clara neste foro político, ao que se vén facer política, non soamente dar conta de números. Creo que é o autogoberno que lle interesa a Galicia. Pero xa cando descendemos á parte dos números, á parte da métrica por min introducida, o que me chama poderosamente a atención é que descontemos o que significa traer aquí avances, números, poder discutir, pero poder discutir en materia de regras fiscais. Debémolas sempre mirar en conxunto. Estráñame tanto algún dos posicionamentos —vou procurar ser educado—, algún dos posicionamentos que desde o meu escano, ou desde a miña silla —que xa non é escano—, oín algún a interviniente. ¡Chámame moitísimo a atención! As regras hai que miralas en conxunto, e as regras son catro: déficit, débeda, nivel de débeda, regra de gasto e período medio de pago. Pero o que está claro, se sabemos contextualizar o que significa cada regra, é que unha non é mellor que outra, e a evolución lóxica dunha comunidade autónoma que conflúe cara á consolidación fiscal o que nos está avanzando é que a regra de gasto pasa a ser o control fundamental, ¡fundamental!

É increíble que poidamos estar aquí discutindo sobre estes temas, e o que é máis increíble é que se nos diga que non se cumpriu a regra do ano 2016, porque a regra do ano 2016 non sei se ten en conta que é como consecuencia de que no ano 2015 había o peche do que se chama o marco vello —ao que tamén me referín na miña primeira intervención—, onde se presentou un nivel de gasto acelerado no ano 2015 que condicionou o gasto non financeiro para o ano 2016. Pero o que a súa señoría debería saber —e estoume referindo á señora Rumbo— é que o nivel que se acadou en 2016 en regra de gasto é o que lle permite a día de hoxe ter nestes momentos á Comunidade de Galicia 200 millóns de euros de maior gasto que o que poderíamos ter.

Polo tanto, non fagamos papanatismo ilustrado do que significa o cumprimento das regras; mirémolas en conxunto, cumpramos, porque, entrando en consolidación fiscal, o que avanza —o mesmo que está pasando nalgúns concellos a nivel nacional, español— é que se nos abren outro tipo de posibilidades que oxalá poidamos discutir aquí nesta Cámara, e en número non pequeno. Polo tanto, saibamos ler o que significan as regras fiscais, as catro, non soamente de unha en unha, saibamos o que significa tamén a pendente negativa en cada un dos indicadores e saibamos aproveitar ata o máximo co que nos dá a regra de gasto, que ao mesmo tempo é unha garantía de futuro para a sostibilidade nas nosas finanzas públicas.

Pero aquí xa nos empezamos a mezclar co gran tema, como pode ser o da débeda —eu mesmo me teño referido varias veces a ela desde esta tribuna, e non demonizo en modo ningún o que significa a débeda—, porque a débeda é un recurso como pode ser outro, pero dentro dun nivel, e controlando o risco que a medio e longo prazo poida supoñer tanto o seu nivel absoluto como a súa estrutura, que provocan determinados xuros que son soportables ou non.

O que xa me despista totalmente é cando se comparan datos moi concretos de determinado informe e non se segue lendo, e non se segue relacionando isto —si que é verdade— coas

intervencións que tivemos durante tanto tempo nesta Cámara hai pouco máis de dous ou tres meses. En concreto, estoume a referir ao adiantado sobre o tipo de xuro. Efectivamente, o estudo da Airef o que marca é que determinadas comunidades autónomas poidan ter un tipo medio no ano 2016 inferior ao que tivo esta comunidade autónoma. Pero é que, se se segue lendo un pouco máis en relación co orzamento presentado para este 2018, resulta que o tipo medio da débeda que ten a comunidade autónoma está no 1,5 % —un un coma corenta e algo, para ser máis exactos—, e o 1,5 % resulta que nos sitúa nas mellores. Pero é que a primeira lección que se dá en economía é que é  $P \times Q$ , e temos un  $P$  que está baixando —que é ese un coma cincuenta e algo—, fronte ao que se referían algunha das súas señorías, e temos un  $Q$  que é inmensamente menor ao que teñen o resto de comunidades autónomas. Polo tanto, ¿de que se nos critica?

Cando falamos da estrutura e temos a estrutura da débeda, *¡bienvenido al club!*, ¡menos mal que apareceu o señor Lago que nos fala de reestruturación! É curioso porque a reestruturación da débeda en Galicia parte de dúas hipóteses.

Primeira hipótese. E, daquela, pódolle asegurar que ata onde eu saiba non tiven ningún contacto persoal con vostede, nin xente do Goberno, para marcar as directrices no ano 2009, 2010, e por suposto no ano 2014, cando curiosamente se crea o mecanismo denominado facilidade financeira para as comunidades cumpridoras, cunhas condicións de óptimo sobre o nivel de mercado que tiñamos naquel momento. E resulta que tampouco falamos co señor Lago. ¡É increíble como pode ser ese nivel de anticipación que ten vostede! Como tamén o tivo, por certo, cando falaba do que podería ser o deflactor do PIB a principios de ano, ou o IPC, que nestes momentos está no 1,2, como basicamente nós avanzabamos, e vostede dicía que estaba no dous e pico e tal.

É increíble, paréceme que as abuelas teñen moito que dicir. (*Risos.*) Encantados de coñecerse, paréceme que están algúns, pero non damos moito cos datos.

Voulle dicir, polo tanto, que a débeda de Galicia, na magnitude absoluta, está practicamente mesetada, practicamente mesetada, e soamente a partir deste ano hai unha cuestión que incrementará a débeda, da que debemos falar, e que son os 2.200 millóns da liquidación negativa do ano 2008 e 2009. Nestes momentos levamos 1.074 millóns de euros da débeda que se lle achaca ao Goberno Feijóo, que non é débeda do Goberno Feijóo, pero que nós asumimos porque non collemos isto a beneficio de inventario, como debe ser. E, sen embargo, crítica-senos por ese incremento da débeda do que vostedes tanto falan. A día de hoxe, 1.074 xa non son do Goberno Feijóo, e resulta que dos 2.200 que faltan ata o ano 2030 e 2031 o crecemento da débeda serán eses 85 millóns de débeda cada ano, que, en termos netos, nós calculamos que non deberán pasar do que son aproximadamente uns 30 ou 40 en termos netos.

Polo tanto, podemos considerar que a débeda de Galicia mesetará en aproximadamente uns 11.000 ou 11.100 millóns de euros en magnitude absoluta, porque non confundamos o que é a débeda que ten que ver coas emisións ou cos préstamos co que ten que ser a débeda en termos SEC, porque, se así o consideramos, nos daremos conta de como existe unha total reestruturación do que significa respecto das entidades —dígase sobre todo SPI, Xestur e Igape—, e tamén de como se está eliminando —como non podía ser doutro xeito, porque

está correlacionado co dinamismo económico— todo o sistema de facto, ben sexa da Administración xeral ou do que poida ser o Sergas ou outros factores.

En resumidas contas, tanto polo nivel de déficit, como polo nivel de débeda, como polo nivel de regra de gasto, como polo período medio de pago, que nunca valoramos suficientemente o que é achegar a todos os provedores —grandes, medianos e pequenos, e incluso a moitísimos autónomos que ten esta comunidade autónoma, do cal estamos moi contentos— e de estar nestes momentos en cero días de pago no mes de decembro...

Esa era unha reflexión que quería facer con vostedes, como tamén quería facer outra reflexión, que é a que ten que ver coa cuestión impositiva. Eu comprendo que ás veces custa moito, pero é relativamente fácil, se nos paramos en seco, considerar que os ingresos da Xunta proveñen de dúas cuestións. Está medrando o gran ingreso, que son as entregas a contas e a liquidación do sistema, e soamente queda outra parte, que non pode medrar, cando facemos un corte no mes de outubro. E iso é como consecuencia de decisións impositivas que nos sitúan a vostedes —neste caso estoume a referir ao señor Lago— e a nós nas antípodas. Porque nós en determinado momento, a finais do 2015, fixemos unha opción impositiva, e, como xa empezabamos a poder, e isto xa cambiara, optamos por baixar os impostos, os impostos de sucesións. Eu non sei se sabe vostede que tiñamos medio ano para presentar este imposto ás persoas cando, por desgraza, morre algún familiar directo ou non tan directo. Consecuentemente, no ano 2016 non houbo tanta caída; a caída completa prodúcese no ano 2017, e, por así dicilo, no ano 2016, en materia de sucesións, que ten unha gran afectación sobre o ingreso, resulta que en termos impositivos foi de 7 meses, e o ano 2017 foi de 12 meses completos. ¡Por favor! É que iso é relativamente fácil ata de entendela, que sempre hai algún caso cando está medrando todo.

O que si lle podo dicir é que no ano 2017, segundo as nosas estimacións, que son sempre moi prudentes, o que incrementamos foi 30 millóns de euros, e a inmensa maioría deles están correlacionados porque a cousa vai ben, en termos medios. E das miñas palabras nunca poderán deducir que nos regodeamos en que as cousas van para todos ben. Pero si que creo que van ben incluso para esas 98.141 persoas que teñen que ver co ano completo de ISD. Moitas veces me teño referido aquí a que non poñemos en valor algo tan xeitoso como o noso dereito civil, que permite esas apartacións en vida, eses pactos sucesorios que tanta activación están producindo a nivel micro, como poden ser eses 27.700 pactos sucesorios. Ou ás ZPP, que algunhas persoas tamén se rían cando introducimos aquí, e resulta que o ano pasado foron 1.011 beneficiarios no ámbito rural. Xa traeremos a esta Cámara tamén datos, porque as cuestións fiscais tamén permiten avanzar noutro tipo de explotacións que teñen que ver máis con onde se están producindo os movementos e con que intensidade. Son moi chamativos, tanto na localización xeográfica como no tipo de terreo que se está movendo, e de novo desmontarán determinados mitos que moitas veces traen á Cámara as súas señorías.

O que si lles adianto é que se só no ano 2017 temos eses 115.000 beneficiarios aproximadamente —aos que me refería eu hai un momento—, aquí tamén temos un problema político, porque se cada ano sumamos 115.000, que están agradecidos a un comportamento, teremos tamén que pensar algo en termos máis políticos.

Houbo unha referencia —que non quero deixar de esquecer— pola representante do Bloque, que foi a única que se referiu —cousa que lle agradezo— ao tema do financiamento autonómico. Sabemos que estamos nas antípodas uns e outros, sempre o recoñeceron, e eu recoñézolle toda a lexitimidade do mundo para estar aí, pero permítame que non o comparta nin moito menos, empezando pola cuantificación esta tipo menciñeira que fan, así, un pouco de adiviños, respecto do cupo. Permítanme que non poida coincidir con ese enfoque, pero si que lle agradezo que polo menos se referira a este tema. Este tema é dos poucos temas, non vou dicir que me teñen preocupado, pero si que me teñen ocupado, a min como conselleiro e, obviamente, a toda a xente que traballa na Consellería de Facenda, e a máis xente.

Creo que a intervención do director xeral de Planificación e Orzamentos en comisión foi suficientemente ampla, e ao final o que estabamos facendo é cumprindo a palabra á que tamén se comprometera nesta Cámara o presidente. Pero creo que hai dúas cousas que vou destacar eu de en que momento do financiamento autonómico estamos nestes momentos. Por unha parte, dunha maneira sucinta, vou transmitir dúas cuestións.

Cando falamos de nivelación vertical, sempre falamos en termos de recursos e non de instrumentos, cousa que, por certo, se alonxa, como ben saben, se seguiron o tema, dos expertos. Cando falamos de asignación horizontal, nós estamos falando do principio de igualdade. ¿Hai alguén nesta Cámara que non crea no principio de igualdade, en que cada cidadán, cada persoa, home ou muller, temos o mesmo dereito en calquera parte de España? Estrañaríame moi moito oír o contrario.

Cando apostamos pola nivelación total, independentemente da capacidade fiscal do territorio, ¿hai alguén nesta Cámara que estea en contra? Cando dicimos que con base en determinadas incertezas políticas —e todos sabemos que estamos falando de Cataluña— temos claro o punto de chegada e temos nestes momentos —por iso tamén a miña intervención— a marxe financeira suficiente para, sen ningún tipo de ansiedade, empezar a negociar con tranquilidade, ¿alguén podería non estar de acordo?

Cando dunha maneira sempre sosegada, pero en defensa do noso, con esa autoestima que tamén lles trato de transmitir no día de hoxe, establecemos determinadas alianzas e relacións coas comunidades autónomas, ben sexan cercanas ou incluso algunhas de distinta cor política, ¿alguén está en contra?

Polo tanto, se estamos en contra disto, que é o básico, ¿os números que se piden non miran vostedes que son resultado da negociación como tal? E a partir de aí só poderíamos ganar se somos quen de, tomando como base o que nos demos hai practicamente un ano de acordo co Partido Socialista nos puntos que estabamos, e se nos sumamos máis ao resto de grupos, darnos unha forza como comunidade autónoma e un sosego que nos permita saír verdadeiramente en positivo da cuestión fundamental á que se vai enfrontar a Comunidade Autónoma de Galicia nos próximos quizais doce, quince ou vinte anos. ¿Tan difícil é de entender esa cuestión?

Polo tanto, na miña intervención, non quixera estenderme tampouco para dar unha clase; non é a miña intención. Volvo repetir que a única forma de non equivocarse é non facer cousas, e este goberno fixo moitas cousas, pero fixo moitas cousas sempre con sentidiño e dunha maneira



ordenada e planificada. Eu sei que a algúns de vostedes lles custa moito recoñecer iso; como tamén recoñecer a importante evolución que está tendo esa economía moderna galega á que eu me refería, pero sempre nas miñas intervencións utilizo un tema: a inclusión. Se non somos quen de recuperar as persoas que, dentro do ámbito do emprego, ou sen ser no ámbito do emprego, non notan e non perciben esta mellora, algo estaremos facendo mal. A iso é ao que nos dedicamos, e calquera parámetro de referencia que se empregue nesta Cámara respecto do ano 2009, corríxano vostedes, *¡háqanselo ver!*, porque en termos reais a cousa é totalmente distinta.

Moitas grazas, e ata dentro de pouco. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Rolda de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Levamos xa moita mañá, así que, permítame, señor Martínez, que comece cunha pequena brincadeira. Teña por seguro que ao Bloque Nacionalista Galego nos preocupa moito o período medio de pago e que nos alegamos de que Galiza estea en terceira posición dentro das comunidades de réxime común, pero entenderá que non podo deixar de evitar mencionarlle que hai outras dúas comunidades, non de réxime común —sabe perfectamente cales son—, que son a primeira e a segunda. Polo tanto, igual esa fórmula do cupo non é tan ruínosa como vostede di; igual aínda o acabamos convencendo, dado que lle importa tanto o período medio de pago. Se cadra, cun concerto económico, poderíamos aínda adiantar a Euskal Herria ou a Navarra.

Indo á cuestión do financiamento. Agradézolle que nos agradeza que traíamos este debate á Cámara, porque o certo é que, se non fora pola insistencia do grupo nacionalista, se trataría máis ben pouco, porque non se pode dicir o mesmo de vostedes. E a min gústame que vostedes fagan mención das nosas contas aínda que sexa cun ton entre cómico e tamén desprezativo, pero non sei se se dá conta —e xa llo levo dito varias veces— desa asintonía en democracia de que o grupo do Goberno saiba as contas que fai o grupo da oposición, pero a oposición non saiba as contas que fai o grupo do Goberno sobre esta cuestión, que é tan absolutamente relevante para o noso país.

Por iso, volvemos instalo a que nos transmita ese informe que teoricamente achegaron despois do informe dos expertos e a que teñamos un debate máis fundamentado. Dixémolo o outro día en comisión e repetímolo: entendemos que hai determinadas cuestións que, loxicamente, poden interferir na negociación. Entendemos que hai determinadas cuestións que non poden ser absolutamente transparentes, pero entre a absoluta transparencia e a absoluta opacidade que vostedes practican hai un termo medio, e hai capacidade para facer estimacións e para ter un debate máis real do que tivemos o outro día; por certo, sen ter nin sequera unha quenda de aclaracións como esta, que nós teríamos agradecido, e que lamentamos que a Mesa da Comisión 3ª non aceptara facer.

Polo tanto, volvemos emprazalo a cando queira. Veña vostede comparecer de forma específica, que seguiremos falando desta cuestión.



Por comentar algunha outra, falaba vostede agora dos obxectivos do Plan estratéxico 2015-2020, e dixo que se avaliará —espero que con papeis— neste Pleno do Parlamento galego, pero a verdade é que os obxectivos, aínda que é certo que algúns non os están cumprindo, tampouco eran demasiado ambiciosos. Creo recordar que un dos obxectivos deses dez que mencionou era reducir en 100.000 persoas as persoas en risco de pobreza severa no noso país. Nós entendemos que ese é un obxectivo importante, pero absolutamente insuficiente, cando as organizacións sociais estiman que hai máis de 700.000 persoas no noso país nesa circunstancia. Polo tanto, nós non nos imos conformar con eses obxectivos parciais, tampouco con que sigan sen cumprir algúns como o investimento en I+D+i ou algunhas outras cuestións que teremos ocasión de avaliar.

Quería comentar tamén algunha cuestión respecto do mercado de traballo e continuar insistindo en que para nós, desde logo, non se pode falar de consolidación da recuperación, como vostede fixo aquí, e que é e seguirá sendo unha preocupación do grupo nacionalista a consolidación do traballador precario, que está traendo esta saída da recesión e que, desde logo, non se corresponde co noso modelo de crecemento.

Decía o voceiro do Partido Popular que eramos trileros por falar dos contratos temporais e contemplar a transición de contratos temporais e indefinidos. Pero eu pregúntolle, señor voceiro, se é maior xa que en 2009, porque non o é, ¿ou acaso si? Polo tanto, entendo que non debemos conformarnos con esas conversións a indefinidos que son aínda agora menores ás do 2009. Se cadra, como di o señor Martínez, nós temos que mirar o de comparar con 2009, porque parece que só vale cando o fan vostedes; pero igual vostedes teñen que mirar iso de denominar este panorama social e laboral como «recuperación acadada», porque discrepamos fondamente de que sexa así.

E quero insistir —como me queda pouco tempo, aínda que deixo atrás algunha cuestión— en algo que nos parece importante desde o grupo nacionalista, que é en que vostedes son absolutamente conformistas co marco de restricións financeiras que vén imposto do Estado. E, insisto, para nós iso é unha furta do autogoberno, porque por moito que esta comunidade non estea teoricamente intervida porque non recorreu a ese FLA, como xa temos debatido reiteradas veces, iso non quere dicir que non estea absolutamente limitado o noso estreito —xa de por si— autogoberno porque hai unha limitación obvia en canto a responsabilidades e á repartición tanto da débeda como do déficit, ao que lle sumamos ese modelo de financiamento absolutamente insuficiente.

Polo tanto, continuaremos denunciando que vostedes pretenden actuar neste país como meros delegados de goberno. Vistas xa as declaracións de onte do señor Feijóo calquera día teremos que atoparnos con que chegarán vostedes aquí a pedir a disolución do Estatuto de autonomía ou que nos convertamos nunha deputación grande. E nós non concordamos con ese modelo, porque reclamamos para o noso país máis capacidade de autogoberno para xestionar os nosos recursos e escribir unha saída diferente a ese ciclo económico, e non o que nos están amosando, esta saída da recesión que non acaba de chegar a todos e cada un dos fogares galegos e que consolida unha situación de precariedade coa coartada da crise que nós, desde logo, non compramos nin coa que nos conformamos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, señor conselleiro, permítame que lle diga que non me parece correcto que neste Parlamento se dirixa a unha deputada, neste caso á miña persoa, e que nos trate en termos de papanatismo. (*Aplausos.*) Eu creo que a miña intervención —esta e calquera outra— pode estar errada, podo equivocarme, pero creo que trato sempre con absoluto respecto a todas as persoas que están aquí diante, como non podería ser de ningunha outra maneira.

En calquera caso, vostede aludiu textualmente ao cumprimento da regra de gasto, e eu textualmente lle digo que Galicia incumpriu no 2016 a regra de gasto, e así vén publicado por un informe do Ministerio de Facenda e Función Pública, nin máis nin menos.

Señor conselleiro, estamos totalmente de acordo en que é bo que veña e en que é bo que compareza. Non poñemos en dúbida nin a comparecencia nin que veñan todos os membros do Goberno galego falar con nós, que para iso estamos, e para iso están, e, polo tanto, ese é o noso traballo e forma parte do debate parlamentario. O que non entendemos —díxeno unha, dúas, pero podo dicilo ata infinitas veces— é por que neste momento e por que sen datos, salvo que ao mellor ao peche os datos sexan aínda moito peores e, polo tanto, nese momento non considere acaído volver a este Parlamento.

De todas formas, visto o seu ton, que foi bastante xocoso e case me atrevo a dicir que un pouco como tratándonos de nenos pequenos —algo ao que vostede bastante aludiu—, non me parece que sexa o ton máis axeitado para este Parlamento. E voulle dicir unha cousa, señor conselleiro: ¿non pretenderá que a oposición veñamos aquí de palmeiros da execución do Partido Popular? (*Aplausos.*) Entre outras cousas porque creo que cos datos que traemos aquí, que son datos oficiais, datos que se publican e que, polo tanto, avalan as nosas palabras, non están vostedes para botar petardos, non están vostedes nunha situación tan boa, absolutamente tan boa.

Vou seguir dándolle datos da execución da Xunta de Galicia, da súa execución. Voulle dar datos de execución orzamentaria, os datos que nós temos. Ao mellor, vostede xa ten moitos máis, pero cando teñamos todos eses datos ao mellor vimos aquí e podemos rectificar ou podemos ratificar.

Nestes momentos, os datos publicados, que son para o terceiro trimestre de 2017, e nalgúns temas importantísimos que deberían estar executados a preto do cen por cento, a realidade é que son: promoción de emprego e institucións do mercado de traballo, teñen vostedes sen executar no terceiro trimestre de 2017 un 75 %; en vivenda, un 80 % e en dinamización económica do medio rural, nesa lexislatura do rural que se cansan vostedes de dicir, un 68 % sen executar; ou en desenvolvemento empresarial, un 87 % sen executar. Eses son os seus datos, os datos da súa xestión económica.

Polo tanto, non creo que estean vostedes para tanta presunción e tanta exposición un pouco xocosa; máis ben me parece un balance bastante desastroso.

Pero, mire, voulle seguir cos datos publicados, aos que temos nós acceso, os grupos da oposición. Se facemos unha comparativa na xestión orzamentaria do 2017, no conxunto das comunidades autónomas, Galicia tampouco sae moi ben parada, e volvo dicir: Ministerio de Facenda e Función Pública, datos de novembro de 2017 —acabo de cambialos porque saíron hoxe—. Tampouco neste apartado os datos son moi favorecedores: capítulo I, persoal. Resulta que na evolución 2016-2017, acumulados a novembro, Galicia incrementou un 0,47 %, pero para o conxunto das comunidades autónomas o incremento foi dun 2,30 %; é dicir, cinco veces superior a Galicia, tendo un volume de execución igual para ambos casos. E os aumentos salariais, señor conselleiro, deberían ser bastante equiparables. Polo tanto, unha de dúas, ou nós temos unha xestión moito máis deficiente en persoal ou non debemos cubrir as prazas ao mesmo ritmo que se cobren no resto do Estado. Creo que aí está un dos seus fallos.

Mire, señor conselleiro, gasto non financeiro, en termos homoxéneos, Galicia sitúase nos aumentos máis baixos de todas as comunidades autónomas para o exercicio 2017, para novembro de 2017. Galicia pasou en outubro dun -0,05 a, en novembro, un 0,32 %. Pero as comunidades no seu conxunto medran a un 4 %, señor conselleiro.

En investimentos reais, vostede antes comentaba que ese endebedamento ía para o investimento. ¡Home!, si, pode ser para poñelo no orzamento, pero se a execución non é boa de pouco vale que se dote orzamentariamente.

Mire, a taxa de variación 2017-2016 acumulada a novembro en investimentos reais: para Galicia incrementa un 5,52 %...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...mentres que para o conxunto das comunidades autónomas é dun 6,51 %; é dicir, Galicia, un 20 % menos. E o déficit orzamentario, en termos tamén homoxéneos, non financeiros, para novembro: en Galicia, un 0,64 %, o triplo que para o conxunto de todas as comunidades autónomas, que é un 0,21 % —datos oficiais publicados polo Ministerio de Facenda—.

Non podo seguir porque o tempo non me dá máis, pero agradézolle que volva. Poderemos seguir contrastando estes datos. Pode vostede corrixirme, eu pódome equivocar; estou totalmente disposta a corrixirme, pero demóstrame vostede con datos publicados e oficiais, non chamándome papanatas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

**O señor LAGO PEÑAS:** Eu tamén son papanatas.

Non vou contar todo o discurso, só quería dicir dúas cuestións. Primeiro, sempre son estimulantes as intervencións do señor Puy. Hoxe sobrepasoume porque que un membro do Partido Popular lle fale de debilidades franquistas a unha persoa de En Marea... Voulle dicir dúas cousas, eu, porque teño idade para facelo: fun militante contra o franquismo —algúns non— ... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —si, ou complicidade— e fun un militante contra a reforma laboral... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Pódese chamar papanatas a unha portavoz dun grupo parlamentario sen que o presidente diga nada, e un deputado pode interromper desa maneira? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe.

**O señor LAGO PEÑAS:** ¿De que estamos falando aquí? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe. Perdoe, señor Lago.

Eu sei distinguir —e vou parar o tempo— en que sentido se referiu a iso o conselleiro, e todos sabemos... Si, eu mesmo utilicei iso en moitos debates que tiveron, porque me estou referindo ao papanatismo que é estar quietos, nada máis. Isto é o que entendín, e creo que é o que quería dicir o señor conselleiro. Por iso eu, bueno, sei ata onde pode chegar o debate. Non era este un insulto.

**O señor LAGO PEÑAS:** O tempo.

**O señor PRESIDENTE:** Será compensado, non se preocupe.

**O señor LAGO PEÑAS:** Ben, e tamén como militante sindical loitei contra a reforma laboral... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. ¡Silencio, por favor!

**O señor LAGO PEÑAS:** ...contra as reformas laborais que dende o ano 1984 introduciron a precariedade laboral abusiva e absurda que se vive no noso país.

Pero non vou falar diso, vou falar do señor conselleiro, porque hoxe quedei estupefacto, ¡estupefacto! ¿Como pode vir o conselleiro aquí e dicir que non podemos facer un debate con números e dicir que non imos debater de números nin de cifras e que por que lle pregunto de números e de cifras?

Señor conselleiro, eu non lle preguntei unha cifra; díxenlle: escolla vostede, de todo o que lle estou dicindo, unha que non sexa certa.

Señor conselleiro, se vostede subise a esta Cámara —vouno dicir coa maior seriedade que poida, porque espero que sirva para o futuro—, se subise a esta tribuna, onde reside a soberanía do pobo galego, e en vez de facer chistes malos, de facer descualificacións burdas, falara da economía galega, dos datos de Galicia, saíramos gañando todos, e vostede o pri-

meiro. Eu creo que ten unha dificultade para facelo, porque ten dificultades para entender os números. Voulle dar dous. Un, non entende iso do IPC. O IPC medio do ano 2017 —Galicia, IGE— é o 2,1 %, por iso lle subiron as tarifas a Audasa o 1,9 %, porque é a media interanual.

O segundo dato, señor conselleiro, porque utilizou esa idea do que pasou co imposto de sucesións e doazóns. Eu teño aquí o informe de Montoro. ¿Sabe que di o informe? Pois que en Galicia de xaneiro a outubro —porque, conselleiro, non é o dato de outubro, é o dato acumulado de xaneiro a outubro— a recadación dese imposto ISD aumentou o 1,74 % e na media de España o 1,65 %. ¡Home!, non existe ese fenómeno do que vostede falaba porque é o mesmo.

Señor conselleiro, non se pode vir a un debate nesta Cámara, sobre o peche orzamentario e como vai evolucionando o orzamento, sen ter un dato, sen ter un papel. E eu volvo insistir no que lle dicía ao principio. Este informe... *(O señor Lago Peñas amosa un documento.)* ¿vostede coñéceo? ¿Sabe o que di? ¿Coñece as cifras de como evoluciona o gasto de persoal, o gasto en investimento? ¿Coñéceo? Porque, señor conselleiro, non é o dato de outubro, é o dato acumulado en dez meses, e non pode ocorrer que haxa unha desviación enorme, por exemplo, en gastos de persoal, no tempo que nos falta.

Neste sentido... En fin, vou relaxarme un pouco, esperando que iso se note despois.

Gustaríame que nos contestara a algo que lle estamos plantexando, e vou dicir que, efectivamente, existe unha vía galega da consolidación fiscal. Nós non negamos que a comunidade autónoma que máis reduce o déficit é a galega, non o negamos. ¿Que dicimos? Que a forma de facelo é recortar o gasto máis que as demais; e a forma positiva sería incrementar os ingresos que permitiran financiar a economía e ademais reducir o déficit. Pero vostedes fan esa vía galega da redución da consolidación fiscal. ¿Como? Reducindo máis ca ninguén o gasto público. ¡Pois benvidos ao club da comedia, señor conselleiro! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Grazas, señor presidente.

Hai un refrán que di «consellos dou que para min non teño», e acordeime agora ao escoitar o señor Lago volver sacar o tema da inflación e poñer como exemplo da inflación do ano pasado o das autopistas. Vostede tamén é un reto estimulante nos debates; entón, fun ver como se calcula a peaxe das autopistas. A actualización do prezo da peaxe das autopistas é consecuencia —estou traducindo ao galego o documento do Ministerio— de aplicar a fórmula de revisión automática anual que o sector pactou co Goberno hai quince anos, no ano 2002. Trátase dunha fórmula que ten entre as súas variables o IPC medio entre o mes de outubro dun ano e o mes de outubro do ano seguinte e a evolución dos tráfico. En virtude desta fórmula, as peaxes volveron subir así en 2018 tras os descensos do 0,4 e do 0,6 que se notaron en 2017 e 2016 respectivamente e a conxelación do ano 2015. É dicir, nada que ver coa inflación. Vostede acaba de volver dicir aquí que a inflación foi do 2,1. Moi ben. ¿Por que? Porque son as peaxes. Pois non, non ten nada que ver. As peaxes calcúlanse doutra maneira. A in-

flación interanual diferenza de decembro a decembro foi do 1,2. ¿De acordo? Iso foi o que subiron os prezos entre o mes de decembro e o mes de decembro. A media que vostede trae é unha media aritmética simple que non ten en conta canto se consumiu en cada mes e como influíu no consumo cada porcentaxe da inflación. (*Aplausos.*) Pero, ben, eu simplemente lle agradezo que me permita recordar conceptos e saber os cambios que fai o Instituto Nacional de Estatística, que é verdade que ás veces todos necesitamos repasar.

É certo que a crise trouxo dúas cuestións: primeiro, desigualdade, como consecuencia fundamentalmente do desemprego, e, en segundo lugar, menor capacidade de gasto polo sector público, o cal incide, obviamente, tamén na desigualdade pola capacidade de provisión que ten de servizos públicos.

¿Cal é a situación de Galicia? No ano 2015 tiñamos 8.381 millóns de euros de gasto non financeiro e no ano 2018 son 9.487; é dicir, subiron un 13,1 %, e a media referencial das comunidades autónomas ao comparar o orzamento no 2018 é do 12,8 %. É dicir, temos máis capacidade de gasto, un 0,3 %, que, se lle sacamos os xuros do capítulo III, é do 0,5 %. Ao ter máis capacidade de gasto, podemos tamén —e collo unha serie— comparar desde o ano 2015 ao 2018, e en todas as comunidades fixeron un esforzo de gasto social. No social Galicia incrementou o seu gasto de 2015 ao 2018, con esa mellora da economía que permitiu ter máis recursos, un 45,3 %. A media das demais comunidades autónomas que aprobaron o orzamento é do 27,1 %. En sanidade, o 13,2 % Galicia; o 12,8 % o resto das comunidades. En educación, o 11,3 % Galicia; o 11,1 % as demais comunidades. En gastos de capital, Galicia no 2015 gastaba 1.189 millóns de euros, en 2018, 1.563, un incremento de 31,4 %, e a media das comunidades autónomas é dun 20 %. En gasto de persoal, a media das comunidades autónomas é dun 11,5 %; Galicia lixeiramente por baixo, un 0,3, 11,2 %, que se explica, entre outras cousas, polas decisións aquí aprobadas, debatidas, duras e difíciles da conxelación dalgúns tramos do salario dos funcionarios, que xa están recuperados.

Polo tanto, eu creo que se un colle estes datos e segue mirando gastos financeiros, verá que Galicia os reduciu no mesmo período un 49,5 %; a media é dun 36,5 % —mala xestión da débeda pública—. Investimentos reais: en Galicia, o capítulo VI subiu un 26,3 %; na media das comunidades, un 16,5 %. Transferencias de capital: Galicia, un 38 %; e as restantes, o 23 %.

Pasivos financeiros, a evolución da débeda. Teríamos 4.000 millóns máis de débeda se estivésemos na media das comunidades autónomas. Evolución da media dos pasivos financeiros: capítulo IX, 27,3 % para arriba, evolución en Galicia, -11 %; é dicir, para abaixo.

Polo tanto, eu creo que estamos falando dun cadro macroeconómico. E agora vén a segunda parte, que é dicir que isto non inflúe nas persoas. Eu creo que ás 60.000 persoas que atoparon un emprego e que, segundo o informe de hoxe, ademais teñen contrato estable, lles chegou a recuperación. Ou tamén lles podemos preguntar ás 53.000 persoas que perderon o seu emprego durante o último ano do Goberno bipartito, e a ver se esas persoas entenden que chega ou non chega a recuperación.

Tamén podemos preguntarlles aos pensionistas. Hoxe o Grupo Socialista trae un lazo, que non lucía, por certo, no ano 2010, cando cunha inflación do 3 % o Goberno socialista con-



xelou totalmente as pensións. *(Protestas.) (Aplausos.)* Pero podemos preguntarlles tamén se queren aos pensionistas e comparar a perda de poder adquisitivo nos últimos anos con relación a outros períodos no pasado.

Podemos preguntar tamén, cando se incrementa o número de operacións cirúrxicas e cando o gasto sanitario se sobreexecuta ao 109,5, o que fai que outras partidas queden sen executar —algunhas delas mencionáronse aquí—, se é mellor gastar en sanidade, facer modificacións de crédito para poder atender máis persoas que precisan da sanidade pública ou non.

E así sucesivamente podemos ir preguntando a ver se, por exemplo, coas axudas que se deron aos traballadores, que se incrementaron nun 163 %, lles chegou a recuperación ao 105 % de incremento nas escolas obradoiro, e así sucesivamente. Quizais sexan moitas persoas para preguntarlles directamente, pero o certo é que Galicia está mellor.

Eu quero rematar, señor presidente, simplemente dicindo unha cousa. Hoxe fixo unha brincaadeira a portavoz do Bloque falando da conveniencia de estar no cupo. Eu quero recordar —porque é un informe recente e creo que é conveniente recordalo para rematar este debate, polo menos por parte do Grupo Popular— un período histórico razoable, 1987, entrada no Mercado Común, e non remontarnos ás taxas de crecemento dos anos sesenta —foi vostede quen as trouxo, non eu—. Nos sesenta todos sabemos quen gobernaba. Ben, no caso do PIB por habitante, en España, no ano 1987, Galicia estaba no 79 % de España —no ¡79 %!—. No 2016 estamos no 90 %. Acercámonos 11 puntos. Non todas as comunidades autónomas o fixeron, por exemplo, Navarra, que estaba no 126 % e segue no 126 %; segue exactamente igual, non prosperou en relación coa media. Outras caeron, por exemplo, Baleares, que estaba no 140 % e agora está no 106 %...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** Polo tanto, a autonomía en Galicia funcionou; somos a terceira comunidade que máis converxeu en termos de PIB/per cápita desde que entramos na Unión Europea.

A curto prazo é evidente que lle demos a volta á situación económica, pese a unha herdanza negativa, de liquidacións negativas, de 2.200 millóns, e de ser o peor momento de destrución de emprego, de evolución da economía...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** E o certo é que hoxe, conselleiro, Galicia está reforzada, cunha economía máis aberta, co mellor ciclo exportador da historia, que seguimos consolidando ano a ano, que temos unha economía máis produtiva e que, certamente, temos retos grandes por diante: máis emprego, de máis calidade, con mellores salarios, e un estado do benestar xustísimo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PUY FRAGA:** ...pero imos no bo camiño.

Grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Peche da comparecencia, señor conselleiro de Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Moitas grazas de novo, señor presidente, xa para ir pechando no día de hoxe.

Pido desculpas, en primeiro lugar, polo meu ton, que ás veces pode parecer un pouco..., pero creo que ás veces temos a pel un pouco suave de máis, ¿non? Non vai con ningún tipo de intencións, ¡por favor! É unha forma de expresión que é normal en min. A xente que me coñece xa sabe que en modo ningún é un tipo de desautorización cara a ningunha potencia intelectual que nesta Cámara ou fóra poida haber. En modo ningún eu me refiro nunca en termos persoais. Que nunca se interpreten, por favor, as cuestións en termos persoais, que non o son, non o son. O que trato é de destacar o que temos en positivo e o que, como sociedade, xa lles digo, nos demos.

Polo tanto, non podo estar conforme co corolario fundamental que establecía a señora Presas na súa segunda intervención —que tamén avanzara na primeira—, cando di que somos conformistas co marco institucional tal, tal, e financeiro. Non, permítame que matice de novo as miñas palabras da primeira e da segunda intervención. En modo ningún. Galicia, durante toda esta etapa que vai do 2009 ata o momento actual, é das poucas comunidades autónomas que pode e exerceu de feito o autogoberno. Pode tomar as decisións por si mesma, incluso, como dixen eu, para equivocarse de cando en vez; incluso para iso. Polo tanto, non podo coincidir con vostede con ese leitmotiv tan do Bloque, que é o marco institucional e financeiro superado; en modo ningún coincide co meu posicionamento nin co do Goberno que represento.

Señora Rodríguez Rumbo, de novo vólvolle repetir: é bo o cumprimento das regras, claro que si, nós sempre o defendemos. Pero creo que o concepto de regra de gasto aplicado ao ano 2006 é o que permite á comunidade autónoma de Galicia nestes momentos ter unha capacidade lixeiramente maior que a que teriamos co estricto cumprimento, porque o ano 2015 foi un ano especial. Creo que é unha cuestión de tamaño e de entendelo; sen ningún tipo de acritude así llo estou manifestando.

Como tamén, cando se refire vostede ao capítulo I, Galicia 0,47 %, paréceme que dixo, e o resto, o dous coma algo. Non é correcto o corolario que vostede saca destes números, porque hai unha cuestión que se debería ter en conta. No ano 2016 a Comunidade Autónoma de Galicia procedeu ¿a que? A pagar a extra que o Goberno central nos quitara a todos os empregados públicos no ano 2012, que ten un tamaño, que tiña un tamaño, de 175-180 millóns de euros, mentres que o complemento específico —que foi o que recuperamos nós nese ano— tiña un tamaño de 150. Se temos en conta iso e que hai comunidades autónomas nas que a día de hoxe —incluso dígase, por exemplo, Andalucía— os traballadores públicos aínda non recuperaron a totalidade da extra do 2012, ese tipo de comparacións en bruto non se poden seguir realizando.

Como, señor Lago, tampouco se poden realizar e ir ao dato concreto así, de listón, a ver que tal e se tal... Mire, hai unha diferenza moi grave en ISD, vólvolle repetir, 7 meses fronte a

12, como tamén en IRPF. E por iso lle digo que as matemáticas tamén as hai que aprender conceptualmente, non é soamente poñerlle a métrica.

E, por certo, discutir nestes momentos que o IPC, xa rematado o ano, foi do 1,2 é algo no que, de novo, non podó coincidir.

Pero, bueno, non en ton profesional, non en ton de dar clases a ninguén, o que quero é pechar a miña comparecencia destacando algo por onde empezaba a miña segunda intervención: o esforzo de Galicia como sociedade e o triunfo colectivo. Non me explico por que nos rasgamos tanto as vestiduras se estamos ante o que eu creo que é un triunfo colectivo, non só do Goberno de Galicia, que supón que hoxe se poida avanzar cuns datos económicos e orzamentarios como os que lles acabo de relatar. Porque hai uns anos, poucos creían que a sociedade galega fora capaz de conseguir darlle a volta á situación económica con máis dificultades da historia da autonomía, e que o descontamos moi a correr. Por iso, Galicia e os galegos saen fortalecidos das dificultades pasadas, aínda non todas superadas. Sempre traballamos con humildade transmitindo esta mensaxe, pero cremos que no bo camiño, para poder consolidar unha recuperación económica cada vez máis sólida e inclusiva.

Señorías, o avance que acabo de explicar non só eran datos, bos datos, senón que estes datos supoñen melloras no día a día das galegas e dos galegos, porque ter unhas contas equilibradas, manter ano a ano a solvencia da comunidade autónoma supón riqueza e mellores servizos para os cidadáns. Estes bos datos son alentadores e motivadores para os que somos xestores públicos, pero somos conscientes de que queda moito por facer. Queremos que este ano o crecemento económico tamén sexa robusto e san, para que a solvencia de Galicia, que tratamos de reforzar sempre, se traduza cada ano con maior intensidade en máis e mellores empregos, en maiores salarios, en servizos públicos máis eficientes e en maiores facilidades para empresas, sobre todo para as pemes e para os autónomos, nun turismo aínda de máis calidade, nun sector primario máis competitivo, nun medio ambiente, como se falou antes tamén, máis sostible e nunha administración máis áxil e próxima ao cidadán.

Queremos ser aliados e cómplices, ¿de quen? Das galegas e dos galegos, para poder axudalos a cubrir as súas necesidades e expectativas.

Señorías, sempre desde a prudencia e desde a humildade, os indicadores pechados do ano que acaba de rematar confirman que estamos no mellor ano desde antes da crise económica. De feito, os orzamentos que acaban de entrar en vigor son os máis expansivos desde hai practicamente unha década e teñen que axudar a estes obxectivos.

Estamos especialmente satisfeitos de que a día de hoxe en Galicia crezamos ao maior ritmo da última década, volvamos crear emprego de maneira sostida, compatibilicemos o forte crecemento e o descenso de paro coa práctica eliminación do déficit público e baixemos a ratio de endebedamento por primeira vez en dez anos.

Pero reitero, insisto, non é mérito só do Goberno galego, que axudou todo o que puido, senón un triunfo colectivo da sociedade galega, e para este ano reitero que contamos cunhas contas nas que por fin podemos compatibilizar o reforzo do gasto social cun gran impulso do in-

vestimento produtivo. Enmarcamos este orzamento no Plan estratéxico Galicia 2015-2020, que está sendo moi útil para conquistar estes indicadores positivos, pois na maioría dos meses estamos na banda alta do cumprimento de obxectivos. Seguiremos esta folla de ruta consensuada e avalada polos maiores expertos da comunidade autónoma, para manter o que está a dar bos froitos e para revisar e reforzar aqueles que teñen que ser mellorados. Para que o crecemento san conseguido sexa cada vez máis inclusivo e integrador contamos cunha gran fortaleza e cun escenario de estabilidade institucional e económica; aproveitáremolo ao máximo en beneficio das galegas e dos galegos.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as 16.15, catro e cuarto.

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e dezaioito minutos da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Reanudamos a sesión co punto 2 da orde do día, que se corresponde coas mocións.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo, sobre a política do Goberno galego en relación coa rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Está ben o das luces e estar aí negociando o da intensidade, porque se non esta Cámara era, cando chegamos, máis ou menos o mesmo páramo que son algunhas das zonas protexidas na nosa comunidade autónoma despois dos incendios, da choiva e do desleixo do Goberno da Xunta de Galicia. Segue molestando un pouco, pero bueno, aquí estamos.

Cando eu comezaba a miña interpelación en decembro, falaba de altura de miras e de visión ampla cando se fala de rexeneración de zonas protexidas. Esta visión ampla non a ten o Goberno, e así llo dicíamos á conselleira, e si a ten a organización ecoloxista Sociedade Galega de Historia Natural, que dixo e que segue mantendo que as administracións públicas teñen un absoluto desinterese polos espazos naturais e polo patrimonio natural de Galicia.

A conselleira negouno, dixo que non era verdade, pero ao final o tempo acaba destapando as mentiras. As organizacións ecoloxistas en xeral moléstanlle tanto a este Goberno que na propia comisión dos lumes que se creou neste Parlamento vetou a todas as organizacións ecoloxistas para que poidan acudir como comparecentes, e tamén ao presidente da Sociedade

Galega de Historia Natural, quizais porque ao Goberno lle molesta que vaian dicir que hai un absoluto desinterese por parte do Goberno en relación coas zonas e os espazos protexidos.

E iso que a conselleira na interpelación deu catro cifras e dixo que o 23,4 % do queimado fora Rede Natura, que o 7 % da reserva de Ancares ardera, que en total foron 11.400 hectáreas queimadas de zona protexida, e que ela solo se ocupaba especialmente de 6.630 no parque natural da Limia, na serra do Xurés, e en Ancares-Courel. Das outras case 5.000 dixo que era a Consellería de Medio Rural a que se encargaba especificamente delas.

Falou de que ela estaba preocupada pola flora e pola fauna desas 6.630 hectáreas, e dixo —non sabemos moi ben por que— que cría que a fauna escapara a outras zonas que non ardían. É difícil escapar se estás nas 1.000 hectáreas, nas 5.000 que che queden ao redor probablemente esa fauna estea morta. Preguntámoslle que se está a facer para recuperar a fauna e a flora que había antes dos lumes, e non nos respostou.

Dicía a conselleira —e iso si é verdade— que gran parte da superficie que se queimou naquel momento está en terreos altos con moita pendente, e que por iso o que lles preocupaba é o arrastre do chan aos ríos, poder limitar as escorrentías e volver vexetar as zonas afectadas. Preguntámoslle cales eran os resultados dos seus labores, da súas medidas, pero non tivemos resposta.

Preguntamos onde limparan os fosos e canles, tamén os desaugues, tampouco tivemos resposta. E como non houbo ningún tipo de resposta, nós preguntámoslles a aqueles compañeiros e compañeiras que están non só en zonas protexidas, senón tamén nalgunha destas zonas non especificamente protexidas, pero si en zonas LIC, como Carballeda de Avia, que foi un dos sitios especialmente castigados polo lume, ou As Neves, para que nos respostaran a estas preguntas que a propia conselleira non foi capaz de contestar.

E precisamente por esta falta de respostas, o que lle pedimos hoxe nesta moción ao Goberno é, primeiro, que deseñe antes de rematar este primeiro trimestre do ano 2018 un plan especial urxente de rexeneración ambiental de zonas protexidas afectadas polos incendios. Segundo, que teña ese plan unha memoria económica suficiente, con detalle, indicando os investimentos e o prazo de execución para cada unha das medidas e das actuacións que teña previstas. Terceiro, que restaure as dotacións de servizos básicos afectadas pola vaga de lumes. Cuarto, que haxa un informe cada dous meses sobre as posibles desaparicións de solos por arrastres —efectivamente, a conselleira dixo que era unha das cuestións que a ela lle preocupaba especialmente—, para evitar a contaminación de acuíferos e logo, finalmente, dos ríos e das rías. Quinto, que se active un dispositivo de vixilancia e avaliación por este posible arrastre de terras.

Como dicía ao principio, a Sociedade Galega de Historia Natural falaba de absoluto desinterese polos espazos naturais e polo patrimonio protexido de Galicia. Os colectivos ecoloxistas teñen ademais denunciado a absoluta pasividade do Goberno fronte á posible catástrofe que podía vir despois dos incendios, da vaga de lumes de outubro. É verdade que os lumes de outubro remataron cando comezou a chover, con aquela chuvia intensa que tivemos, pero logo comezou a chover en serio e así seguimos, con chuvia.

Os colectivos ecoloxistas, premonitoriamente, dixeron que era posible que houbera unha catástrofe para os ríos e para os mananciais como consecuencia das chuvias torrenciais. Eu contei aquí, e supoño que todos vimos a través das redes sociais esas imaxes de auga caendo a borbotóns por riba de pedregais, porque non hai nada máis que pedra despois dos lumes. Isto foi unha premonición ecoloxista, e como pode ser que o Goberno non atenda os ecoloxistas en ningún caso, pois esta premonición foi certa.

Así pasou. Turbeiras ardidadas por non ter feito labores de protección; augas torrenciais que se precipitaron aos ríos e aos mananciais. Os mananciais de auga para as poboacións normalmente están nos montes, e de aí se nutren os depósitos das augas veciñais. Non houbo traballos para evitar a erosión, ningunha protección para as infraestruturas, non aprobación de plans especiais de restauración hidrolóxica, falta de auga potable para que os veciños poidan beber mentres van recibir —ou esperan nalgún momento recibir— eses cartos prometidos especialmente, en primeira persoa, polo presidente da Xunta para reparar os danos que causaron os lumes.

Estaría ben que a conselleira de Medio Ambiente lles preguntase aos veciños de Carballeda de Avia e aos das Neves especificamente. E en relación con eles eu quero facer neste momento, porque é obrigado, un aparte. En primeiro lugar, porque non está garantido que a auga que están a beber sexa auga potable, precisamente porque como consecuencia primeiro dos lumes, e despois das chuvias torrenciais, a auga que baixou dos montes afectou os depósitos. Por exemplo, en Carballeda de Avia dicíame o seu alcalde, hai un par de días, que beben auga mineral porque non poden beber auga corrente, e que esta auga mineral está embotellada pola empresa Cabreiroá, que lles regala as botellas porque, se non, non poderían beber.

Sei que aquí non se pode facer ningún tipo de publicidade, pero neste caso eu creo que é imprescindible. Tamén vou facer publicidade do Colexio de Farmacéuticos de Ourense, que de maneira gratuíta fai as mostras e as analíticas sobre as augas, sobre se se poden beber ou non. Son 10 ou 12 mostras cada semana, e o Colexio de Farmacéuticas decidiu gratuitamente facer estas mostras, estas analíticas, porque a Deputación de Ourense cóbralles aos concellos cada unha das analíticas que lles fai. Polo tanto, viven agora mesmo da solidariedade de varias empresas e doutro tipo de institucións, que non son as administracións que están precisamente gobernadas polo Partido Popular.

E tamén é obrigado facer un aparte porque, a día de hoxe, o Goberno non aboou nin un só céntimo das axudas por danos materiais que lles prometeu aos veciños e aos concellos como consecuencia dos lumes e logo das choivas. Hai, segundo din nos medios de comunicacións os responsables do Goberno, 1.500.000 euros para a reparación destes danos. Só se pagaron os danos persoais, pero os danos materiais aínda ningún. Pasaron tres meses e non hai ningún tipo de información, ningún tipo de resposta. Nas Neves hai uns 150 expedientes esperando, e en Carballeda de Avia outros 150 expedientes esperando, máis ou menos, a que o Goberno dea algunha información. Iso si, paseos da conselleira de Medio Rural no seu día, fotos, helicópteros a esgalla, e ese *mulching* espallado polo territorio, iso si que o hai.

E se isto ocorre en sitios que están habitados, en sitios nos que hai persoas que saben falar e, polo tanto, poden contar o que está a ocorrer aos medios de comunicación, ¿que pasará



nessas 6.630 hectáreas na Baixa Limia-Serra do Xurés, e en Ancares-Courel, nas que non hai practicamente persoas, hai animais, hai pedras, hai árbores, que evidentemente non falan e non poden contar que esta rexeneración dos espazos protexidos en Galicia nin existe nin lles interesa aos responsables do Goberno do señor Núñez Feijóo.

Esperemos que vostedes voten a favor da nosa iniciativa porque consideramos que é imprescindible.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Foron máis de 50.000 hectáreas queimadas naquela fin de semana de inferno; 50.000 hectáreas que habería que sumar ás outras ardidadas ao longo do ano; e así ano tras ano, nunha inacabada sinfonía de despropósitos. Porque o que arde non é madeira ou matogueira, eucaliptos ou carballos, castiros ou freixos, o que arde é territorio, esa parte de nós que vive en nós e nós nel. E cando arde territorio, cada decímetro cúbico de terra que se deteriora é futuro que se nos furta e é pasado que non volverá nunca máis. E nisto tanto ten espazo protexido como sen protexer: arde territorio.

Pero claro, o espazo protexido é socialmente considerado como territorio estratéxico con valía especial, e de aí a figura.

E cando arde morre flora de nós, morre fauna de nós, morre vida de nós, de todos e todas nós, o solo queda sen protección e a mercede dos arrastres e dos axentes erosivos, nu e indefenso. E eses arrastres colmatan cauces pequenos e grandes aquíferos, cultivos, pistas e camiños, gabias de desaugues, traídas de auga, e contaminan cultivos marisqueiros, pou-san nos leitos de rías e abafan a vida. E, incendio tras incendio, o solo perde grosor e capacidade xenerativa de vida. No medio de tanta morte e de tanta tristura só hai un triunfador, un favorecido do lume, un intruso que usa o lume como axente de vida, unha peste que, mediante o lume, foi espallada por todo o noso territorio nos últimos corenta anos: o eucalipto.

Se os lumes son cousa de todos os anos, ¿onde están os protocolos de actuación inmediata? ¿É que as condicións nas que quedan os solos queimados varían cada ano? ¿É que se o alcalde dun concello afectado quere actuar con inmediatez, antes de que veñan as borrascas que multiplican a erosión, ten que ir buscar na Wikipedia os protocolos? Porque a 22 de xaneiro, pasados tres meses do desastre, nas comunidades de Ponte Caldelas e nas do Val Miñor nada saben das consellerías do ramo nin dos posibles protocolos para evitar a erosión. Abandonados á Wikipedia.

As preguntas están aí, ¿que se fixo para previr os arrastres nas superficies queimadas con fortes pendentes? ¿Como se protexeron acuíferos e ríos das colmatacións coas cinzas? ¿Recuperaron as zonas cero as infraestruturas básicas e vitais para a vida social destes tempos? ¿Onde están os plans de medidas de protección contra o lume nos espazos protexidos, que por lei deberan estar funcionando? ¿Onde os plans de rexeneración que contempla a Lei de montes, tantas veces burlada por esta Administración?

Milleiros de toneladas métricas de cinzas ou madeira queimada arrastrados pola forza das augas. ¿Como e quen vai facer a retirada do amianto das uralitas escachadas polo lume nas Neves, e valorados polo baixo en 150.000 euros? Porque a saúde da poboación tamén debe ser espazo protexido.

¿Quen vai correr cos gastos da reposición de viais estragados pola erosión do arrastre e polas actuacións indebidas, en tempo indebido, e valoradas en 270.000 euros? Fálolles das Neves, pero polo territorio adiante hai tamén abondosa casuística semellante, aínda que non sexa tan grave pola intensidade.

Fortes sumas de diñeiro gastadas en palla e helicópteros. Anna levou gran parte dela ás gabias dos ríos. Tragsa e subcontratas. Unha vez máis aparece a sombra do negocio do lume. Non a inventamos nós, está aí, a xente das zonas afectadas visualízaa.

Un plan de emerxencia que finalizou a 31 de decembro, dando paso a un de urxencia que está en vigor. O primeiro comeu preto de 400.000 euros, e o segundo comerá arredor de 800.000.

Estamos a falarlles da reserva de Ancares e Courel. ¿Que sabemos da rexeneración de flora e fauna autóctonas? A fauna fuxiu a zonas colindantes, dixo a conselleira, e xa se dixo aquí.

O BNG vai apoiar esta moción, e non imos ir de técnicos dando receitas máxicas, iso si, en 2006 abordouse o problema con decisión política e con imaxinación, capacidade da que vostedes carecen, porque a vostedes politicamente sóbralles propaganda e silencios, silencios para que a poboación non se entere da realidade, silencios pagados ou amedrentados, e propaganda a esgalla, sutil e arteiramente utilizada, pagada tamén con cartos públicos, con cartos de todos e todas nós, que nos sentimos dobremente afectados: cando ardemos e cando nos queiman.

E mentres, a sociedade civil civilizadamente programa concertos para recadar fondos, voluntariado no monte en rexeneración busca solucións pola súa conta, ¡unha vez máis!, dando mostras da sensibilidade e da carraxe feita traballo na recuperación que a Administración nin quere nin sabe abordar. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Señora Vilán, é vostede unha optimista, e pide vostede no punto 1 da súa moción que a Xunta de Galiza deseñe, para rematar a súa aplicación antes de acabar o primeiro trimestre deste ano 2018, un plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais, incluíndo no mesmo medidas e accións para loitar contra os procesos erosivos, para recuperar os hábitats afectados e parar rexenerar as especies de flora e fauna ameazadas e autóctonas.

Queda un mes máis ou menos para que comecen a traballar as brigadas da Xunta de Galicia, os fixos discontinuos. Queda un mes, máis ou menos, para que por desgraza volvan aos nosos montes os lumes da primavera. Recordemos que o ano pasado, entre o mes de marzo e o mes de abril, assistimos a unha imparabile escalada das hectáreas ardidadas en Galiza, superando as 10.000.

Se a un mes de que volvan os lumes aínda non se activou ningunha das 30 medidas máxicas do presidente Feijóo. Cos lumes á porta, ¿espera vostede que o Partido Popular apoie esta moción? ¡Oxalá me equivoque! Nós imos apoiala, por suposto, porque os nosos montes precisan destas actuacións e porque o Partido Popular ata o de agora nada fixo para evitar o desastre que dende diversos colectivos e organizacións políticas lle avisamos que ía pasar.

Pide no punto 2 que se dote dunha memoria económica suficiente o mencionado plan, detallando os investimentos e prazos de execución do mesmo para cada unha das medidas e actuacións previstas. ¡Oxalá me equivoque de novo, pero oito me dá que non o van aprobar, despois de que En Marea e todos os grupos da oposición neste Parlamento presentamos emendas nos orzamentos neste senso e foron todas rexeitadas polo Partido Popular!

Punto 4, comunicárllelo a todos os concellos afectados, elaborando un informe bimensual relativo ás posibles desaparicións de solos por arrastre nas áreas de maior pendente e contaminación de acuíferos, ríos e rías.

A meirande parte dos concellos afectados polos incendios forestais, e agora por arrastres, que non son de cor azul escuro no mapa da Galiza aínda están esperando, a día de hoxe, unha chamada dos responsables políticos deste país interesándose por como están as súas vilas e os seus montes despois de semellante catástrofe.

En Marea preguntou no Pleno do día 20 de decembro do ano pasado se estaba a Xunta de Galiza a analizar distintos elementos nas augas e nos sedimentos das zonas afectadas pola recente vaga de lumes forestais. A señora conselleira non respostou.

Na Comisión de Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes do día de 10 de novembro En Marea levou unha proposición non de lei sobre a elaboración polo Goberno galego de protocolos de actuación para zonas queimadas polos incendios forestais e a creación do Banco de sementes autóctonas para a súa implantación, co fin de limitar o risco de erosión. O Partido Popular votou en contra, ¡oxalá hoxe rectifique!

Agora ben, o negocio do lume vai pechando o seu ciclo, os intereses do Partido Popular. Aquí temos unha imaxe de hai dúas semanas, dúas imaxes de alpacas de palla podres amoreadas no monte do Courel. E aquí temos unha foto de onte mesmo, na mesma parroquia do Courel, a mesma palla espallada nunha zona de chaira, unha zona totalmente chaira, e con maquinaria pesada, que é algo totalmente desaconsellable para os terreos recén queimados, algo desaconsellable dende distintas asociacións, namentres o regato desta mesma parroquia baixa totalmente cheo de cinza por non actuar a Xunta de Galiza onde o tiña que facer. Logo vai vir a conselleira aquí dicirnos os cartos que se adicaron a paliar estes danos, o que pasa é que non vai informar do resultado que tiveron. Cartos pódense gastar, para iso, señoras e señores do Partido Popular, é mellor que non os malgasten. Queden vostedes na casa, que en ocasións o resultado é o mesmo, ou incluso moitas veces é mellor.

Déixense aconsellar polo mundo científico, pola universidade, biólogos, investigadores de incendios forestais, propietarios de montes, ambientalistas etc. Poñan en marcha de forma urxente actuacións que minimicen os danos producidos, ecolóxicos, económicos e sociais. Urxe levar adiante traballos que eviten a erosión e os arrastres de cinzas aos acuíferos e aos cursos fluviais.

A rexeneración e recuperación dos ecosistemas afectados é vital para a supervivencia do país, e a sinceridade é un principio básico para solucionar as eivas que vostedes poden ter cometido.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiros.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, moi boa tarde a todos.

Señores da oposición, señora Vilán, é doado comprobar como vostedes —os grupos da oposición— tentan aproveitar canto lles sexa posible calquera acción que pensen que lles poida proporcionar réditos políticos. É o que fixeron cos incendios de outubro do ano pasado, procurando por todos os medios tratar de desgastar o Goberno da Xunta, algo verdadeiramente difícil, tendo en conta a inmediatez e a eficacia na actuación de todo o Goberno.

Por certo, no Grupo Popular tiñamos a esperanza, ben é certo que remota, de que vostedes empezaran as súas intervencións pedindo desculpas ao director xeral de Ordenación Forestal por chamarlle corrupto en repetidas ocasións... (*Aplausos.*) está recollido en todos os medios, por un caso que finalmente foi arquivado. Non hai mellor exemplo de que a oposición se pasa de freada, cegada pola única ambición de atacar o Goberno da Xunta e o Grupo Popular. Pero cando se fai o correcto, o tecnicamente aconsellado, o socialmente preciso e o economicamente necesario, non hai que terlles medo ás críticas interesadas, e moito menos ás valoracións políticas nesgadas ou manipuladas.

Chegan tarde, como sempre, as súas iniciativas, señorías da oposición. Nunca ninguén fixo nin fai o que fixo e está facendo o actual Goberno da Xunta, por iso non nos cansaremos de repetir as veces que faga falta todas aquelas medidas e actuacións que se tomaron e se están levando a cabo, dende o primeiro momento dos incendios e ata o de agora, coas medidas que tecnicamente foron ditaminadas e coas decisións políticas e económicas que se adoptaron e puxeron en práctica para dar completa cobertura a todas esas actuacións, principais e complementarias.

Señorías, a Consellería de Medio Ambiente, logo da vaga de lumes, e en coordinación coa Consellería de Medio Rural, actuou de xeito inmediato nos dous espazos naturais protexidos afectados polos incendios: o parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés e a zona especial de conservación Ancares-Courel.

Logo da avaliación inicial, e seguindo as indicacións do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, as devanditas actuacións realizáronse mediante a colocación de barreiras, filtros e acolchado de palla —desa palla— nas zonas de máis risco, ademais de proceder á retirada de madeira queimada e realizar a limpeza de concas.

A actuación do Goberno galgo tras os incendios no mes de outubro caracterizouse o primeiro de todo pola coordinación, que entendemos que é esencial; unha coordinación que foi incluso louvada non só en Galicia, senón en todo o Estado e inclusive na Unión Europea, xusto no mesmo momento no que se estaban a producir os lumes.

Así, señorías, inmediatamente despois dos incendios do ano pasado, e sempre baixo prescrición técnica — e isto é importante resaltalo, baixo prescrición técnica —, a Consellería do Medio Rural convoca a primeira reunión da mesa de coordinación, onde participan 40 representantes de distintos entes especialistas e técnicos de recoñecido prestixio. E neste foro foi onde se avaliaron os incendios e as actuacións que debían ser levadas a cabo.

Gran parte da superficie afectada nestes dous espazos protexidos atópase en terreos que son de alta montaña, en terreos que teñen unha elevada pendente. Por iso, estes traballos que se están realizando pola consellería teñen como finalidade o máis importante, que é evitar o arrastre do chan aos ríos. Estas actuacións —que tamén están sendo coordinadas polo Centro de Investigación de Lourizán— teñen tres eixos diferenciados, que son os que acomete a Consellería de Medio Ambiente.

O primeiro de todo, medidas para estabilizar o chan e limitar as escorrentías a través dun acolchado de mantas orgánicas de coco e de palla de cereal. Tamén nalgúns casos se fai coa técnica coñecida como *mulching*, dende helicópteros.

Tamén se está facendo a retención de sedimentos, para o que se construíron barreiras de mallas biodegradables, de coco, tamén de palla e de biomasa forestal naquelas zonas que foron priorizadas polos técnicos.

Por último, medidas para acadar a revexetación de zonas afectadas, a través do sementado manual en terreos con risco de desestabilización e mesmo tamén de hidrosementado en zonas de especial sensibilidade.

Pola súa parte, e no tocante á rexeneración de solos, a Consellería do medio Rural leva realizadas ata o momento actuacións en 32 concellos: 18.200 metros cadrados de limpeza e rozas, 11.800 metros lineais de barreiras filtrantes e faixas, 83.000 metros de reparación de cunetas, pistas e camiños, 454 hectáreas de acolchado de palla, ademais da retirada e triturado de madeira queimada en máis de 38 hectáreas.

Señora Vilán, pide vostede unha memoria económica, cando os datos son públicos: 7 millóns da Consellería do Medio Rural, 2,1 da Consellería de Medio Ambiente e 4 do ministerio. Aí ten a memoria, máis de 13 millóns de euros.

Como ven, señorías, xa choveu, xa pasaron temporais, xa pasaron tormentas e non houbo escorrentías, non houbo afectación nos leitos nin nas rías nin nos bancos marisqueiros. En definitiva, non houbo nada do que vostedes mal auguraban. (*Murmurios.*) O que si houbo foi inmediatez nas actuacións; o que si houbo foi axilidade na avaliación estrita das afectacións; o que si houbo foi unha coordinación técnica para a realización das actuacións propostas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** O que si houbo foi unha dotación económica suficiente e ampliable; o que si houbo e hai é información puntual; e por último, o que si hai é unha actuación continua e un dispositivo de vixilancia e avaliación permanente.

Non hai caso, señorías.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Balseiros.

Grupo autor da moción, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

O primeiro é agradecer aos grupos parlamentarios do BNG e En Marea que apoiem a nosa moción. A verdade é que eu pechaba os ollos e parecía escoitar á conselleira de Medio Ambiente no mes de decembro, porque curiosamente o seu discurso foi literalmente —e digo literalmente— o que ela nos contou aquí o día que veu intervir e que veu responder á interpelación. Non creo que vostede se queira presentar á alcaldía de Coruña como candidato, pero, dende logo, se un pechaba os ollos, estaba lendo o que dicía a conselleira de Medio Ambiente no seu día. (*Aplausos.*)

Nós non vimos aquí sacar réditos políticos. Non sei se lembra vostede aquela frase: «Eu non teño mortos ás miñas espaldas». (*Aplausos.*) Iso si que é un rédito político. E esa frase nunca saíu dese lado. Sabe vostede ben quen é o responsable. Igual que o do uso da *manguerita* cos zapatos castelanos e os pantalóns chinos. Quizais os réditos políticos... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio, silencio.



**A señora VILÁN LORENZO:** Isto, ademais, señor Balseiros, non é nada novo. Somos a comunidade autónoma máis azoutada de España polos incendios. E vostedes levan case trinta e un anos gobernando. Iso quere dicir..., iso quere dicir —antes de que vostede me resposte, porque non lle estou preguntando, mentres vostede falou eu estaba aí calada— que non é algo novo. Que haxa incendios en Galicia non é algo novo; que chova despois por riba dos incendios non é algo novo; e que vostedes, neses trinta e un anos, non deran axudas de maneira inmediata e fosen eficaces na súa xestión, por desgraza, lamentablemente, tampouco é nada novo.

Cando foron os incendios, foron as organizacións ecoloxistas as que saíron nas redes sociais e lles dicían á xente que non subise aos montes despois de queimados porque, efectivamente, como dicía o voceiro de En Marea, non se deben pisar os chans queimados. Non botedes palla de maneira inmediata, non replantedes, non vaiades con sementes porque non se pode. Iso foron as organizacións ecoloxistas, a conselleira de Medio Ambiente non estaba. Por certo, tampouco a viron nin na Serra do Xurés nin en ningún sitio dos Ancares. Foi probablemente a conselleira do Medio Rural un día; a de Medio Ambiente non foi nin unha soa vez, porque pode ser que Coruña sexa máis fácil de pasear que os Ancares e a Serra do Xurés. *(Aplausos.)*

E agora, seis meses despois... Por iso non é que eu sexa optimista, é que aprobar ese plan urxente antes de que remate marzo implica que, como os incendios foron en outubro, tiveron vostedes seis meses, teñen vostedes seis meses en total, para aprobar un plan urxente.

¿Onde están vostedes? Porque a verdade é que hai que ter pouca vergonza para vir aquí e dicir que non están afectados os acuíferos nin os mananciais. Fale vostede, chame. Cando saíamos de aquí pásolle eu o teléfono do alcalde de Carballeda de Avia, fale con el e pregúntelle por que Cabreiroá, que é unha empresa e que se supón vive dos beneficios económicos pola venda da súa auga, está doando gratuitamente auga aos veciños. Será porque non poden sacar a auga de onde a tiñan de maneira natural porque si están afectados os acuíferos.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación das condicións laborais do persoal do sector público autonómico**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición.*

*Engadir un novo punto 4 co seguinte texto:*

*«4. Defender diante do goberno do Estado a reversión dos cambios legislativos que fixeron posíbel e legalizaron o espolio de rendas e dereitos da clase traballadora en xeral e do persoal das administracións públicas en particular: derogación da reforma do artigo 135 da Constitución e da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para defender a moción ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

No último pleno do pasado 19 de decembro, precisamente con motivo do debate dos orzamentos para este ano 2018, interpelabamos o señor conselleiro de Facenda e tamén de Función pública, desde o Grupo Parlamentario Socialista, sobre as previsións do Goberno galego para recuperar os dereitos laborais dos empregados públicos autonómicos no actual escenario de recuperación macroeconómica en termos PIB.

Lembrámoslle tamén, unha vez máis, como coa propia e sinalada Lei 1/2012 o Goberno galego aplicou a máis de 85.000 empregados públicos autonómicos, funcionarios e laborais, os recortes tantas veces relatados e tantas veces ignorados polo Goberno galego, levando adiante o que supuxo — como xa comentei daquela naquel debate, tomando as palabras dalgunha organización sindical — unha voadura controlada da negociación colectiva no ámbito da Administración autonómica. O eficientísimo Goberno galego, durante os anos 2013, 2014, 2015 e 2016 — non nos cansaremos e non me cansarei de repetilo —, impuxo adicionalmente un recorte retributivo para todos os empregados e as empregadas públicas autonómicas que ascendeu a unha media dese 5 % anual nas pagas extraordinarias, nese complemento específico ou concepto equivalente, o que supuxo unha detracción retributiva acumulada media dun 14 % aos 75.000 empregados públicos. Unha política — como sinalamos tamén — deseñada para adelgazar de forma premeditada os servizos públicos, para mudar un estado de benestar por un estado de beneficencia, facilitando novos ámbitos de privatización — si, esta palabra que ás veces tanto lles molesta —, de absoluta liberalización e de absoluta individualización dos problemas sociais.

Señoras e señores do Partido Popular, o novo marco de previsións macroeconómicas dos orzamentos 2018 — como ademais esta mañá volveu insistir o conselleiro de Facenda e de Función Pública — é que pretenden recuperar — como se di no seu texto — a calidade dos servizos públicos recortados de forma sistemática durante todos estes anos, exige, por unha parte, recuperar todos os dereitos e condicións de traballo. Por outra parte, recuperar, evidentemente, todo o marco de relacións laborais e de negociación colectiva no ámbito do emprego público autonómico. Esta é unha peza clave, absolutamente clave, para reactivar as políticas sociais e as políticas de igualdade da nosa comunidade autónoma. E reiteramos unha vez máis, o comportamento do produto interior bruto real en Galicia durante os anos 2014, 2015 e 2016 tivo magnitudes positivas: 0,7, 3,2, 3,4 e 3,1 en 2017, como ademais esta mañá nos volveu lembrar o conselleiro de Facenda. E o aforro primario, como saben tamén, esa diferenza entre ingresos correntes e gastos correntes descontados os gastos en xuros da débeda, tamén vén arroxando magnitudes positivas nestes últimos tres exercicios. Desde os 204 millóns positivos de aforro primario en 2015 aos 449 de 2016.

Señores e señoras do Partido Popular e do Goberno galego, se estas eran as dúas condicións da Lei 1/2012, que daba eses dous anos de revisión para poder superar as medidas temporais acordadas nesta nefasta lei para os servizos públicos autonómicos, xa non teñen máis excusas para devolver os dereitos recortados aos case noventa mil empregados públicos autonómicos.

Esta mañá asistimos novamente á comparecencia do conselleiro de Facenda e —insisto— de Función Pública nunha especie de autoloa macroeconómica, e volvía insistirnos en como os datos básicos de déficit, de débeda, de regra de gasto, de PMP (períodos medios de pagamento), estaban en situación positiva en Galicia. Congratulámonos de que o escenario macroeconómico sexa positivo, pero supoño que os obxectivos de déficit, de débeda, de regra de gasto e de período medio de pagamento non son un obxectivo en si mesmo, senón que son precisamente un instrumento para xestionar os recursos públicos non só pola vertente do gasto, senón pola vertente do ingreso.

Hai uns días un diario publicaba unha páxina que eu creo que resume dunha forma máis que acertada, porque é resumo de moitos analistas e de moitos economistas, o que está a acontecer actualmente en Galicia. Dicíanos como a economía crece e como o emprego languidece. E isto ocorre, evidentemente, no emprego privado e na calidade do emprego privado, pero, por suposto, tamén na calidade do emprego público. Por iso desde o Grupo Parlamentario Socialista, señores do Partido Popular e señoras do Partido Popular, neste escenario de recuperación macroeconómica presentamos esta moción para substanciar a interpelación formulada no pasado pleno. E por iso pedimos unha serie de medidas, como son, en primeiro lugar, abrir un calendario absolutamente claro e unha apertura formal de negociación colectiva na Mesa xeral de empregados públicos para os anos 2018, 2019 e 2020 que contemple, á súa vez, unha serie de medidas.

En primeiro lugar, un tema co que se está traballando, pero non de maneira suficiente, como é establecer un plan de oferta de emprego público para o período 2018-2020 que permita recuperar as taxas de emprego público estable perdido durante todo o período transcorrido entre os anos 2009 e 2017, impulsando incluso medidas que tratan de suprimir e superar as taxas de reposición de efectivos.

En segundo lugar, un calendario previsible para a execución e finalización de todos os procesos —iso si, tantas veces anunciados— de consolidación de emprego temporal, de funcionarización ou de promoción interna. Por certo, reúnan dunha vez as mesas sectoriais de ensino e de xustiza para levar adiante nestes dous ámbitos importantísimos do emprego público estes compromisos —como digo— tantas veces anunciados nesta Cámara pero que aínda non están dando froitos.

Por outra parte, é necesario abrir ese proceso de negociación colectiva para revisar as escalas de funcionarios, e non que entren reformas das escalas de funcionarios pola porta de atrás nesta Cámara a través da Lei de medidas que acompaña os orzamentos. Hai que revisar as escalas en materia de seguridade e saúde no traballo, en materia de bombeiros forestais, en materia de auxiliares de clínica e outra serie de escalas que están a ser modificadas de forma unilateral por parte da Xunta de Galicia.

Exiximos tamén nesta moción, dunha forma absolutamente prioritaria, a creación dun fondo especial de recuperación progresiva —con toda a progresividade que se necesite, pero de recuperación— das contías deixadas de percibir polo conxunto dos empregados públicos de Galicia durante os anos 2013, 2014, 2015 e 2016. Tamén consideramos absolutamente necesario establecer un proceso —porque si que se pode establecer un proceso— de convocatoria ordinaria de concursos que evite situacións de provisionalidade como está acontecendo habitualmente. E dunha forma eu diría que simbólica ou paradigmática o que reclamamos é a derogación expresa —insisto, a derogación expresa— da Lei 1/2012, de medidas temporais en materia de emprego público, (*Aplausos.*) porque aínda que hai aspectos desta lei que xa están incorporados á lexislación ordinaria do emprego público, e os coñecemos —dígoo para que non me devolvan esa pelota—, o que nós estamos pedindo con esta derogación é precisamente o recoñecemento de que esta lei debe ser derogada para, evitar as penalizacións das incapacidades temporais, recuperar a acción social, recuperar os dereitos de xornada laboral e impedir que continúe a suspensión unilateral de determinados artigos do V Convenio colectivo único de persoal laboral, dunha forma sinalada o artigo 19, que está castigando a tantas e tantas mulleres, sobre todo dos centros adscritos á Consellería de Política Social. Como digo, a derogación expresa desa lei si que sería a proba de que realmente o Goberno galego quere apostar pola recuperación dos servizos públicos e, polo tanto, do emprego público.

Finalmente, insistimos en establecer mecanismos para controlar a calidade dos servizos públicos, e por iso avogamos, unha vez máis, pola creación dun observatorio para a avaliación da calidade dos servizos públicos.

Esperamos e confiamos —non sen certo escepticismo, por suposto— que por parte do Grupo Popular e por parte, polo tanto, do Goberno do señor Feijóo se apoiem estas medidas para salvar xa non digo que unicamente o emprego público en Galicia, senón a calidade dos servizos públicos máis básicos.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Boa tarde.

Como xa dixemos noutras ocasións que se deu aquí este debate, concretamente hai case un ano, a chamada crise foi en realidade unha escusa, un pretexto, para un xigantesco roubo, ademais legalizado, tanto de rendas como de dereitos, que lle afectou especialmente á clase traballadora. Tamén dixemos que as rendas é máis fácil recuperalas que os dereitos, e, desde logo, esas son batallas que hai que seguir dando na sociedade. Espolio e incautación de rendas e espolio de dereitos sociais e laborais para facerlle pagar a factura da crise, fundamentalmente polo rescate da banca e por outras facturas, á maioría da sociedade e que beneficiou as grandes empresas e os que máis teñen.

As causas desta situación teñen que ver, ademais —e isto é importante tamén velo, sabelo e analízalo— con algúns consensos. Porque claro, non era fácil impoñer todo este tipo de medidas tan impopulares e que supoñían grandes sacrificios dunha gran parte da sociedade. Esta involución, esta regresión ideolóxica, foi posíbel porque houbo un grande acordo, un gran consenso, non só no Estado español, senón en todo o mundo e en Europa, arredor dunha serie de modificacións legais que tiveron a súa tradución entre o 2010 e o 2012 na modificación do artigo 135 da Constitución e tamén na aprobación da Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Esa foi realmente a clave de bóveda, o marco legal, que amparou, que permitiu, todas estas regresións salariais e laborais.

Isto —como sabemos— tivo e segue tendo consecuencias dramáticas en amplos sectores da sociedade, e unha das consecuencias é precisamente ese empobrecemento da clase traballadora, tamén da pequena e mediana empresa, dos autónomos e autónomas, mentres vemos como as contas de beneficios multimillonarios das grandes empresas seguen medrando. Por certo, algunhas delas, como a banca, rescatadas con fondos públicos. E ao mesmo tempo produciuse ese espolio de dereitos: negociación colectiva, xornada laboral, contratación, despedimentos, prestación por desprego, que se foi aprobando sucesivamente por distintos gobernos a través de distintas reformas laborais.

Eses cambios, esa regresión, tiveron un impacto especialmente forte no caso do emprego público, no persoal das administracións públicas, que ademais foron obxecto dunha campaña de desprestixio e de descualificación por parte de gobernos —e aquí en Galicia temos un bo exemplo diso—, que tivo tamén unha repercusión no empeoramento da calidade dos servizos, no desmantelamento dos servizos públicos e na súa privatización. No caso do persoal, de perdas de ingresos que se calcula que superan o 25 % por varias vías, desde a redución salarial primeira, do 5 %, aprobada polo Goberno do señor Zapatero, ata todas as demais incautacións de ingresos e de salarios que se foron producindo ao longo dos anos seguintes.

O BNG denunciou daquela estas medidas regresivas, e hoxe segue tamén defendendo que haxa acordos en materia laboral, en materia salarial, en materia de dereitos, para recuperar todas esas perdas.

En primeiro lugar, no que ten que ver coa oferta de emprego público para os próximos anos, recuperando os postos de traballo suprimidos e tamén eliminando as taxas de reposición. Por certo, sobre isto xa houbo acordos en distintos foros, e tamén no Parlamento do Estado, para que se lle dea marcha atrás. Hai unha petición maioritaria, eu diría case unánime, por parte dos concellos para que se elimine esta medida tan regresiva. O incremento salarial progresivo, devolvendo tamén os dereitos salariais espoliados, a recuperación de dereitos laborais e sociais eliminados, e no caso do persoal laboral, tamén a recuperación dos dereitos suprimidos pola Lei 1/2012.

O BNG, desde logo, vai apoiar esta proposta do Grupo Socialista, pero tamén presentamos unha emenda que lles solicitamos que miren con atención e con cariño porque pensamos que hai que ir realmente a cambiar o marco, a cambiar as regras de xogo, e iso pasa por derrogar esa lexislación regresiva que se aprobou nos anos 2010 e 2012, o artigo 135 da Constitución e a Lei de estabilidade orzamentaria, esa imposición dos dogmas, que son a absoluta prioridade

das políticas públicas fronte as necesidades da maioría. Polo tanto, imos apoiar a iniciativa e pedimos tamén o voto favorable para a emenda que presentou o BNG.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Boa tarde, señor presidente.

Deputados e deputadas.

A verdade é que esta iniciativa, primeira iniciativa, esta moción, dende logo eu pódoa aplicar en primeira persoa; é por iso que me sinto neste caso lexitimada para falar deste tema. Por suposto, amosar que imos apoiar todos os puntos desta moción porque consideramos que é o xusto, que é o ético. Ademais de que, como digo, teño a sorte de poder falar desta iniciativa en primeira persoa e con coñecemento de causa.

Dende logo, o Partido Popular, coa escusa da crise, fíxonos pagar aos empregados públicos os seus desmáns e os seus favores á banca, a súa especulación, a corrupción e todos os seus contratos coas empresas. Eran o chibo expiatorio perfecto os empregados públicos. E para poder tapar os furados que existían era o máis rápido e o máis doado botar man aos salarios e á situación de certa estabilidade que tiñan os empregados públicos, gañada a pulso, gañada por dereito e gañada constitucionalmente. Era o chibo expiatorio fácil e o decretazo fácil para poder recadar rapidamente os cartos que facían falta para tapar outras malas xestións e outras prácticas absolutamente desprezables.

Vostedes, ademais, non cren no público, o seu modelo é o privado, e era unha escusa perfecta tamén para poder aplicar o despido libre, a precariedade, e despois esta política de sobras a cambio de contratos e de portas xiratorias, pero todo presuntamente, que quede claro, todo presuntamente.

É certo que este ataque aos empregados públicos comezou —ou máis que ataque, esta maneira de solucionar os problemas de xeito rápido— co Goberno de Zapatero, pero despois de atacar con total fiereza ao Goberno de Zapatero pola redución salarial, chegaron vostedes para superar con creces o feito polo Goberno socialista, ante o pasmo de todos os empregados públicos de todo o Estado e, por suposto, de Galicia. E por riba tiveron a desfachatez de intentar colocar o mantra, de colocar o discurso, de que eramos uns privilegiados, que tiñamos demasiados privilexios e que, claro, nunha situación de tanta crise, nunha situación tan mala, que era certa, e que os empregados públicos, ademais, empatizabamos absolutamente porque nas nosas familias o viviamos en primeira persoa e tiñamos a sorte de ter un ingreso estable para tamén poder estabilizar familias e axudar aos nosos, resulta que viñeron con que eramos unha maioría privilegiada e que tiñamos que arrimar o ombro. Pero claro, nós, vostedes o de tocar os seus petos e os seus privilexios xa non o levan tan ben. Ademais, era absolutamente aberrante, que llelo aplicaban sobre todo



a mileuristas. Ou sexa, era un despilfarro, unha cousa escandalosa, uns privilexios que non eran privilexios, ademais, que eran dereitos.

Vostedes non coñecen a diferenza entre privilexio e dereito. Privilexio é o que teñen os políticos. Vostedes impulsaron moitas medidas, e seguen mantendo medidas, que son privilexios, e non llas vou citar porque xa as coñecen. Outra cousa é roubar e case insultar a persoas que gañaron dereitos, e entón tiñan que difamar para xustificar e impor o seu modelo neoliberal —repetimos, precario e privado— a cambio de sobres e de portas xiratorias.

Recortaron en salario, recortaron nos programas de acción social, tamén penalizaron os empregados públicos que se poñían enfermos. Non tiñan nin idea de como ía a xente a traballar. E ademais non houbo unhas grandes revoltas, para o que foi este ataque, precisamente por empatizar coa situación do país os empregados públicos, con gran responsabilidade. Chegaron a penalizar a xente que se poñía enferma, que ía atender en ventanillas, en oficinas, con gripes, catarros e infeccións para non deixar os postos descubertos, e tamén porque aos mileuristas lles xera un problema que lles quiten eses días de soldo. Pero non se aplican a si mesmos, a vostedes, o conto, o que é moi curioso.

E despois os asuntos persoais, os famosos moscosos, que seguramente nin coñecen que era unha compensación. Por non ter subidas salariais, dábanse días libres para compensar as non subidas salariais. Polo tanto, seguen tendo conxelado un dereito que era unha compensación salarial. Entón, como xa se explicou moi ben polo deputado do Partido Socialista, como todo vai tan ben, España vai de marabilla, Galicia xa nin digamos, e vostedes son os adalides da economía e da recuperación económica, cumbran a súa propia lei, que establece que no momento en que se recuperase a economía tiñan que anular todas estas medidas infames e devolver o roubado, restituír os dereitos eliminados, devolver os cartos retirados aos empregados públicos e poder poñer fin a esta campaña de descrédito. Que polo menos poidan subsanar un mínimo o dano feito.

Cumbran a súa propia lei e aplíquense o conto, en vez de contar mentiras. Para dicir que traballamos moito, que o empregado público é moi bo, que somos fundamentais, para iso non nos fai falta ao Partido Popular para que llelo diga aos funcionarios. O que deben facer é cumprir a lei e devolver o que se lles roubou.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Santos.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

**O señor MOREIRA FERRO:** Bos tardes. Grazas, señor presidente.

A moción do Partido Socialista pide melloras para o emprego público, pero hai que saber, en calquera caso, e dentro das nosas capacidades, que en Galicia levamos xa máis de dous anos cunha recuperación da retribución dos empregados públicos, e fixémoslo na maioría dos casos por riba do resto das comunidades autónomas, porque esta comunidade ten unha solvencia,

e grazas a esa solvencia, tan pronto como se nos habilitou por parte do Goberno do Estado, melloráronse as condicións e séguense mellorando.

Cumprimos en todo momento os criterios para facer uso da nosa autonomía e ser a primeira comunidade que iniciou e completou a devolución da paga extra aprazada polo Goberno central no ano 2012. Ademais, adiantamos un ano sobre o previsto a recuperación do pago das extras completas aos empregados públicos galegos, que xa están cobrando dende primeiro de xaneiro do ano pasado. E no pasado mes de xullo aprobouse con celeridade o incremento con carácter retroactivo do 1 % de incremento salarial das nóminas dos empregados públicos galegos.

E queremos seguir así, queremos seguir por este camiño, mellorando as retribucións económicas dos empregados públicos galegos. Temos dúbidas de se o Partido Socialista quere seguir por esta senda, porque, señor Villoslada, vostede libremente en democracia, votou aquí, neste Parlamento, en contra duns orzamentos que reservan, efectivamente, 84 millóns de euros para subirlles o salario aos empregados públicos tan pronto como teñamos habilitación legal estatal para facelo.

O Goberno galego fai todo o que está na súa man para mellorar o salario dos empregados públicos, e reitérolle que eses 84 millóns de euros están neses orzamentos que vostede e todo o seu grupo rexeitou.

Xa non fala, señor Villoslada, de tratar de mellorar o número de empregados públicos. Está claro que aquí lle rebatemos, e o propio conselleiro, en moitas ocasións, que hai máis empregados públicos agora que antes, por iso matiza vostede con moita habilidade, pero matiza, que o que pide é falar de emprego estable, mellorar as taxas de emprego estable. Pois niso estamos, señor Villoslada, e debe saber que o 18 de outubro de 2017 se asinou o acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais para desenvolver un plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos. E teña a seguridade de que a Administración da Xunta de Galicia, tal e como vén realizando nos derradeiros anos, ofertará o máximo de postos permitidos pola taxa de reposición, e aspírase, polo tanto, a reducir a taxa de temporalidade a un 7 %.

Hai que ter en conta que en España a interinidade oscila entre o 30 % de sanidade e o 25 % da Administración de xustiza. En Galicia estamos nun 14 %, máis ou menos, e aspiramos xa non a un 8 %, que é ao que aspira o Goberno do Estado, senón a un 7 %, e queremos contar cos grupos da oposición para ese traballo.

Por outra banda, vostedes piden a derogación da Lei 1/2012, que aquí se tildou dunhas cousas que eu non sei se quen o di é consciente das cousas que está dicindo, como que se roubou aos funcionarios públicos. Precisamente a Lei 1/2012 o que tratou de garantir foi a sostibilidade e o mantemento dos servizos públicos, e iso se conseguiu. Efectivamente, agora hai mellores números económicos e macroeconómicos, e por iso se poden mellorar as condicións dos empregados públicos. Pero esta lei foi precisamente a garantía de que se puideran soste os servizos públicos.

Señor Villoslada, vostede pide a derogación da lei, pero xa pide a derogación de toda a lei menos os artigos 4 e 7. Creo que algo rectificaron, imos ben. Pero desta lei, que ten oito me-

didias —¡fíxese vostede o que son as cousas!—, das oito medidas reguladas por esta lei, tres están reguladas xa por normativa básica do Estado, dúas están superadas na práctica e das outras tres o PSOE rectifica e xa non quere derrogalas. Se seguimos así, señor Villoslada, acabará vostede abrazando esta lei e pedindo que non se derroge nunca.

Polo tanto, creo que nós non imos apoiar esta proposta porque o traballo que se está facendo estase vendo e as melloras son patentes. Como lles dicía, as cousas van mellorando e está-molo vendo. Hoxe mesmo o conselleiro comentou que grazas a esas medidas, a eses esforzos que se pediron no seu momento, hoxe puidemos cerrar o exercicio 2017, o avance da liquidación, cun déficit do 0,21 %; é dicir, menos do 0,60 % que se marcaba para Galicia. A débeda baixou tamén, polo tanto, as condicións económicas de Galicia son mellores, o cal ratifica que o esforzo que se fixo con esa lei foi necesario, e grazas a iso hoxe estamos en mellores condicións que daquela.

Vostedes non axudaron a este Goberno, non axudaron a Galicia, e agora que o escenario mellora e se demostra que todas aquelas medidas foron necesarias e que grazas a elas hoxe podemos afrontar as melloras no emprego público, vostedes pretenden erixirse en defensores dos empregados públicos, cando foron precisamente vostedes os que recortaron o salario dos empregados públicos para sempre, señor Villoslada. O seu partido foi o que recortou o salario dos empregados públicos, non foi o Partido Popular. E os galegos, que son moi intelixentes, souberon elixir ben en quen deben confiar, no presidente Feijóo. Hoxe os datos avalan a xestión do presidente Feijóo, e seguirán mellorando estes datos. Pero non é por casualidade, señor Villoslada, senón porque se fixeron ben as cousas e porque se adoptaron as medidas que había que adoptar, que foron duras, pero sempre pensando en garantir a sostibilidade dos servizos públicos e do emprego público. O pobo galego nunca se equivoca, señor Villoslada.

Aquí escoitei falar tamén de palabras como espolio, roubo... Mire, o espolio e o roubo que se produciu en Galicia foi o que se atopou na Xunta de Galicia cando chegou o Goberno do Partido Popular, que se atopou con que dos cartos que había apuntados nos orzamentos, realmente, na práctica, había 2.000 millóns de euros menos. (*Aplausos.*) Ese foi un espolio que no día de hoxe seguimos pagando todos os galegos, señor Bará.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. Non imos aceptar e apoiar esta moción. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Moreira.

Grupo autor da moción, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Señor presidente, grazas.

Non esperaba outra posición por parte do Partido Popular, señor Moreira.

Bueno, eu creo que dicir aos 85.000 empregados públicos que Galicia foi a Comunidade Autónoma que máis ten recuperado as retribucións no emprego público paréceme un exercicio de cinismo difícil de presentar na Cámara. A devolución da paga extra do 2012 tivérona que devolver por sentenza xudicial. O incremento do 1 % vén derivado dos orzamentos do Estado.

E non só falamos de retribucións, falamos de dereitos públicos, falamos de negociación colectiva. E, realmente, cando se fai un repaso, señor Moreira, dos aspectos que quedan da Lei 1/2012 por derrogar, se xa está superada en termos macroeconómicos, e outros aspectos están incorporados á lexislación ordinaria, non sei a que esperan para poder superala e poder derrogala. Como digo, para nós, e eu creo que para os 85.000 empregados públicos, para os representantes sindicais, a derrogación da Lei 1/2012 é precisamente un símbolo da recuperación dos servizos públicos. Non parece que se necesiten moitos acordos. Hoxe dinos o señor Montoro que incluso o incremento das retribucións dos empregados públicos pode ir por fóra dos orzamentos xerais do Estado. Non sei, non sei a que xogamos, señores do Partido Popular, cos servizos públicos.

Pero algúns datos que dei na outra ocasión e que creo que hai que insistir en dar e en reiterar ante a sociedade galega, ante eses galegos e galegas que vostedes din que confían no presidente Feijóo. Pode ser que si, non o dubido, en función de resultados electorais anteriores; xa veremos no futuro, no futuro mediato e no futuro inmediato incluso. Pero hai datos que están aí, como ten recordado:

A temporalidade na sanidade pública en Galicia está por riba do 20 %. Galicia foi a quinta Comunidade Autónoma en destrución de emprego público no quinquenio que vai do 2010 a 2015, 5 %, fronte á media estatal do 3,7 %. E cos datos da EPA: o 25 % de temporalidade no sector público en toda Galicia.

Pero hai un dato máis preocupante que tamén lle daba na anterior ocasión, que eu creo que si que responde á filosofía de fondo destas políticas, como é o transvasamento de ocupación entre o sector público e o sector privado, en termos, por exemplo, nos ámbitos da educación, da pública á privada, e da sanidade, da pública á privada. Son datos que coñecen; son datos que coñecen a caída de profesores en Galicia, coñecen a caída de efectivos de I+D traballando en Galicia e coñecen a caída de persoal ao servizo das entidades locais.

Os datos... É que incluso hoxe no epicentro do neocapitalismo financeiro que se está reunindo en Davos se está falando de índices de crecemento inclusivo. Xa se recordaba esta mañá como se coloca España: ao final desa cola. Esa propia moral capitalista, que unha vez que espreme moito ten que reaccionar para non entrar en colisión social, está reclamando unha saída máis igualitaria desta crise.

E para rematar, señor presidente, eu como conclusión ou como pregunta final diría se a saturación das Urgencias hospitalarias destes días, deste inverno, a saturación das citas en atención primaria tamén, ou o deficiente funcionamento seguramente dos operativos de emerxencias nos lumes de outubro, as malas ratios de alumnos en primaria e secundaria nas cidades, a crítica atención da situación da dependencia, a desatención sistemática dos servizos públicos de emprego, a preocupante caída de efectivos da Policía local que coñecemos, as protestas do persoal de Xustiza ou incluso a precarización do emprego no sector da vixilancia e seguridade privada en Galicia non son consecuencia da devaluación social a que está sometendo o Goberno de Feijóo ao emprego e servizos públicos autonómicos. Eu creo que son probas que precisamente a cidadanía de Galicia xulgará nos próximos procesos electorais. Pero máis alá de previsións electorais, o que importa é o funcionamento dos servizos públicos básicos do día a día.

Polo que respecta á emenda do Bloque Nacionalista Galego, aínda entendendo o marco que presenta, non a imos aceptar porque entendemos que desborda dunha forma eu creo que non axeitada para esta moción o marco que nós estamos presentando. Nós o que queremos é que a Xunta de Galicia, señor Bará, tome a iniciativa de derrogar precisamente a Lei 1/2012 e recuperar a negociación colectiva do emprego público autonómico.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D. Luis Villares Naveira, sobre a protección do medio ambiente e o lindano**

**O señor PRESIDENTE:** Moción do Grupo Parlamentario de En Marea.

Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir, despois da parte resolutiva da moción, dous novos puntos:*

*«6. Habilitar, antes de que remate o primeiro trimestre deste ano 2018, unha partida orzamentaria que inclúa o investimento preciso para a retirada e o tratamento do lindano nas zonas afectadas.*

*7. Cubrir, de maneira inmediata, un abastecemento alternativo de auga para os veciños do Porriño, en tanto non se rematen os estudos e informes anteriormente mencionados.»).*

*(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Gonzalo Trenor López, a través o seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:*

*1. Rematar no máis breve prazo de tempo posible as prospeccións e recollida de mostras que comezarán nos vindeiros días nos solos contaminados con lindano no lugar do Contrasto.*

*2. Unha vez coñecidos os resultados do estudo e localizadas as zonas contaminadas, realizar en colaboración co Concello un proxecto de descontaminación das zonas afectadas no primeiro trimestre deste ano. Este proxecto deberá comezar a executarse ao longo do ano 2018.*

3. *Continuar adoptando, en coordinación e colaboración co Concello do Porriño, as medidas preventivas necesarias para evitar riscos para a saúde das persoas.*

4. *Realizar un estudo da presenza do lindano en todo o Concello do Porriño, tendo en conta as achegas e colaboración dos veciños e veciñas afectados.*

5. *Dirixirse ao Estado para solicitar colaboración e apoio económico para a localización e retirada do lindano.>>).*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Hoxe traemos esta moción que sae da interpelación que fixemos no último pleno.

Vou facer unha pequena contextualización da situación, porque é importante recordar a gravidade do problema que temos coa contaminación do lindano.

O lindano é un elemento que os seres vivos acumulan con moita facilidade, xa que tanto se asimila por inxestión como pola respiración, e mesmo a través da vía cutánea, ademais de que é bioacumulativo. Polo que incluso baixos niveis de lindano poden ser moi prexudiciais pola exposición continua a este produto, que se vai acumulando na graxa das persoas e dos animais, que ou ben entran en contacto directo co produto, ou ben beben auga contaminada ou alimentos contaminados, ou os terreos contaminados ou regados con auga contaminada, ou mesmo por comer algún animal, porque ao pasar á cadea trófica pode atopalo. Como temos contaminado o río Louro, está contaminado tamén por lindano o río Miño, e poderíamos ter inxesta del a través do peixe que se puidera recoller nesta zona.

No ano 2015, a Organización Mundial da Saúde ratificou que o lindano podía provocar ademais tumores canceríxenos, encadrando o lindano no grupo 1 de produtos canceríxenos. É moi importante ter en conta que o lindano é un produto altamente tóxico e que os seus efectos, ao seren bioacumulativos, incrementándose co paso do tempo, supoñen un perigo importante para a saúde humana e o medio, e mesmo se transmite de nais a fillos e fillas a través da lactación.

Na zona de Torneiros, onde hai moitísimos anos que xa conviven con este problema, hai unha alarma por excesivos casos —como conta a veciñanza— de cancro, leucemia, malformación de fetos e insuficiencias renais, que nós consideramos que deberían ter un seguimento e facer un estudo exhaustivo desta situación.

En Galicia tivemos a mala fortuna de contar cunha industria fabricante de lindano durante dezasete anos, a fábrica de Zeltia, no Porriño, entre os anos 1947 e 1964, e neste tempo estimábase que foron xerados e espaxados pola zona máis de mil toneladas de residuos, que logo foron vertidos pola rexión. Debido á súa condición compactante —como xa temos comen-



tado—, estes residuos foron empregados como material de construción de camiños e estradas, así como para recheos en diversas obras, tanto de obra pública como de obra privada, estendéndose o lindano por toda a comarca, agravando así o problema e dificultando —e canto máis tempo pase peor aínda— a súa localización para a conseguente descontaminación.

Na recente obra que houbo no lugar do Contrasto, en Torneiros, nunha obra realizada pola Deputación de Pontevedra, de saneamento, saíron a luz restos de lindano, que —valla a redundancia— sacaron á luz un problema que xa vén de moi atrás, que ten máis de cincuenta anos, e ao que ningunha administración ata o momento quixo facerlle fronte en profundidade.

Durante todo este tempo non houbo actuacións ao respecto, máis alá das medidas superficiais acometidas pola Xunta de Galicia no ano 1999, e que teñen que ver coa contaminación da terra dos acuíferos que deixou atrás a fábrica de Zeltia, situada no lugar de Torneiros, no Porriño.

Vou facer tamén unha exposición cronolóxica para que teñamos claro de onde vén este problema e cales foron as distintas actuacións que se tomaron ata o de agora, porque hai quen pretende enfocar isto coma se fose un problema novo. Mesmo a conselleira na interpelación dixo que ela se enterou en setembro, e este é un problema —como digo— que ten cincuenta anos, e houbo diferentes momentos nos que este tema estivo en debate público.

En 1992, aparece terra contaminada nas obras da autovía de Mos. Por iso para nós é moi importante que o mapeo vaia moito máis alá do concello do Porriño, porque hai indicios claros de que fóra da zona do Porriño tamén nos imos atopar co lindano. Naquel momento, xa a ANPA do colexio de Sanguñeda, en Mos, se mobiliza para que o soterramento diante do mesmo con terra que tamén vén destas obras da autovía se retire e se leve a un lugar axeitado.

En 1996, o alcalde do Porriño, do Partido Popular, di que non hai ningún problema para a veciñanza no polígono de Torneiros, onde están as vivendas sociais.

En 1998, mobilízase a Xunta de Galicia. Existe o compromiso da Xunta de eliminar 4.000 metros cúbicos.

En 1999, cando xa se fan as obras, a veciñanza do polígono de Torneiros, 2.500 persoas, reclama a ampliación dos estudos da auga, que non se fixeron. A coordinadora veciñal reclama probas que acreditan que non hai lindano nas vivendas e reclama as análises médicas de 400 persoas. Todas estas actuacións daquela xa non se fixeron. E piden tamén que se amplíe a investigación a Mos, que tampouco se fixo.

No 2000, a veciñanza de Torneiros asegura que hai lindano en Mos. E no 2001 o IGVS comprométese a construír novas vivendas. E a partir de aí non se fixo absolutamente nada máis.

No ano 2005, hai momentos en que se fala diso, no 2010 tamén, no 2012 e agora xa no 2017.

Contamos con informes —dos que xa falei o outro día— do 2012, nos que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil informa a Consellería do Medio Ambiente da contaminación por lindano no río Miño; temos o extracto dese informe. Demos con mostraxes da Confederación

Hidrográfica xa dende o 2010, onde xa se indica que en diferentes sitios hai contaminación nas augas subterráneas por lindano, entre eles no lugar de Torneiros, onde agora xa se acharon. No 2010, a administración xa tiña constancia de que esas augas estaban contaminadas, e non se fixo absolutamente nada. E temos unha nota de prensa do Ministerio de Medio Ambiente dunha xuntanza que fixeron no Porriño, na que indica que está moi presente a contaminación dos solos pola fabricación de lindano na conca do Louro e na pesca e o marisqueo na zona costeira da Guarda.

O outro día na comisión aprobamos unha iniciativa, que era un inicio para na zona onde se descubrira este lindano comezar a facer unha actuación, que ata o día de hoxe tampouco temos novidades de que se realizasen novas actuacións ou, cando menos, non temos información delas.

E hoxe traemos unha iniciativa que o que pretende é ir máis alá disto e, sobre todo, ampliar esta zona de mapeo para achar todas as zonas que poidan estar contaminadas por lindano. E propoñemos un mapeo que vaia máis alá do concello do Porriño, e que se faga en colaboración coa veciñanza, que ten información de onde segundo eles poden ter constancia que se depositou lindano, para realizar un estudo rigoroso do chan e dos acuíferos, abarcando todas estas zonas detectadas. Unha vez coñecidos os resultados das zonas contaminadas, realizar en colaboración co Concello do Porriño un proxecto de descontaminación das zonas afectadas, e que se faga xa neste ano. Solicitamos tamén que se manteña informada a veciñanza de todos estes pasos que se vaian realizando. E, por último, realizar as analíticas pertinentes á veciñanza que reside nos lugares onde se confirme a presenza de residuos tóxicos que superen os valores máximos, porque hai un problema de saúde pública, pero hai tamén un problema de alarma social naquela zona. A veciñanza está preocupada porque non sabe como a está afectando esta contaminación. E, polo tanto, entendemos que isto se debe facer canto antes pola tranquilidade dos veciños e as veciñas.

Temos un mapa do que se estudou en 1999 (*O señor Cal Ogando mostra á Cámara un mapa nun folio.*), e temos agora— e sinto non telo emprazado no mesmo mapa— (*O señor Cal Ogando mostra á Cámara outro mapa.*) a zona onde se atopou agora. É unha zona totalmente diferente á que se estudou no ano 1999, que dá conta de que o lindano está noutras zonas que non son as zonas nas que xa se tiña detectado en 1999. Mesmo nos informes da Confederación Hidrográfica xa nos aparecen moitas zonas que non están aquí. *O señor Cal Ogando mostra á Cámara un mapa nun folio.* Polo tanto, este mapeo débese facer —como digo— o máis amplo posible. Non podemos conformarnos cunha actuación parcial e superficial que tape o problema que temos aí. Mentres exista contaminación no río Louro e no río Miño, entendemos que non se deben parar os traballos e que se debe facer unha descontaminación integral, e o máis ampla posible, que chegue a todos os lugares onde temos este problema.

Hai dúas formas de evitar a alarma social que existe no Porriño: unha, é ocultar o problema, e a outra é solucionalo. Polo tanto, pola nosa banda, estaremos traballando e defendendo en todo momento que se solvete o problema na súa totalidade e en toda a súa dimensión. Queremos que a Xunta de Galicia asuma a dimensión deste problema. Queremos que se faga unha descontaminación e que se faga un seguimento dos valores das augas subterráneas, da terra, do río Louro e do río Miño, ata que non teñamos nada de contaminación. Neste

momento hai iniciadas actuacións; xa anunciou a Xunta de Galicia que se vai actuar en tres camiños, están facendo catas no día de hoxe, e parécenos un bo inicio. Pero —como digo— isto hai que facelo moito máis amplo.

Teño as emendas e algunha proposta de transacción á que me referirei despois na miña réplica.

Pola miña banda, máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Parece que imos vivir un *déjà vu*, volvemos falar de contaminación de acuíferos, de pozos dos que ten que beber a xente no Porriño, neste caso por motivos distintos.

O día 17 de novembro do ano pasado, na páxina da Consellería de Medio Ambiente, dicíase: «A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio elaborará un proxecto para a limpeza e recuperación dos solos afectados pola presenza do composto químico coñecido como “lindano” na parroquia do Contrasto, no Porriño». Non había datas, segue sen haberlas. E logo veu a conselleira ao pleno de decembro para nos dicir que había un estudo preliminar en marcha, que xa estaba rematado e que se abriría unha investigación no mes de xaneiro. Pois estamos en xaneiro, e non sabemos máis. E a mesma conselleira dicía que antes de rematar o primeiro trimestre deste ano, no 31 de marzo, o proxecto de retirada de lindano e de tratamento ía estar rematado.

Como ben dicía o voceiro de En Marea, o lindano é un insecticida que é tremendamente daniño para o medio ambiente e, sobre todo, tamén para a saúde humana. E todos coñecemos o ZZ, de Zeltia, que se utilizaba para matar fundamentalmente ratas no seu día; era moi coñecido. Zeltia era unha empresa tremendamente coñecida no Porriño, abriu máis ou menos nos anos corenta e utilizaba o lindano para fabricar o seu famoso ZZ.

¿Cal era o problema ademais da falta de control por parte das administracións? Os residuos saían de Zeltia e Zeltia enterrou estes residuos, e os veciños utilizaban o ZZ para compactar o cemento, para facer as súas vivendas, e utilizouse despois tamén para asfaltar estradas no concello do Porriño.

O ano pasado a Consellería anunciaba este proxecto e a Consellería de Sanidade pechaba pozos e fontes na zona afectada, tomaba mostras e dicía que non se podía beber. Non se podían utilizar para consumo humano nin tampouco para regadío as augas que estaban contaminadas por lindano. Foi unha medida preventiva, ben tomada, evidentemente, e nós concordamos con que, efectivamente, foi ben tomada. Pero a partir dese momento esqueceuse da existencia de dezanove pozos pechados, vinte e unha persoas que non teñen auga, e que se teñen auga é grazas a que o Concello do Porriño lles está a proporcionar auga. Dende logo, por parte da Xunta de Galicia non existiu ningún tipo de interese a partir dese momento.

Cando veu aquí a conselleira parecía das súas verbas que a primeira comunicación posible da aparición de lindano no Porriño fora o 10 de outubro. O curioso é que a propia conselleira parecía que non coñecía que nos anos noventa a Consellería de Sanidade fixera un varrido sobre algunhas persoas que vivían no Porriño, e fixera un informe sobre a posible presenza de lindano nos habitantes do Porriño, na saúde humana, e desbotaba esa posibilidade polas mostras que tomara.

Dende que se clausuraron as fontes e os pozos —como dicía antes—, o Concello tivo que prestar auga pola vía de urxencia aos veciños afectados, entregarlles auga, porque hai un problema de saúde, de saúde pública, e porque son necesidades básicas que hai que cubrir. A propia alcaldesa do Porriño dicíanos que hai unha familia que ten un membro que está impedido para moverse da vivenda e que non se poden nin duchar se non fose polas cisternas de auga que se lles levan alí. Non lle é fácil saír desa vivenda a esa persoa en concreto porque ten moitas dificultades de mobilidade. Son poucas persoas, pero son persoas que están tremendamente afectadas e que non teñen posibilidade de ir a outro sitio.

¿Que fixo a Consellería? Pois iso de: ide facendo e haberá un proxecto futuro no que diremos como hai que retirar o lindano e como hai que descontaminar. Nada máis.

Nós imos votar a favor desta iniciativa. Este debate tamén veu á Comisión de Medio Ambiente, pero como sen cartos un pouco pode facer sempre, entón propoñemos que se habilite unha partida orzamentaria específica cun investimento específico para a retirada do lindano nas zonas afectadas. E como non se pode facer recaer toda a responsabilidade de mantemento desas dezanove familias, vinte e unha persoas, que están a esperar a recibir auga por parte do Concello, especificamente só ao Concello, por iso pedímoslle tamén ao grupo propoñente que acepte o noso punto de cubrir de maneira inmediata un abastecemento alternativo para os veciños do Porriño mentres non rematen os estudos e informes que se mencionan nos outros cinco puntos, que nesta moción recolle o Grupo Parlamentario de En Marea.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora VILÁN LORENZO:** E, pola nosa banda, nada máis e esperemos que sexan aceptadas. Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Boas tardes, deputadas e deputados do Parlamento de Galicia.

Esta moción é froito da última interpelación do ano pasado, onde a conselleira de Medio Ambiente fixo unha análise exhaustiva sobre o que ocorreu respecto da fabricación do lindano hai medio século; tamén explicou, penso que detalladamente, as medidas preventivas que se tomaron para garantir a saúde dos veciños; e fixo un relatorio das medidas que se tomaran e que se pensaban tomar a raíz do coñecemento e da análise que estabamos a ter neses días.

Hai un mes debatemos tamén a iniciativa doutro grupo sobre isto, do Bloque Nacionalista Galego, e acadamos un acordo e aprobouse un texto transaccionado que tivo o apoio unánime desta cámara. Nese acordo pedíamos que se rematara no máis breve prazo de tempo posible o estudo exhaustivo que se está a realizar sobre os solos contaminados con lindano. Unha vez coñecidos eses resultados do estudo e localizadas as zonas contaminadas, realizar en colaboración co Concello un proxecto de descontaminación das zonas afectadas; ese proxecto debería executarse ao longo do 2018. E continuar adoptando en coordinación co Concello do Porriño as medidas preventivas. E colaborar coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e o Concello de Porriño para proporcionar un abastecemento alternativo. Estes foron os catro puntos que aprobamos hai un mes, e o meu grupo mantén ese apoio a ese consenso. De aí a nosa emenda, que intenta reflectir en mellor medida o acordo acadado hai un mes.

Estase a facer un estudo exhaustivo, para o que se están a realizar prospeccións e recollidas de mostras coa colaboración dos veciños e do Concello. E nós seguimos querendo que se remate no máis breve prazo de tempo posible ese estudo, xa que ese estudo é fundamental para que se coñeza a dimensión da actuación. E sen as conclusións deste estudo non sabemos nin que medidas hai que facer nin o seu custo. Ou dito doutra forma: este estudo vai servir para a redacción do proxecto para a recuperación e limpeza dos solos.

Este é o segundo paso: unha vez coñecidos os resultados do estudo e localizadas as zonas contaminadas, realizar en colaboración co Concello un proxecto de descontaminación das zonas afectadas no primeiro trimestre deste ano, e que ademais ese proxecto comece a súa execución ao longo deste ano.

Respecto da partida orzamentaria que está a propoñer o Partido Socialista de Galicia, nós entendemos que é complicado cuantificar actuacións que aínda non están nin definidas nin consensuadas. O máis lóxico, desde o noso punto de ver, é facelo cos datos e as conclusións dese estudo que se está a facer, que serve de base para redactar o proxecto en colaboración co Concello, e no que estará a planificación, a organización e a cuantificación de todas as actuacións e medidas necesarias para a recuperación dos solos nos espazos afectados e tamén, por suposto, cal vai ser a fórmula de cofinanciamento desas actuacións.

Porque nós tamén queremos acadar do Estado a colaboración e o apoio económico para a localización e retirada do lindano. E da mesma forma seguiremos apoiando a plena cooperación e coordinación de actuacións coa Consellería de Sanidade e co Concello do Porriño, para realizar o estudo e o proxecto —como xa dixer—, pero tamén para continuar adoptando as medidas preventivas necesarias para evitar riscos para a saúde das persoas e para estender o estudo da presenza do lindano a todo o concello e tamén ás zonas limítrofes, tendo en conta as achegas e a colaboración dos veciños e veciñas afectados.

En relación co punto 5 da súa iniciativa, de realizar as analíticas pertinentes á veciñanza que reside nos lugares onde se confirme a presenza de residuos tóxicos que superen os valores máximos permitidos, a nós parécenos de sentido común, pero no que nós discrepamos é no que cada un chamamos «analíticas pertinentes». Para nós serán aquelas que considere pertinentes o protocolo elaborado polos expertos toxicólogos do departamento de Saúde Pública, precisamente do Servizo Galego de Saúde, e non o que calquera de nós poidamos con-

siderar ou que arbitrariamente decidamos ou pensemos que son oportunas. Nós entendemos que hai un gran Servizo de Saúde na nosa comunidade e que terán que ser eses profesionais os que establezan un protocolo e aquel tipo de medidas que sexan as adecuadas.

Nós entendemos que coa súa intervención e co que vostede explicou que pode ser posible que poidamos chegar a un acordo, e logo quedamos pendentes do seu posicionamento sobre a nosa emenda.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Trenor.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Boa tarde.

Estamos a falar do lindano, que é un residuo químico altamente tóxico, persistente, é dicir, que tarda moito en biodegradarse, que é móbil e bioacumulativo na cadea trófica, e que este debate xurdiu a raíz do descubrimento casual, dentro dunhas obras promovidas polo Concello e a Deputación, no lugar do barrio do Contrasto, na parroquia de Torneiros.

Eu creo que nesta cuestión temos que valorar dous temas: por un lado, o pasado, o que xa pasou, e por outro, o presente e o futuro, é dicir, como lle damos solución a este problema. E no pasado, desde logo, hai responsabilidades, hai responsabilidades que hai que asumir, e nós entendemos que son responsabilidades graves, porque xa hai décadas que se ten coñecemento desta cuestión. E despois o que temos que procurar é que haxa un máximo de información, de transparencia e de participación para que se aborde xa definitivamente a solución a este problema.

Con respecto ao pasado, hai responsabilidades remotas. Efectivamente, a responsable primeira é a empresa Zeltia, que, en moitos sentidos, foi unha empresa modélica e referencial, pero fixo tamén moitas cousas mal, entre elas esta, por unha permisividade e conivencia da Administración franquista daquela, que lle permitiu facer estas barbaridades de utilizar este residuo tóxico para facer recheos e pavimentacións. ¡Un auténtico despropósito!, ¡unha barbaridade!

E hai, desde logo, responsabilidades recentes desde os anos noventa por parte, fundamentalmente, da Xunta de Galiza e da Consellería de Medio Ambiente, diría máis: da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, e tamén por parte do Goberno municipal do Porriño, cando tivo coñecemento tamén dos feitos e non actuou en consecuencia. E neste sentido temos que remitirnos a este informe, *(O señor Bará Torres mostra á Cámara un documento.)* estudo do ano 1999, feito pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, da Consellería de Medio Ambiente, onde identifica as zonas contaminadas e zonas potencialmente contaminadas, e que non foi obxecto dun estudo máis profundo e, sobre todo, non foi obxecto de medidas para corrixir este problema.

E a nós o que, desde logo, nos parece absolutamente alarmante e preocupante é que no ano 2012 entre na Consellería de Medio Ambiente un informe da Confederación Hidrográfica do



Miño-Sil, que tamén foi enviado, por certo, á Consellería de Sanidade e ao Concello do Porriño —por iso falo tamén da responsabilidade do Concello do Porriño no ano 2012, gobernado polo Partido Popular—, do que fixeron caso omiso. Un informe que demostraba de maneira fidedigna a existencia de contaminación por lindano en varios cursos de auga, concretamente no regato Porteliña, no regato Torneiros, no regato Laxas, no río Louro, nunha fonte no Contrasto, en terreos na pista polideportiva, na depuradora de Farma, na depuradora do Agro, baixo a autoestrada da AP-9, no campo de fútbol e xunto aos terreos de Madeiras Iglesias. Todo isto foi omitido, foi esquecido, non foi tido en conta por estas administracións, e isto é extremadamente grave. Porque este tema xa tiña que estar resolto hai moito tempo e non deberíamos estar hoxe falando desta cuestión, cando hai un informe tan claro e tan contundente coma este. Por iso dicimos que é moi grave e por iso dicimos que ten que haber responsabilidades. E alguén debería dimitir na Consellería de Medio Ambiente e na Dirección Xeral de Calidade Ambiental por esta cuestión. Alguén debería pedir perdón por esta cuestión. Isto, sen ter en conta as responsabilidades administrativas e xudiciais que puidera haber neste tema.

E, visto e falado do pasado, agora toca actuar no presente e de cara ao futuro. Desde logo, o BNG como xa fixo nesa Comisión 2ª, de Medio Ambiente, onde presentou unha iniciativa que foi apoiada por unanimidade —aínda que o Partido Popular intentou recortala, pero foron apoiadas esas medidas que citou o portavoz do Partido Popular—, queremos ese estudo exhaustivo, que ademais se estenda máis alá desta zona de Torneiros e máis alá do concello do Porriño, porque está acreditada a existencia de contaminación tamén cando menos no concello de Mos, queremos que se faga ese plan de descontaminación dos solos e que se faga un seguimento permanente —como dixen— coa máxima transparencia, información e participación pública da veciñanza desas zonas para evitar a alarma lóxica —entendible— que pode ter a poboación por tantas décadas de exposición a este contaminante tan tóxico e perigoso.

Polo tanto, en coherencia co que xa defendemos, promovemos e aprobamos nesa comisión, e coas engádegas que se fan nesta proposta que fai En Marea, emendada por outros grupos, imos, desde logo, apoiar esta proposta e imos facer un seguimento e velar polo cumprimento no ano 2018 con medidas efectivas e con orzamentos principalmente por parte da Xunta de Galiza e da Consellería de Medio Ambiente para resolver definitivamente este problema. Creo que llo debemos á veciñanza destas zonas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo autor da moción, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Ben, en primeiro lugar, grazas aos grupos do Partido Socialista e ao BNG por mostraren o seu apoio; creo que chegaremos a un acordo final de transacción. Quédame unha cuestión que me gustaría falar co Partido Popular, pero confío en que imos conseguir unha transacción nesta cuestión tan importante.

Hai un mes, Mato dixo neste parlamento que estaba rematando o informe, e non temos absolutamente nada. E confío que nesta ocasión se conseguimos chegar a un acordo sexa serio e se poña a traballar dende xa dunha maneira en profundidade. Nós imos estar totalmente vixiantes para que isto sexa así.

O que comentaba da necesidade de ampliar a zona moito máis alá do Porriño, que non comentei na miña primeira intervención: temos constancia dos lugares onde hai contaminación, pero tamén hai sospeitas en Pontearreas e mesmo en Tui. Por iso é importante que vaíamos máis alá porque, cando menos, onde xa nos están avisando de que se levou no seu día lindano, e a maiores buscaremos outros máis.

Tamén quero manifestar que teño un bote con pebidas de lindano, que ía traer aquí pero recomendáronme que non o fixera, que o recollín a semana pasada no camiño onde se atoparon os restos, que teoricamente está limpo. Neste momento segue habendo nos lados do camiño pebidas de lindano que as colle a veciñanza. En menos de cinco minutos un grupo de sete persoas enchemos un bote así de pebidas de lindano. Polo tanto, é importante que isto se solvente canto antes e que, polo menos, a xente non teña tanta facilidade para contactar co lindano mentres non se descontamine.

Parécenos ben buscar un acordo co Estado, pois entendemos que para facer unha descontaminación integral hai que buscar acordos entre administracións. Unha descontaminación integral é unha obra de grande envergadura, entendendo como pode estar e o que nos podemos atopar aí. Polo tanto, parécenos perfecto. Incluso nos parecería ben —e creo que tamén é algo que deberían explorar as dúas administracións, a Xunta e o Estado— facer unha proposta a Europa porque hai como seis ou sete lugares no Estado español que teñen este problema. E como está no río Miño, tamén é un problema que xa afecta Portugal; entendemos que ao mellor tamén se pode explorar esa vía. Calquera cousa menos facer unha actuación parcial e que o problema siga aí.

Neste momento, en Aragón, que é o primeiro lugar onde se está facendo, hai un acordo xa entre a Administración de Aragón e o Goberno central, a cincuenta-cincuenta que empezaron esas obras, e a Administración en Aragón enviou notificación a trece concellos para solicitarlle información á veciñanza da contaminación. Creo que tamén isto hai que tomalo como exemplo. Non sexamos pouco ambiciosos nese sentido e busquemos por todos os lados onde poida haber e consultemos coa veciñanza que vive na zona que pode recordar onde se moveron estas terras.

Polo tanto, vou tratar de pechar esta transacción.

Pola miña banda, máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Un minuto para a transacción.

*(Pausa.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Comezamos as votacións destas mocións.

Pechen as portas, por favor.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Vilán.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, formulada por D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo, sobre a política do Goberno galego en relación coa rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 36.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, formulada por D. Juan Manuel Díaz Villoslada, sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación das condicións laborais do persoal do sector público autonómico.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 36.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Marcos Cal.

Hai unha proposta de transacción. Se nola le, por favor...

**O señor CAL OGANDO:** Si, quedaría da seguinte maneira:

- «1. Rematar no máis breve prazo de tempo posible as proposicións e recollida de mostras que comezarán nos vindeiros días nos solos contaminados con lindano no lugar do Contrasto.
2. Unha vez coñecidos os resultados do estudo e localizadas as zonas contaminadas, realizar en colaboración co Concello un proxecto de descontaminación das zonas afectadas no primeiro trimestre deste ano. Este proxecto deberá comezar a executarse ao longo do ano 2018.
3. Continuar adoptando, en coordinación e colaboración co Concello do Porriño, as medidas preventivas necesarias para evitar riscos para a saúde das persoas.
4. Realizar un estudo da presenza do lindano en todo o concello do Porriño e na súa contorna, tendo en conta as achegas e a colaboración das veciñas e veciños afectados.
5. Dirixirse ao Estado para solicitar colaboración e apoio económico para a localización e retirada do lindano.
6. Realizar as analíticas pertinentes á veciñanza que reside nos lugares onde se confirme a presenza de residuos tóxicos que superen os valores máximos permitidos.
7. Colaborar coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e co Concello do Porriño para garantir o abastecemento inmediato de auga á poboación afectada.»

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Fáganos chegar este acordo.

Votamos esta transacción.

*Votación do texto transaccionado da Moción formulada polo G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando, sobre a protección do medio ambiente e o lindano.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado sobre esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Abran as portas, por favor.

E continuamos co punto 3º da orde do día, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de saturación que padecen os servizos de urxencias dos centros hospitalarios, así como de atención primaria, do Sergas**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde a todos e a todas.

Teño que comezar dicindo que nos parece lamentábel que diante da situación que se leva vivindo nos servizos de Urxencias dos centros sanitarios de Galiza desde o mes de novembro, incluso desde outubro nalgúns deles, o conselleiro non tivera a ben vir hoxe aquí (*Aplausos.*) a este primeiro pleno do ano, o primeiro do período de sesións, e comparecer no Parlamento galego para dar conta da situación, das medidas tomadas, das que se van tomar, para dar unha explicación de por que os servizos de Urxencias ofreceron e seguen a ofrecer unha imaxe que se asemella a un hospital de campaña dunha zona bélica, aseméllase máis a unha imaxe do século pasado, onde só lle falta que a enfermeira estea facendo unha triaxe co lapis de labios marcando os doentes, porque o resto dos elementos dun hospital de campaña temos absolutamente todos.

Situacións de colapsos, de caos, de persoal desbordado, extenuado, de doentes desesperados, de padiolas, cadeiras por todos os lados, nunha desorde total e absoluta. E que diante desa situación un goberno non considere preciso vir ao Parlamento é moi ilustrativo de que clase de goberno temos os galegos e as galegas, ¿non? Un goberno prepotente, un goberno do ordeno e mando e un goberno que despreza o Parlamento, e só veñen cando non lles queda outro remedio, porque o Regulamento do Parlamento así os obriga, ou para facer exercicios de xogos florais, como viñeron hoxe pola mañá un conselleiro e unha conselleira, para facer exercicios de publicidade e de propaganda. Agora, para vir explicar as situacións que realmente están padecendo centos de galegos e de galegas, para iso non o consideran oportuno.

Colapso dos servizos de Urxencias, colapso dos PAC, saturación dos centros de saúde. E a causa non é unha maldición bíblica que se produza cada vez que chega o inverno, por repuntas de problemas respiratorios, de gripe; a causa é a situación de acoso e derriba a que o Partido Popular ten a sanidade pública sometida: recortes de orzamentos, recortes de persoal, falta de planificación e de previsión. E o Goberno galego e o Partido Popular non poden seguir facendo como que non pasa nada.

Desde logo, eu hoxe desde aquí quero pedirilles que abandonen a táctica de agardar que escampe despois da treboada, que desistan desa posición de que convertamos e que nos parezan normal, porque é a gripe de todos os anos, o que non é normal. Eu emprázoos a que escoiten o que é xa un clamor, o que é un clamor de que nin os profesionais nin a cidadanía do noso país aguantan máis esta situación. Non llelo di xa o BNG, que xa llelo dixemos en moitas ocasións e hoxe volvémosllelo repetir, senón que llelo din todo tipo de colectivos. E dínllelo a Semes de Galiza, a Sociedade Galega de Medicina de Urxencias e Emerxencias, que fixo unha chamada de atención de que esta situación había que solucionala. Chamada de atención que foi seguida pola dos xefes de servizos de Urxencias dos centros hospitalarios, que nos dous casos demandaban á Consellería que puxera fin aos colapsos e se derivaran os doentes á planta no tempo e forma, que demandaron medios, que dixeron que non podía seguir a situación de atención primaria totalmente sen recursos. Dixéronllelo os colexios médicos. Dixéronllelo as organizacións sindicais. Dixéronllelo os cidadáns, os doentes, os usuarios e usuarias.

A Asociación Galega de Medicina Familiar e a Asociación de Médicos Interinos denunciaron a falta de medios, de persoal... Denuncian o abandono no que teñen a atención primaria, cos centros de saúde desbordados por falta de persoal, polo volume de doentes crónicos que se desestabilizan con facilidade e precisan moita atención, os cupos saturados, as listas de espera en primaria dunha semana e máis. Profesionais que atenden cincuenta, sesenta e setenta doentes ao día, que despois de ter rematada a súa xornada laboral, que remata ás tres da tarde, que continúan e prolongan as súas xornada ata as catro, ata as catro e media, ata as cinco, porque non queren deixar as persoas que necesitan atención sen atender; que non os substitúen ou se fai por contratos por horas e sen continuidade. Doentes que son vistos durante un mesmo proceso por dous ou tres profesionais diferentes. Estas son denuncias concretas de colectivos.

Vou facerlles lectura a algunha delas. E vou empezar pola denuncia que a Comisión de Centros da EOXI da Coruña presentou no Xulgado de Instrución da Coruña o 3 de xaneiro, e que di do seguinte xeito:

«Durante todo o mes de decembro do ano 2017 e xaneiro do 2018, os pacientes que acoden ao Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña están a permanecer durante horas, ata corenta e oito, amoreados nos pasillos, por estar ao límite da súa capacidade as distintas dependencias formais do servizo —observacións, clínicas e demais—, ocupadas por doentes que están á espera de cama e que teñen que permanecer no Servizo de Urgencias nunhas condicións pésimas por estar á espera de cama e non haber no hospital para proceder ao seu ingreso.

Os doentes están así atendidos por uns profesionais ao límite da súa capacidade física e mental, nunhas condicións de total falta de humanidade; as camillas con enfermos aliñados ao longo dos pasillos. E nestas condicións hai que entrevistalos, exploralos, desnudalos, asealos, atender as súas necesidades básicas, administrar a medicación, atender as incidencias urgentes, como vómitos, convulsións, paradas. E todo isto á vista duns doentes e doutros e dos seus familiares. Hai unha absoluta falta de privacidade, de intimidade, de confidencialidade, de elementos básicos fundamentais.

Tamén é moi grave a escaseza de profesionais para poder atender os doentes amontoados nos pasillos con total garantía de calidade e de seguimento. Os profesionais están a soportar unha presión asistencial límite polas condicións nas que teñen que atender os doentes e realizar a súa práctica profesional. A situación é tan preocupante que os profesionais traballan con angustia ao non poder controlar con garantías a situación de todos os seus enfermos e ante o temor a que ocorra algunha cuestión.

Polos dereitos dos doentes e pola protección dos profesionais, presentamos esta denuncia.».

Cando uns profesionais se atreven a ir ao xulgado, poñendo o seu nome e apelidos debaixo, sabendo como as gasta o Partido Popular na Xunta de Galiza, é que están ao límite non, ao seguinte... *(Aplausos.)* cando están ao límite non, ao seguinte. ¡É polo que se atreven a ir ao xulgado!

Esta é a situación do Servizo de Urgencias do CHUAC ás 9.51 da mañá do día 3 de xaneiro: 198 doentes no Servizo de Urgencias, 32 persoas pendentes de ingreso, con solicitude de in-



greso. Desas 32 só dúas teñen cama asignada. Desas 32 hai seis con demanda de illamento, e como non teñen cama asignada están sen illamento; o que significa que están nunha situación que poden agravar a situación ou contaxiar outros doentes, ¡seis! Esta é a situación dun día calquera do Servizo de Urgencias do CHUAC da Coruña.

¿Podemos seguir falando de cal é a situación dos PAC? Os profesionais dos PAC están ao límite, están ao límite e están empezando a organizarse para mellorar a situación —din—. Esta semana reuníme cun grupo deles, ¿e que me trasladan? «Estivemos aguantando durante demasiado tempo e non podemos máis. E nestas circunstancias non aceptamos que nos chamen responsables da Xerencia de Vigo e nos digan que non derivemos doentes aos hospitais porque están colapsados». E os profesionais, ¿que din? «Se eu considero que un doente necesita ir a un hospital, ¿como pode vir un cargo do Sergas dicirme que non o faga porque non temos recursos?». *(Aplausos.)*

Esa é a situación, esa é a situación un día si e un día tamén. E esa é unha situación que non se produce exclusivamente uns días puntuais, é unha situación derivada dun problema estrutural ocasionado pola situación de deterioración á que o Partido Popular ten sometida a sanidade do noso país. Unha situación de deterioración, de recorte de orzamentos de arredor do 20 % desde o ano 2009, que en atención primaria este recorte foi moi superior, de eliminación de arredor de tres mil profesionais, de eliminación de case oitocentas camas, de 790 camas, e de toda unha modificación lexislativa para favorecer a derivación de doentes e de recursos á sanidade privada.

E diante desta situación o BNG volvemos traer unha iniciativa na que se demandan solucións estruturais, porque diante dun problema estrutural o que é necesario son solucións estruturais. Non vale con dicir: é que agora temos as plantillas ao cen por cento durante uns cantos días, non. O que se precisa é un cambio totalmente de rumbo, un cambio de folia de ruta do Partido Popular, de seguir deteriorando a sanidade pública e empezar a apostar pola sanidade pública. E ese cambio pois ten que vir por dotar a sanidade pública de medidas para que as unidades de hospitalización estean abertas e funcionando coa totalidade dos recursos dos que se dispoñen, que de xeito inmediato estean abertas pois todas as camas pechadas e bloqueadas nos centros hospitalarios da rede pública; dimensionar as plantillas co número de profesionais precisos para prestar un bo servizo e unha boa calidade asistencial; eliminar a taxa de reposición e recuperar os case tres mil profesionais que se perderon, que vostedes recortaron desde o ano 2009; e a posta en marcha dun plan de atención primaria. Porque as Urgencias hospitalarias, o problema dos servizos de Urgencias hospitalarias soluciónase no verán, igual que os incendios se solucionan no inverno, con recursos, con medios e tendo os recursos necesarios para que un aumento da necesidade de asistencia non colapse deste xeito os dispositivos da rede pública.

Agardando o apoio dos grupos desta cámara, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Igual que o turrón polo Nadal, as Urgencias no pico da gripe. O problema é que se hai algo máis predicible que as Urgencias no pico da gripe e a súa saturación é a incompetencia do Goberno da Xunta para xestionar as Urgencias no pico da gripe. A verdade é que empeza a ser case desesperante, sobre todo para os profesionais, que o viven, e tamén, obviamente, para os pacientes, que o sofren.

Hai unha habitual desorde e desconcerto nos centros hospitalarios, tamén na primaria, pero esa desorde e desconcerto o que leva é a unha sensación de abandono dos profesionais, están abandonados á súa sorte. Porque os pacientes teñen aos profesionais, que fan un esforzo sobrehumano, son case superheroes. Pero os profesionais non teñen a ninguén, porque por riba deles hai unha consellería desaparecida, que non dá explicacións nunca máis que dicir que está todo moi ben e que a culpa pois é dos doentes, por ir aos hospitais. Dentro de pouco teremos todos a culpa de coller a gripe. E, ao final, botaranlle a responsabilidade ao virus da gripe. ¡Que malo e maligno é o virus! Seguramente, ¡o virus da gripe é culpa da oposición!

Pero a verdade é que os profesionais, neste batiburrillo de explicacións que dá a consellería, o que se senten é abandonados. Aínda sendo case superheroes, incluso nos cómics os mellores superheroes ás veces teñen dificultades contra os peores superviláns. Pois así se senten os profesionais da sanidade pública.

Nós imos apoiar esta iniciativa. Dende logo, corresponde ás ideas que vimos defendendo. Cremos que fundamentalmente vai ao eixe da situación.

Temos unha interpelación pensada para mañá. ¡Por fin, saberemos algo do conselleiro sobre os problemas de Urgencias co pico da gripe! ¡Por fin, contaranos algo!, obrigado como sempre. E gustaranos preguntarlle por que a consellería fala de plenitude dos recursos cando os profesionais din que non é así —¿non sei se consideran que os profesionais menten ou están escondendo algo?—; por que cando os pacientes comprobamos tristemente que teñen que pasar horas e horas nos pasillos ou acumulados en lugares onde non debe ser, a consellería di que isto non ocorre; por que hai unha negación da realidade, cando é moi obvia. Sería moito máis produtivo ser quen de afrontar que este é un problema que ocorre moitas veces, que hai unha saturación e que pode chegar un número ou un nivel de saturación que sexa moi difícil incluso con todos os recursos, e que deberíamos, polo tanto, establecer uns protocolos conxuntamente e uns informes que nos puideran permitir avaliar. Eses informes que se di que existen, pero que nunca se fala deles. Eses protocolos que din que se elaboran, pero nunca se traen e nunca se expoñen para debater. E eses protocolos que en realidade levan a improvisacións e a pedir desculpas ou a amagar con pedilas, e dicir un día que se dota do cen por cento dos recursos posibles, e ao día seguinte que se reforza o do día anterior, cando se era o cen por cento non se podía reforzar máis.

En realidade, hai que ter un pouco de previsión. O ano pasado debatíamos isto e algún aquí —eu recordo que existían risas— dicía: cando chegue xaneiro de 2018, vai haber un pico da gripe e tememos que exista colapso no sistema sanitario. ¡Ríanse! E é xaneiro de 2018 e hai un problema, hai un problema de saturación enorme do sistema sanitario, que os profesionais, por moito que queiran, non poden resolver porque non teñen recursos. E este é un problema basicamente prosaico, non ten que ver nin con toda a literatura que moitas veces a

consellería mete ás súas intervencións ou aparicións públicas; é un problema prosaico, é un problema de recursos. Cando non se dan recursos suficientes á sanidade, a sanidade non ten recursos suficientes para atender todas as necesidades da poboación.

E, basicamente, isto é o que ocorre. Temos problemas en atención primaria, estruturais, porque non se están substituindo profesionais, porque estanse abandonando centros de saúde, porque estase infravalorando o valor da atención primaria. ¿Que fan os doentes cando están en atención primaria? Ven que non poden ser atendidos correctamente, porque as persoas, os profesionais, por moito que o intenten, non poden atender sete persoas no mesmo minuto. Polo tanto, a xente que está sendo atendida en atención primaria, ou intentando ser atendida, ten que ser derivada aos hospitais ou van aos hospitais. Ninguén vai ao hospital facer turismo. Dá a sensación de que a consellería asume que hai un problema de que a xente non sabe utilizar os servizos. A xente non vai ao hospital por gusto, non lle queda outra obrigación. E comprobamos que en atención primaria non hai recursos suficientes. E comprobamos que en atención especializada as plantas dos hospitais se abren para rodar series de televisión, pero non para hospitalizar a xente, para ingresar a xente que o necesita. Porque si —xa sabemos— as camas están sempre abertas, dinnos sempre na consellería; o que non hai é persoal para atendelas, ¡que pena! Pois entón non vale de nada que estean abertas, as camas non están abertas ou pechadas, ¿vale? Poñamos persoal e entón seremos capaces de utilizalas.

Hai un problema de recursos. E cando un defende que a sanidade pública debe funcionar ao maior ritmo posible e con maior calidade posible ten que poñer nos orzamentos recursos, e non facer trucos cos orzamentos como se fan habitualmente. Que vostedes parecen máis interesados en que os recursos persoais estean na dirección das empresas públicas e non nos profesionais da sanidade. Temos que poñer recursos no sistema sanitario e, se non, non vai haber máis que debater sobre isto constantemente. E imos estar aquí o ano que vén porque non hai vontade de aumentar os recursos públicos para o sistema sanitario, imos estar aquí o ano que vén porque non hai recursos. E déanlle as voltas que queiran, pois se non hai recursos imos seguir tendo este problema e vai seguir habendo pacientes apilados, acumulados, hacinados nos pasillos, e imos seguir tendo profesionais traballando dez, doce, catorce ou dezaseis horas. Imos ter o mesmo problema o ano que vén.

Hai médicos avisando do que imos ter aínda máis dentro dunhas poucas semanas, que vai haber un maior pico da gripe, e a conselleira di que non. Oxalá a consellería acerte. Eu soamente deixo aquel vello dito: «Desexemos o mellor, pero preparémonos para o peor». Recursos; por favor, recursos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Pois, evidentemente, nós imos apoiar tamén esta proposición non de lei, igual que fixeron o resto de grupos da oposición. E coa que En Marea defendemos a semana pasada, hai uns

días, na Comisión de Sanidade, e xa en moitas outras ocasións, indistintamente, os grupos da oposición temos traído iniciativas neste mesmo sentido.

Miren, levamos meses xa coas protestas pola eliminación das catro áreas sanitarias no Proxecto de lei de contrarreforma da Lei de saúde, e para o Partido Popular non pasa absolutamente nada. Incluso chegaron en comisión a faltarlles ao respecto ás persoas que se manifestaban. Eu lembro perfectamente que lles trasladaron que estaban pois controladas ou manipuladas.

Mañá hai concentracións tamén en defensa da sanidade pública, e parece que tampouco pasa absolutamente nada. Ten tamén o Goberno do Partido Popular convocada o 4 de febreiro unha manifestación contra o seu goberno, contra a súa xestión sanitaria. Teñen un peche dos traballadores e traballadoras do hospital de Ourense, e parece que non pasa absolutamente nada. E en todas esas demandas, ademais, evidentemente, da supresión desas áreas sanitarias, hai un elemento central, que é a ausencia de persoal sanitario suficiente, nas áreas sanitarias neste caso, nos hospitais comarcais, nos servizos de Urxencias e na globalidade do sistema público de sanidade, pero parece que non pasa absolutamente nada.

Para o Partido Popular todo está ben, nin teñen razón as centrais sindicais, nin os grupos parlamentarios, nin os partidos políticos, nin as asociacións de pacientes, nin os colexios profesionais. Tampouco parecen tela os xefes de servizo, que durante toda estas situacións de colapsos e de saturacións dos servizos de Urxencias levan trasladado que así non se pode traballar e que vostedes teñen que proporcionar máis medios, tanto na atención primaria como na atención especializada.

Negan a culpa. A responsabilidade non é súa, a pesar de gobernaren vostedes, e trasladánlles a responsabilidade á xente. Primeiro, é culpa da xente porque están manipulados; segundo, é culpa da xente por non se vacinar; terceiro, é culpa da xente por acudir aos servizos de Urxencias e non agardar as listas de espera na súa casa.

Xa lles trasladamos durante todos estes debates que mantivemos na Comisión de Sanidade que había varios problemas centrais, unha situación arquitectónica dalgúns servizos de Urxencias. É o caso de Vigo, onde fixeron vostedes un hospital con moito menos espazo para favorecer o negocio de Povisa, e agora temos colapso nas Urxencias.

Pero había un elemento central en todos eles: a ausencia de persoal suficiente, porque é evidente. E sucede tamén no centro da Coruña. E trasladámolo tamén nos anteriores debates, unha ampliación que vostedes trasladaban que era modélica: un montón de corredores novos. Iso si, corredores para ter camillas con doentes que vostedes non ingresan a pesar de existir camas baleiras. Temos o Abente y Lago, temos o Hospital do Materno...

En Vigo, trasladámosllo tamén no caso do debate que tivemos na comisión. E non foi ata o 8 de xaneiro que se dignaron en abrir as plantas pechadas no Hospital do Meixoeiro. Esas que estaban pechadas para o que fora, para non utilizalas, para gravar unha serie, para favorecer os traslados á privada. Pero non se abrían, tardaron un mes desde o inicio dos colapsos na ponte de decembro ou incluso máis, porque xa estabamos a finais de no-

vembro tratando este tema, para que abrisen as camas. Durante todo ese tempo, pacientes amoreados nos corredores. E eu xa teño trasladado noutras ocasións o que iso significa para as familias, para as persoas maiores e enfermas que están nesas camillas, e para os profesionais.

E eu enfadeime o outro día na Comisión 5ª. E hoxe tamén estou enfadada. Non é para menos, porque, por sorte ou por desgraza, sei o que é estar nesa situación e traballar nun colapso nas Urgencias, e cada vez é máis habitual. Cando eu abandonei o Servizo de Urgencias no ano 2012, a xente íase chorando xa do traballo naquel momento. E en moitas ocasións, que xa estaban en pleno vigor os seus recortes, non chegaban os reforzos. E creo que vostedes esqueceron, se nalgún momento o souberon, do que é traballar nesas condicións.

E miren: non se pode trasladar a responsabilidade absolutamente cada vez que pasa algo a calquera persoa, calquera colectivo, e non asumir ningunha por parte da Xunta de Galicia. O señor Feijóo tivo que pedir desculpas a principios de decembro. Pouco lle duraron esas desculpas, porque esas desculpas non se traduciron en ningunha soa medida que evitase que a xente tivese que pasar o Nadal e o resto de días que non son Nadal aparcados nun corredor. A vostedes dálles absolutamente igual.

Eu pido, por favor, que reconsideren esta situación. Os contratos que se están facendo, os internistas que vostedes xa din que están todos cubertos —dixémolo xa na comisión—, están asinando cada quince días. Así é imposible soste un sistema público de saúde. Isto é un desastre.

Remato xa, que non me queda tempo. Cada vez esta situación está máis cronificada, e dáse non só en inverno senón en calquera mes, sobre todo nos meses en que o persoal ten o dereito a coller as vacacións, e vostedes deciden non cubrilas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Prado, o primeiro que lle quero recordar é que vostede e o seu grupo non pediron a comparecencia do conselleiro, do mesmo xeito que o resto dos grupos da oposición, pero, bueno, está ben.

Debatemos este tema na Comisión 5ª. E agora o Bloque Nacionalista Galego trae unha iniciativa rexistrada en xaneiro, pero do ano 2017; é dicir, que son válidas dun ano para outro. Tamén estamos acostumados a falar ou a escoitar falar da apocalipse da sanidade galega; as palabras non son novas, levamos anos escoitando o mesmo.

Na última comisión, a voceira do Bloque Nacionalista Galego chegou a dicir que nun concello de Pontevedra os veciños tiñan que coller médico noutro concello porque as cotas estaban cerradas. Iso é total e absolutamente falso. Pero é igual, aquí vale todo, aquí pódese dicir calquera cousa.

O noso grupo mantén a postura expresada na comisión da pasada semana. Efectivamente, en determinadas épocas, e de xeito salientable no inverno, prodúcese unha situación de sobrecarga asistencial nas Urgencias dos servizos sanitarios. Esa sobrecarga en ocasións convértese en saturación, e prodúcese en todos e cada un dos hospitais de todas as comunidades autónomas de España. Gústame falar de «sobrecarga» e «saturación», porque «colapso» quere dicir ou dá a entender que se para a actividade, e a actividade non se para en ningún momento nos hospitais.

E parece difícil estender a influencia do Goberno da Xunta e do presidente Feijóo a comunidades autónomas gobernadas por distintos partidos. Eu creo que Cataluña, Cantabria, Aragón, Euscadi, Valencia e as Illas Baleares ou as Canarias non están gobernadas polo Partido Popular, e sen embargo —eu non teño tempo—, pero tería que ir á hemeroteca para ver o que pasa nos hospitais do resto de España, incluso no estranxeiro.

E este ano houbo, efectivamente, factores que contribuíron a aumentar o problema epidémico da gripe:

O primeiro foi o adiantamento do pico, que foi a finais de novembro, e que produciu que na ponte de decembro estiveramos en plena epidemia.

O segundo foi o tipo de virus, pois apareceu un tipo de virus B que non está incluído na vacina, que se fai cos virus da temporada anterior, e este ano é distinto. Tamén é certo, por moito que non lle guste á oposición, que a cantidade de poboación vacinada en Galicia está por debaixo dos estándares ou do que debería de estar. A pesar de que este ano a vacina fora menos efectiva, hai estudos científicos que amosan que poñer a vacina todos os anos diminúe o ingreso na UCI e os falecementos dos enfermos. Tamén se ten constatado, e moléstalles moito, pero tense constatado por profesionais unha utilización excesiva dos servizos de Urgencias para cadros que deberían de ser atendidos en atención primaria. Eu citei na comisión unha enquisa de *Diario Médico* entre profesionais, onde o 86,4 % dos profesionais —non dos políticos— estaban de acordo con esta afirmación.

O Sergas, como calquera outro servizo ou calquera outra comunidade autónoma, pon en marcha nestes casos plans de continxencia cada ano e en cada EOXI. O propio conselleiro manifestou que o persoal de Urgencias traballa ao cen por cento, cubríndose todas as baixas, a pesar de que todos sabemos que hai dificultade para as substitucións, e houbo reforzos de persoal cun cento de profesionais de media cada día. Habilitáronse camas segundo as necesidades de cada centro.

Un xefe de servizo, deses dos que falamos aquí, preguntábase nun periódico e dicía: «¿Podemos permitir que por non poñer tres camas nunha habitación un doente estea nun corredor cunha cuña?». O presidente Feijóo dixo exactamente o mesmo, e a Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública tachouno de ignorante. Supoño que tamén tachará a este xefe de servizo.



As saturacións en Urgencias prodúcense por dúas razóns: por aumento da demanda e por escaseza de drenaxe de doentes cara ás plantas. É fundamental axilizar as altas hospitalarias de enfermos ingresados e limitar o tempo de ingreso ao tempo necesario. Nesa cifra, Galicia está por riba da media do Estado na media de hospitalización. Pero diante desta medida ou da posibilidade de ter esta medida, un sindicato profesional xa manifestou que se están a precipitar altas para liberar camas. Diante de calquera solución contéstase a todas.

Eu non son nada partidario de utilizar a hemeroteca, pero creo que hai que falar:

Ano 2005, último Goberno do señor Fraga: «*El colapso de las Urgencias obliga a reforzar la plantilla de los hospitales*».

Ano 2006, primeiro ano do Bipartito: «*Denuncian colapsos en Urgencias del Clínico. UGT alerta del colapso en todos los servicios de Urgencias del Sergas*».

Ano 2007, máis do mesmo: «*PSOE y BNG niegan que haya colapsos en Urgencias*». E daquela o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, o deputado Carlos Aymerich, dicía: «*Había que ver si no responde a algún tipo de protesta o huelga japonesa del personal, que envía a los pacientes directamente a planta*». E a señora Prado fala de como as gasta o PP; é o PP o que gasta as cousas e o que ameaza os profesionais. (Aplausos.)

En 2008 cólase a indignación no centro de saúde carballés por falta de médicos. Alí estaba eu traballando, eu tamén entendo de urgencias e de epidemias de gripe e de colapsos. «*Sanidade atribuye a la gripe el colapso de Urgencias. Colapsos en los hospitales gallegos*».

Xaneiro do ano 2009, o último ano: «*La gripe y las crisis respiratorias saturan las Urgencias de los hospitales gallegos*». Nese caso, «*Xunta y CIG achacan la saturación de Urgencias a la falta de médicos*». Naquel caso, a Xunta e a CIG achacábana á falta de médicos.

Sorprende ademais que estes episodios se produciran nuns anos que, segundo a señora Prado, había dous mil ou tres mil profesionais máis que agora. Creo que iso non é certo, pero ademais iso demostraría unha ineficacia total e absoluta.

E o doutor Manuel Martín —o doutor Manuel Martín aparece sempre nas declaracións da Asociación para a Defensa da Sanidade Pública—, no ano 2009, dicía no diario *El País*: «*Lo que explica la saturación en Urgencias es la falta de información y educación sanitaria. Mucha gente no sabe que la gripe es un virus que se supera con un tratamiento sintomático, que solo hay que beber mucha agua y medicarse para bajar la fiebre. Las personas mayores creen que se van a morir e ir a Urgencias es lo que les da seguridad*». Curioso tamén comparar afirmacións ou opinións dalgunhas persoas no ano 2009 e no ano 2018, da mesma persoa.

Señorías, pensamos que o problema non é galego, nin sequera español, que é un problema europeo, un problema de todos os hospitais.

—Xa remato, presidente— Creo que todos debemos de colaborar e mellorar a asistencia, e creo que a Xunta de Galicia puxo as medidas en canto ao persoal e en canto á habilitación de camas. Por todo iso non imos apoiar esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Eu, realmente, sorpréndome coas palabras do deputado do Partido Popular, porque ¿non viña o Partido Popular solucionar a desfeita do Bipartito? Entón vostedes non só non solucionaron os problemas do Bipartito, senón que os empeoraron (*Aplausos.*) Entón, se vostedes veñen facelo peor, pois... Igual como non é responsabilidade do Goberno da Xunta, pois igual temos que disolver o Goberno e pedir que veña xa directamente o Goberno do Estado, porque estamos a un peliño no camiño que vostedes van, ou a Unión Europea xestionar aquí, porque parece que o Goberno galego non ten ningunha responsabilidade.

Mire, é unha iniciativa de hai un ano, si. E estou por apostar con vostede que se mañá rexistro unha iniciativa nos mesmos termos, non é que estea vixente dentro dun ano, senón dentro de dez se vostedes non rectifican. Van seguir estando vixentes, porque se vostedes non cambian de folla de ruta, e non rectifican, os problemas non é que vaian seguir estando aí, é que van empeorarse.

E eu non sei quen máis llelo ten que dicir, non sei quen máis llelo ten que dicir para que vostedes rectifiquen, porque todo o mundo está equivocado menos o Partido Popular. Porque eu fíxenlles aquí unha relación de todos os colectivos que lle dixeron que rectificaran, que así non se daban solucionado os problemas: Semes, xefes de servizos de Urgencias dos centros hospitalarios —xefes de servizos do Goberno do Partido Popular—, colexios médicos, organizacións sindicais, cidadáns, asociacións de doentes, a Asociación Galega de Medicina Familiar, a Asociación de Médicos Interinos, a Comisión de Centros da EOXI da Coruña, a Comisión de centros de Ourense, que están pechados, efectivamente, e que o conselleiro non ten tempo para vir ao Parlamento e non ten tempo para recibilos nin para escoitar os problemas que teñen que contarlle. Tampouco ten tempo para iso o señor conselleiro.

E podo seguir dicíndolle: Fátima Narcellas, médico de Urgencias no CHUS. «¿Cal é a situación neste momento no CHUS, doutora?» «Ás sete menos cuarto quedaban» —onte— «13 doentes graves esperando a ser atendidos, pero chegou a haber 22 ás 5 da tarde. É desesperante para os traballadores e para as persoas doentes supón unha deterioración da súa saúde. Os responsables políticos da sanidade non se enteran ou non están facendo o traballo polo que cobran. É desesperante día tras día, mes tras mes». Polo que conta parece que a situación da saturación nas Urgencias empeza a ser crónica. Si, aquí, no Clínico, a saturación das Urgencias é crónica. No pasillo de entrada do Clínico (CHUS) levamos tres falecementos e o anterior xerente está investigado na Fiscalía por un terceiro falecemento nos pasillos.

Trasladada toda esta situación á Xerencia do Sergas, á Consellería de Sanidade, ¿cal é a súa resposta? Nada. A contestación é: «Estamos trabajando en ello». Esa é a resposta sempre, e con plantas pechadas. Non o di o BNG; dío unha doutora do Servizo de Urgencias do CHUS, igual que todos os que lles dixen antes. ¿Quen máis lles ten que dicir que teñen que rectificar; que teñen que deixar de deteriorar a atención primaria; teñen que deixar de dismantelar a atención primaria;

que o plan de mellora da atención primaria ten que poñerse de inmediato en funcionamento; que teñen que destinar recursos, orzamentos, recursos humanos e profesionais; que con menos profesionais e con menos recursos non é posible dar unha asistencia sanitaria de calidade?

E a sanidade pública galega está na UCI, por moito que vostedes intenten, con publicidade e propaganda, disimulalo. Empezou o director xeral de Asistencia Sanitaria dicindo que o problema era que a xente acudía ás Urgencias sen ter que facelo. Logo veu, efectivamente, o presidente do Goberno cunha idea imaxinativa; non foron poucos nin os colectivos nin as persoas que a cualificaron de «unha ocorrencia». A ocorrencia é: non poño recursos, non poño ningunha medida para solucionar o problema...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...e a solución é poñer liteiras nas habitacións; meter acumulados os doentes nas habitacións, iso é a solución que dá o presidente do Goberno, o señor Núñez Feixóo.

E, canto máis está na UCI a sanidade pública, mellor estado de saúde ten a sanidade privada, porque son vasos comunicantes, e vostedes ben o saben; co cal están vaciando o vaso da sanidade pública para que se vaia enchendo o vaso da sanidade privada. E unha enfermidade grave como a que ten a sanidade pública non se soluciona...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...—remato, presidente— nin con parches nin con aspirinas; soluciónase con medidas da mesma envergadura que teñen os problemas, medidas estruturais para solucionar un problema estrutural.

Lamento que o Partido Popular siga na súa posición e agradezo o apoio a esta iniciativa tanto do Grupo de En Marea como do Partido Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Carlos Enrique López Crespo e seis deputados/as máis, sobre a continuación polo Goberno galego do desenvolvemento de actuacións para a posta en común con outras rexións e frotas pesqueiras das experiencias e dos coñecementos obtidos en relación coa problemática dos descartes, con especial atención á súa refundición e ao traslado á Comisión Europea das demandas para a adaptación da normativa**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 6769).*

*Emenda de adición:*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:*

*“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a remitir ao Parlamento de Galicia para a súa análise e debate, no prazo máximo de dous meses, un plan que reflecta as accións que vai realizar o Goberno para mitigar a problemática dos descartes.”)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 6769 [10/PNP-000597].*

*Emenda de substitución:*

*Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a demandar do Goberno español:*

*-O resultado das mesas constituídas en xullo do ano 2015, polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para avaliar o resultado da aplicación desta normativa.*

*-Informe coas actuacións realizadas para evitar a aplicación desta medida tan lesiva para a nosa flota.*

*O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a trasladarlle ao Goberno español e á Unión Europea o máis enérxico rexeitamento a esta normativa, demandarlle a súa derogación e proceder a substituíla por outra que teña como finalidade o mantemento da actividade e os postos de traballo (excluír a flota artesanal da aplicación, reparto e esforzo, proporcional as cotas de cada país, as cotas de países que non as pesquen podan transferirse as de países deficitarios como Galiza, posta en valor das especies procedentes de descartes”).*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

A verdade é que dende hai tempo xa vimos alertando, dende o sector do mar e dende a propia Administración, que certos aspectos da nova política común de pesca europea poden provocar a inviabilidade da actividade pesqueira da nosa frota, de non mediar iniciativas que poidan permitir certa flexibilidade. Estes aspectos controvertidos atópanse no Regulamento (UE) núm. 1380/2013, que vela pola conservación dos recursos biolóxicos mariños e tamén pola explotación das pesqueiras galegas, dos sectores pesqueiros. Polo tanto, é aí onde está a controversia; exactamente está no artigo número 15 dese regulamento europeo, que recolle a obriga de desembarque de todas as capturas realizadas por unha embarcación, incluso aquelas non desexadas, que ata o de agora se adoitaban devolver ao mar no momento en que se pescaban, xa na súa captura, no interior do buque.

Polo tanto, estamos falando dos descartes —terán vostedes xa oído falar diso—, da prohibición dos descartes. Coa prohibición dos descartes prodúcese o seguinte —vou ler textualmente o que di este artigo—: «Todas as capturas de poboación suxeitas a límites de capturas efectuadas durante as actividades pesqueiras en augas da Unión, ou por buques da Unión fóra desas augas tamén da Unión, en augas non suxeitas á soberanía ou xurisdición de terceiros países...» —todas esas capturas, repito— «...deberán almacenarse e manterse a bordo dos buques pesqueiros e rexistrarse, desembarcarse e imputarse ás correspondentes cotas como proceda e cando proceda de conformidade co calendario establecido.»

Isto é o que di o artigo. Pero, xunto con esta complicada aplicación, tamén podemos falar de poñer enriba da mesa a problemática que se dá, e que choca directamente co que é o principio de estabilidade relativa, que son os criterios que se establecen para a medida de cotas, e que é algo que se aprobou xa no ano 1983 —incluso non estaba España dentro da Comunidade Económica Europea—, pero non existía a obriga de desembarque; por iso, aí é onde está o choque e aí é onde se precisa a flexibilidade.

Por se iso fora pouco, temos aínda outra problemática, que pode ir emparellada con estes dous factores que acabo de dicir, que sería, por exemplo, a das especies de estrangulamento. As especies de estrangulamento son as que non teñen cota, ou as que teñen unha cota moi reducida, e, polo tanto, con motivo de que esas especies poidan ir tamén na pesca e nas redes de determinados buques pesqueiros, poden completar as cotas que estes barcos teñen e, polo tanto, poderían paralizar —ou quedar bloqueada— ao terse excedido nunha especie determinada eses determinados buques.

Polo tanto, isto incrementa considerablemente esta problemática para o noso sector pesqueiro e, dende Galicia, dende o Parlamento, dende a Xunta de Galicia, sempre —a Consellería do Mar— estamos preocupados por este tema; é un tema en que nós, dende o Grupo Parlamentario Popular, traballamos; tamén, os deputados europeos do Partido Popular están implicados neste tema, e tamén os deputados que temos no Congreso en Madrid.

O Goberno galego, que é o que nos compete aquí, a Xunta, sempre defendeu a necesidade de evitar progresivamente os descartes de pesca, sempre unha medida que vai ir para manter o medio e para ter unha garantía de futuro. Pero todo isto baseado en estudos rigorosos, todo isto sabendo como vai especie por especie, cota por cota, caladoiro por caladoiro; é dicir, non é o mesmo, a mesma pesca sempre para todos e, polo tanto, o ditame de Galicia sobre a reforma da política común de pesca, que está aprobada no Consello Galego da Pesca, é un ditame que fala da necesidade de certa flexibilidade á hora de aplicar este regulamento.

Esta obriga resultaría de difícil implementación tamén a curto ou a medio prazo, porque non hai os estudos necesarios, non está, non hai coñecemento suficiente en Bruxelas para saber, exactamente, como podería afectar a nosa frota. Polo tanto, coñecemos dende Galicia, ademais, que se fixeron importantes aportacións e importantes propostas que poderían axudar a paliar esa situación de impacto directo e que poida ademais danar, e que poida prexudicar directamente, radicalmente, a frota galega.

Polo tanto, entre as propostas, por exemplo, que se teñen feito, dende diferentes sectores pesqueiros de Galicia, sería, por exemplo, o alugueiro, a compra de cota, o incremento de cotas en determinados momentos para achegarse á composición das capturas; sería, por exemplo, o establecemento dunha reserva comunitaria de capturas accidentais de cotas de pesca, ou sería tamén implementar o uso de artes selectivas.

¿Que pasa con isto? Que isto de implementarse ou de aplicarse o artigo 15 sen flexibilidade quedaría agochado e non se podería aplicar coa facilidade e coa tranquilidade que o sector quere para manter precisamente o medio —porque é loable mantelo— e ir pouco a pouco e progresivamente prohibindo os descartes.

Polo tanto, que agora se incorpore a avaliable dese descarte, como dixen antes, sería moi prexudicial, pero se a frota necesita solucións e necesita que a Administración estea da súa man, este Goberno galego, este Grupo Parlamentario Popular vai estar da súa man. E por iso nós queremos hoxe acadar unha decisión unánime dende este Parlamento de Galicia para defender o sector pesqueiro en Bruxelas.

¿Que se fai ou que se fixo xa dende Galicia? Neste senso, pois estase a traballar tanto no Comité das Rexións como na Comisión de Rexións Periféricas e Marítimas ou na Conferencia do Arco Atlántico. A Conferencia do Arco Atlántico é un labor que cómpre destacar, que cómpre reforzar, porque superan a defensa dese arco, deses países que teñen intereses moi diferentes aos do norte de Europa; polo tanto, deberíamos ir da man e estar moi atentos ao que esta conferencia sempre conclúe ou di nos seus seminarios.

En Vigo, realizouse no mes de xullo, este verán, un seminario no que participaron representantes de Irlanda, do Reino Unido, de Francia, de España e de Portugal, e dende aí sacáronse certas conclusións cun obxectivo de favorecer un desenvolvemento máis equilibrado, como digo, a través do seu funcionamento como laboratorio de ideas ou como *lobby*; é dicir, deberíamos ir todos xuntos para defender os nosos intereses en Bruxelas e que esta aplicación desta normativa non fose tan impactante na frota galega.

As conclusións deste seminario: puxéronse en común varias visións da Administración e do sector pesqueiro sobre as oportunidades e as debilidades que pode haber, dende diferentes puntos de vista e a aplicación deste artigo, deste aspecto. Habería que intercambiar exemplos de experiencias, boas prácticas, avances na súa implantación na actividade pesqueira diaria e intentar, ademais, poñer de manifesto que este obxectivo é importante pero que non se adapta plenamente á actividade pesqueira diaria das nosas frotas. A implementación directa do artigo 15 dese regulamento do que falei non se adapta agora á actividade pesqueira das nosas frotas; polo tanto, podería ameazar con ser un obstáculo na súa viabilidade e sustentabilidade.

Polo tanto, temos que conseguir esa flexibilidade. A directora xeral de Pesca xa ten participado na Mesa Estatal de Descartes, que convoca o Ministerio de Agricultura e Pesca, e tamén nun seminario —o último foi en novembro, en Bruxelas— para defender esa postura e para falar e solicitar flexibilidade. Esa é a palabra concreta, porque non podemos negarnos e non podemos evitar, e non podemos cargarnos o que é o medio, e temos que ter perspectiva pero



adaptada á frota galega, adaptada á realidade que temos agora en Galicia, que temos nos países do arco atlántico e con flexibilidade poder chegar sen que quede moita parte do sector no camiño.

Polo tanto, despois dese seminario, de falar da aplicación, desa prohibición dos descartes, nós non debemos esquecer que ir da man e facer forza todos xuntos sempre é moito máis positivo. Isto é un tema de construír, formamos parte de Europa e, polo tanto, os puntos de encontro con rexións con posturas semellantes deben de ser fundamentais para o futuro e para defender en Bruxelas.

Por todo o sinalado, dende este grupo parlamentario nós consideramos que é moi necesario seguir desenvolvendo accións para a posta en común destas situacións, doutras rexións, fro-  
tas pesqueiras, experiencias, como dixen xa. E nós queremos contar co apoio de todas as forzas políticas, sería moi importante.

A imaxe tamén que deberíamos reflectir dende aquí, impulsar dende Galicia, é que todas as forzas políticas estamos co sector da pesca, que todas as forzas políticas de Galicia queremos e defendemos os intereses do sector pesqueiro galego. E, polo tanto, eu conto con que, des-  
pois das intervencións dos diferentes grupos políticos, poidan apoiar esta iniciativa. Vou ler exactamente o que di:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir desenvolvendo accións para pór en común con outras rexións e fro-  
tas pesqueiras as experiencias e coñecementos obtidos arredor da problemática dos descartes, con especial atención á súa refundición e transmisión das demandas á Comisión Europea de cara á adaptación da normativa.»

Porque unha normativa que, con flexibilidade, pode ser moi beneficiosa, pero, se se impón, se se fai con présas e sen ter en conta os intereses galegos, pois non sería tan beneficiosa como pode ser no futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Egerique.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Señora deputada, realmente a última parte da súa intervención di-  
cindo que vou facer as cousas sen présa deixoume case sen palabra. Porque teño que lem-  
brarlle que esta normativa vén do ano 2013, hai cinco anos —dígoo por aquilo de sen  
présas—, e o BNG desde 2013 trouxo iniciativas a este Parlamento demandando, efectiva-  
mente, que nos colleramos todos da man, pero non para facer un bonito, senón que nos co-  
lleramos todos da man co sector para petar encima da mesa e exixir a retirada desa  
normativa, que era o que pedía o sector. E vostedes votaron en contra. Votaron en contra en  
2013, volveron votar en contra en 2014 e veñen agora, en 2018, cando se vai facer efectiva  
no ano 2019, dicir que vaiamos con tranquilidade e sen présa.

Entón, preocúpanme as cuestións que vostedes poñen na iniciativa. Din que instan o Goberno a desenvolver accións para poñer en común, con outras rexións e frota pesqueiras, as experiencias e coñecementos obtidos sobre a problemática. Xa digo: cinco anos despois empezan porque se empecen a mirar cuestións comúns. E afirma que está a traballar nesta liña tanto no Comité de Rexións como na Comisión de Rexións Periféricas e Marítimas ou na Conferencia do Arco Atlántico. E eu preguntolle, señora deputada —e ao resto de deputados e deputadas do Partido Popular—, ¿dende logo considera que esta é unha proposta que axude o sector? ¿Considera que temos os mesmos problemas que Irlanda ou que Francia ou que o Gran Sol, cando eles non teñen ningún problema coa cota e teñen exceso de cota? ¿Cre realmente que temos algún problema parecido con estas rexións coas que vostedes queren que o analicemos conxuntamente? A eles sóbralles cota, dálles igual que teñan que computar os descartes ou non teñan que computalos. ¿Realmente cre que a solución vai vir do Comité das Rexións, que é un organismo consultivo, señora deputada? É consultivo, e quen vai negociar é o Goberno de España, o Goberno español, e é aí onde vostedes —que son da mesma organización política, son «o goberno amigo»— deberían petar e exixirlle que realmente defenda os sectores da frota galega. Iso é o que terían que facer, e non facelo no 2018 senón telo feito moito antes.

Dende logo, parécenos dramático comprobar a falta de implicación, cando esta medida se empezou a poñer en marcha no ano 2015 para a frota peláxica —porque xa leva dende o ano 2015 posta en marcha para a frota peláxica, para a demersal é no 2019—. Sorprendíanos que os representantes do Goberno español —Arias Cañete, despois o secretario do Mar— dixeran que non era un problema, que era unha oportunidade. E vostedes aplaudían coas orellas. Non era un problema, era unha oportunidade e aplaudían coas orellas. E agora veñen no 2018 a dicir que nos collamos da man e vaíamos todos xuntos. Non sabemos realmente a onde, porque non hai ningunha medida concreta. Tamén a aquela altura o Ministerio se comprometeu a estudar a normativa, a facer grupos de traballo para ver cal era a situación. Nada soubemos, por iso a emenda que presenta o BNG.

E tamén nos preguntamos polo que fixo a Consellería e se elaborou a súa propia proposta para a pesca artesanal. O sector vén reclamando que estas embarcacións estean exentas de que se lles aplique esta normativa. Falta menos dun ano para que se lles aplique e non teñen adoptado ningunha medida na Consellería, dende logo, que nós saibamos.

Por iso o BNG presenta unha emenda a esta proposición non de lei do Partido Popular, e o que demandamos é que o Parlamento de Galiza inste o Goberno galego a demandar do Goberno español —que é quen negocia, porque nós non temos capacidade de decidir e vostedes tampouco a queren, están moi cómodos nese papel de que outros decidan por nós— pois o resultado desas mesas constituídas en xullo do 2015 —son tres anos, será tempo suficiente para saber cal é o resultado das mesas constituídas no ano 2015— e o informe coas actuacións realizadas para evitar a aplicación desta medida tan lesiva para a nosa frota, saber o que fixo o Goberno español para defender a frota galega. Parece unha cuestión de mínimos, ¿non?, parece unha cuestión de mínimos.

E logo tamén demandamos que o Parlamento de Galiza inste o Goberno galego a trasladarlle ao Goberno español e á Unión Europea o máis enérxico rexeitamento a esta medida, que se derroge e que se substitúa por outras que teñan como finalidade o mantemento da actividade e dos pos-

tos de traballo, medidas como excluír a frota artesanal da aplicación desta medida, que a repartición do esforzo sexa proporcional ás cotas de cada país, ou que a cota de países que non a pesquen —cada ano queda en Francia no peixe sapo, por poñer un exemplo, cantidade de cota sen consumir— ¿por que non a pode consumir a frota galega, que está totalmente discriminada e con déficit de cota? Son cuestións que pide o sector e que, dende logo, ao BNG nos parece...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Vaia rematando, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...que hai que atender, ¿non? E logo a posta en valor das especies procedentes dos descartes.

Son medidas concretas, señora deputada do Partido Popular, que demanda o sector e que demostrarían que o Goberno galego, a Xunta de Galiza e o Partido Popular, si quere darlle algún tipo de saída ao problema que ten a nosa frota.

E a iniciativa, que vostede presenta tarde, mal e a rastro —porque presentan no 2018 unha iniciativa para o que está xa posto en marcha desde o 2015 en determinados aspectos e que no 2019 se vai aplicar de xeito definitivo—, pois requirirá medidas, desde logo, enérxicas, contundentes e que fagan reverter unha situación tan lesiva.

Se aceptan a emenda do BNG, evidentemente demostrarán que queren facer algo máis que parecer que fan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Prado.

Por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Dolores Toja Suárez.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Grazas, señora presidenta.

Boa tarde.

En 2019, efectivamente, entrará en vigor o descarte cero. Non cabe dúbida de que a obriga de desembarcar todas as capturas, que afecta directamente á actividade das embarcacións, é unha das maiores preocupacións do sector pesqueiro. E isto debido precisamente a que esta obriga de desembarque non está claro que vaia reducir os descartes.

O que si está claro é que, tal e como está establecida, co nivel de exixencia actual, suporá para as embarcacións quedar amarradas no porto antes incluso de consumir as cotas doutras especies. Se non se flexibiliza a obriga, haberá barcos que non poderán practicamente acender os motores. É imprescindible, polo tanto, esa flexibilización para garantir o futuro da pesca de Galicia, e valorar outras opcións e outras medidas. Isto é o que pide o sector, flexibilizar, efectivamente, esa norma.

Pero ¿que está facendo o Goberno? ¿Que está facendo o Goberno do Partido Popular tanto en Galicia coma en España? Pois non defende os intereses do sector do mar. E acabámolo de

vivir precisamente en canto á situación que existe do acordo con Portugal. Vemos que, operando nos mesmos caladoiros tanto Galicia coma Portugal, pois resulta que Portugal non ten a obriga de descansar os sábados e os domingos e Galicia si. Portugal pode capturar especies que Galicia non pode. Portugal pode utilizar artes que Galicia non pode. Pois así é como negocia o Goberno do Partido Popular para a pesca galega. Polo tanto, que hoxe traian aquí esta iniciativa na que falan de seguir desenvolvendo accións para pór en común con outras rexións e frotas pesqueiras parécenos moi bonito, sempre e cando se comprometan realmente a facer algo do que poidamos ver o froito.

Vostedes veñen ás comisións de pesca e cada tres meses traen unha iniciativa relacionada cos descartes. Aprobando a realización de informes que nunca coñecemos, dentro da Comisión de Pesca non sabemos se existen, se non existen. E hoxe estamos ante unha iniciativa tan xenérica que non terá ningún efecto para a pesca, agás, iso si, o titular nos medios de comunicación, que temo que iso, coma sempre, é o que vostedes buscan. E aí entón é onde está o problema. Vostedes fan que fan, sen defender os intereses da pesca, sen defender os intereses dos galegos e das galegas. E ¿cal é o resultado diso? Pois máis de 4.000 embarcacións galegas que non atopan un relevo. Estamos quedando sen relevo para a pesca. O Goberno galego, coa súa actitude de aparencia, quere transmitir que é un tema que lle preocupa a través de propostas baleiras de contido, sabendo que non cabe outra fórmula máis que buscar unha solución á prohibición de descartes para evitar que a frota quede amarrada, o que implica —xa o poden imaxinar— perdas importantes económicas.

Estamos, como dicimos, ante un tema que navega á deriva, sen capitán que tome decisións para poñer a pesca galega no lugar que lle corresponde. Esquecemos tamén que o Partido Popular é maioritario na Eurocámara. Poderían aproveitar tamén para facer política, para intentar chegar a un acordo, e intentar explicar a Europa que, ademais de xestionar recursos medioambientais, se están xestionando persoas. Este é o papel que deberían facer.

Por repasar un pouco como foron tratando este tema nas distintas comisións, en febreiro do ano pasado, do 2017, trouxeron unha iniciativa —que foi aprobada— para un informe das novas exixencias de descartes pesqueiros. Isto foi en febreiro. Tres meses despois, en maio, trouxeron outra iniciativa para un estudo do impacto, outra vez, dos descartes. En outubro —xa lle digo, isto vai caendo máis ou menos así, para aparentar que fan—, elaboraron outro informe que recollera as accións desenvolvidas tamén en canto á normativa dos descartes. Xa lle tocaba e por iso vén agora en xaneiro. Pero deses informes ¿cales son as conclusións? ¿Cando pensan compartir eses informes coa Comisión de Pesca? ¿Que efectos prácticos están tendo eses informes? E o máis importante: ¿existen eses informes? *(Aplausos.)*

Porque vostedes, cando din que están traballando con Europa para este tema, ¿como están traballando? ¿Traballan como traballaron co laboratorio de bivalvos, cando dicían que estaban defendendo algo cando nin sequera tiñan presentado nada? Pois ese é o motivo polo cal dende o Partido Socialista presentamos a nosa emenda, para que no prazo de dous meses presenten un plan de acción real e non unha declaración de intencións das súas.

Miren, a frota segue sen ter unha solución para os descartes mentres vostedes traen ao Parlamento, como lles dicía, cada tres meses, a elaboración dun novo informe que non sabemos

se existe ou non existe. A nós parécenos unha tomadura de pelo. Están xerando unha nova forma de facer política, que é a política baseada na aparencia.

Esta é, sen máis, outra iniciativa placebo...,

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Vaia rematando, por favor.

**A señora TOJA SUÁREZ:** ...das que dá igual que se aproben ou non. O sector está enfermo e non vai notar nada.

Grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Toja.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra a señora Carmen Santos Queiruga.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Boa tarde, presidenta.

Señores deputados e deputadas.

Señora Egerique, con todo o respecto do mundo e do que son capaz, vostedes son en temas de pesca a cousa menos seria do panorama galego, español e europeo, para a nosa desgraza. En cada sesión parlamentaria con vostedes aquí en directo, cando lemos as súas propostas e escoitamos as súas argumentacións, a realidade é superada por calquera ficción que se puidese imaxinar. A realidade é que este tipo de propostas son un insulto á intelixencia de calquera persoa cun mínimo de formación ou calquera persoa que saiba un mínimo do traballo e da situación do mar. A vostedes non lles interesa o máis mínimo a situación dos traballadores do mar nin o sector. Así que non pidan colaboración en algo que non lles interesa no máis mínimo. O problema é que vostedes saben de comer peixe e marisco, pero de como se pesca ou de como é a súa explotación non teñen nin a máis remota idea, ¡nin a máis remota idea! E quedan tan anchos. Traen propostas recheo, que, se non foran cousas tan graves, ata serían dignas dun monólogo de bar. Pero o problema é que son moi graves.

A política pesqueira da Unión Europea centrouse principalmente na pesca a gran escala nas últimas décadas, e todo isto pola súa inoperancia e inutilidade política como Goberno galego e como partido político —sendo Galicia a maior potencia pesqueira do Estado e de Europa—. E por iso os responsables comunitarios e científicos europeos foron tendo cada vez un maior descoñecemento —pola súa inacción— de moitos aspectos biolóxicos, ambientais, socioeconómicos e de xestión que afectan os pequenos pescadores, a frota do Gran Sol e, sobre todo, a nosa frota artesanal de baixura, porque os descartes concéntranse principalmente na pesca de gran escala, non na pesca artesanal —de baixura, principalmente—, e, polo tanto, como xa se dixo, debería quedar inmediatamente excluída deste tipo de normativas se vostedes fixeran o seu traballo onde o teñen que facer. Porque non o fan.

Vostedes nin o fixeron nin tiveron a máis mínima iniciativa propia —nin a través de ningún tipo de organismo de investigación, nin da Xunta nin estatal, nin dos que están aquí afin-

cados en Galicia con orzamento propio ou nin sequera da Unión Europea— para plantexar solucións ou facer estudos disto que trasladar a Europa. Non fixeron absolutamente nada e agora véñennos pedir colaboración. É unha cousa esperpéntica.

E veñen cunha trapallada de iniciativa. ¿Non teñen nada máis produtivo que dicir ou nada máis que aportar que isto?, ¿de verdade? (*Murmurios.*) E isto non é unha cousa que digamos nós. Disto da situación dos descartes e de como afectaba a pesca artesanal xa falaba e xa o denunciaba o economista e profesor Sebastián Villasante, da Universidade de Santiago de Compostela, con outros investigadores e investigadoras. Xa falaba e advertía de que a nova política de descartes da Unión Europea e a obrigatoriedade do desembarque levaría irremediabilmente á redución do 50 % das capturas de pesca artesanal galega. ¡E non é de onte, non é de onte! É un investigador, non un perroflauta, non un radical, un investigador.

O problema é que vostedes non saben nin sequera como funciona a pesca artesanal, non teñen nin idea. Non teñen nin idea, ese é o problema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E partindo do dano que lles fai a tantas familias galegas da pesca artesanal —unha pesca artesanal que ten case unha taxa de cero descartes, porque non o saberán—, nós non entendemos por que vostedes, en vez de traer esta ridiculez e de traer propostas recheo, non impulsan dende a Xunta, ou instan a Xunta, para que sexamos os galegos e galegas os que fomentemos unha pesca sustentable cun mínimo de impacto, que é o que nós propoñemos dende os nosos grupos en Galicia a nivel estatal e a nivel europeo. ¿A que se dedican —porque vostede di que traballan moito os deputados do Partido Popular no Congreso e en Europa— á parte de cobrar e ter xubilacións douradas? Porque, de verdade, axudar a resolver os problemas que ten o sector... Non sabemos o que lles contan, ou se a vostedes lles interesa. De verdade, non ten ningún tipo de sentido.

Nós o que queremos é falar de como innovamos en subprodutos derivados deses descartes. Hai proxectos xa executados. Xa falamos na Comisión 8ª disto; por exemplo, de profesores de investigación, como o profesor Ricardo Pérez Martín, e do proxecto Valdescar, iniciado no ano 2015, loado a nivel europeo –vostedes non o coñecían—. Agora tamén teñen desde 2015 outro proxecto europeo chamado Life iSEAS, que busca aportar solucións á frota pesqueira ante a prohibición progresiva dos descartes introducida pola Unión Europea —proxecto pagado tamén con fondos europeos, non da Xunta, porque a Xunta terá moito orzamento para a investigación pero para nada produtivo, nin apoian o IEO nin ningún organismo—. Só se lles pide que apliquen proxectos e que leven a Europa estas investigacións e estes coñecementos, xunto co sector, para poder ter unha nova política pesqueira artesanal liderada por Galicia, que logo poderíamos exportar fóra de aquí. Nós podemos...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Vaia rematando, por favor.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** ...exportar e levar a esas frotas, a eses países dos que vostede fala, non ao revés. E a ciencia é ciencia non ideoloxía. A ideoloxía é aplicar a ciencia se lle interesa ou non. Pero como vostedes se dedican a facer de superxestores tipo Mortadelo e Filemón, nós, evidentemente, imos votar en contra disto porque xa se viu co laboratorio de bivalvos que vostedes, á parte de mentir e de facer inutilidades, polo sector fan bastante pouco, bastante pouco. (*Aplausos.*)



**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Santos.

Pregaría silencio durante as intervencións, para todos os grupos, porque hai moito ruído na sala.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Teresa Egerique Mosquera.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidenta.

Ben, vou empezar polo final, porque a verdade, señora Santos, vostede fala de que esta é unha iniciativa baleira de contido, pero non sei se vostede estivo escoitando, mentres falaba aquí, o contido tan construtivo que tivo a súa intervención para en Bruxelas falar en común da frota de Galicia e para protexer os postos de traballo da frota de Galicia. Vostede vén aquí falar de que ademais nós somos os das mariscadas, cando o que publica as mariscadas en *twitter* é o seu compañeiro Espinar, que é de Podemos/Marea, ou Marea/Podemos, non sabemos moi ben de que ámbito, eu xa non sei onde quedou Espinar. (*Aplausos.*) Porque a verdade é que ten que buscar calquera pretexto vostede cando hai unha iniciativa aquí de pesca, calquera pretexto para empezar aquí a falar do que primeiro lle vén á cabeza. O mesmo pasou co señor Merlo noutra ocasión. Perden vostedes unha oportunidade de ouro —cinco minutos que teñen no Parlamento de Galicia— para falar de temas de pesca. Sigán dándolles as costas aos galegos, porque, cando lles dean as costas aos galegos, vostedes seguirán minguando e os escanos do Partido Popular seguirán medrando, porque saben quen defende os seus intereses en Bruxelas.

Polo Partido Socialista, a señora Toja xa ten dito moitas veces tamén na comisión o de que «fan que fan», que «non fan que non fan»... Estamos traballando, señora Toja, ese «fan que fan» que di vostede, ese relato —que, ademais, fíxoo vostede, que eu non teño tempo de facelo— de todas as iniciativas que presentamos, de todas as que se aprobaron por unanimidade da Comisión, de todo o que se está facendo dende o Parlamento, dende o Goberno da Xunta, dende o Goberno de España e tamén en Bruxelas, é para defender o sector pesqueiro. Polo tanto, vostede chámalle «fan que fan» pero para nós iso é traballar.

E, despois, os señores do Bloque Nacionalista Galego, coma sempre, señora Prado, cren que teñen aquí o criterio absoluto e que son os únicos que coñecen o sector pesqueiro de Galicia; sempre co mesmo discurso e sempre insinuando que nós nin estamos co sector nin coñecemos o sector nin loitamos por que se manteña en Galicia. E precisamente é o que estamos facendo, e adaptándonos, ademais, ás regras do xogo e ás normas nas que estamos, que son moi beneficiosas. Neste caso vostedes piden derrogar esta lei directamente, e hai que protexer tamén o medio. É que nós, precisamente, se queremos manter a frota galega e os postos de traballo, temos que intentar esa flexibilidade e temos que intentar impoñer esas normas, pero con beneficios tamén para nós e non só con beneficios para outros. Polo tanto, respecto das súas emendas, para poder expresar o noso posicionamento, vostedes din que traslademos os resultados das mesas de traballo. Pero é que aínda non remataron o seu traballo; polo tanto, cando rematen o traballo quizais poidamos facelo. Aínda a semana pasada tiveron lugar esas mesas.

Noutra din tamén que a conselleira do Mar dea conta no Parlamento. En repetidas ocasións fíxoo en asuntos relacionados cos descartes; polo tanto, a transparencia é total. Isto dígoos

tamén con referencia á emenda do PSOE, porque tamén vai por esa liña. Dende Galicia, como dicía, estase a traballar na Comisión Europea, no Parlamento, no Comité de Rexións, do Comité de Rexións Periféricas e Marítimas, compartimos coñecementos e hai unha transparencia absoluta con todo o que se está facendo. Aquí non hai necesidade nin intención de ocultar nada, aquí hai unha intención e hai unha vontade por parte desta deputada e por parte deste Grupo Parlamentario Popular de ir xuntos a Bruxelas, de ir xuntos en común e cunha soa voz.

Pero se iso non vai ser posible...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Vaia rematando, por favor.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Neste caso as súas emendas non teñen ningunha cabida nesta petición que facemos hoxe; polo tanto, imos rexeitar estas emendas. Pero vostedes poden aínda replantexar o voto e poden votar a favor desta PNL, porque seguramente o sector do mar llelo agradecerá.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Egerique.

**Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda e D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o dereito do alumnado con trastorno do espectro do autismo a unha educación inclusiva no sistema público de ensinanza**

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 9, que terá o seguinte contido:*

*“9. Que se adopten todas as medidas precisas para o efectivo cumprimento das previsións que, para o alumnado con Trastorno de Espectro Autista figuran no protocolo publicado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, baixo a denominación “Tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo —TEA—”.*)

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

Engadir dous novos puntos, que serían o 9 e o 10, co seguinte texto:

“9. Dotar os centros ordinarios que integren alumnado con necesidades educativas específicas do persoal necesario de PT e AL tal e como dispón o acordo adoptado pola Consellaría de Educación e as organizacións sindicais o 8 de xuño de 2007.

10. Dotar os centros de persoal definitivo a través da oferta no Concurso Xeral de Traslados (CXT) daquelas prazas de PT e AL que actualmente están cubertas de maneira provisional garantindo así unha maior estabilidade laboral e calidade educativa.”)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Luca Chao Pérez

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

E, por suposto, moi boa tarde a Ester e a Mónica, grazas por vir e por acompañarnos esta tarde. Por suposto, moitísimas grazas polo voso esforzo diario a prol dos dereitos das nenas e nenos con trastorno adaptativo do espectro autista. Grazas por sinalar cal debe ser o camiño e por estar sempre aí sendo as imprescindibles.

Teño que comezar dicindo unha cousa. E é que hoxe non quixera ter que falar do que vou falar. Dende logo, dende En Marea non quixeramos ter que falar de Arturo nin do acontecido na súa escola, no CEIP Salgado Torres, nin da responsabilidade da Xunta de Galicia no dano ocasionado a este neno e á súa familia. E preferiríamos non ter que facelo porque iso implicaría estarmos nun escenario sensiblemente diferente, con todos os dereitos do alumnado con trastorno adaptativo do espectro autista garantidos, cun sistema educativo plenamente inclusivo, un escenario, en definitiva, que non foi o que atopou Arturo e non é tampouco no que se atopa hoxe nin no que se atopan o resto de nenas e nenos deste país que teñen o mesmo trastorno, nin o resto dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais.

Neste senso, o caso de Arturo, lamentablemente, non é unha excepción extraordinaria, o caso de Arturo é posible, foi posible, porque temos un sistema educativo que podemos mellorar, que cómpre mellorar. Foi posible porque certas demandas de atención específica están pendentes, e sobre iso queríamos discutir hoxe.

Non é, señor Fernández Gil, como me dixo un día, contestando precisamente a este asunto, un intento de converter o caso en categoría. Todo o contrario, é un intento de ilustrar a realidade con exemplos concretos, porque a realidade que está aí fóra inclúe Arturo, por suposto, e nós pensamos que o seu caso require toda a nosa atención. Pero, ademais, esa realidade tamén inclúe a moitas e moitos outros, a Juan, a Rosa, a Miguel, a Sara..., en fin, demasiados nenos e nenas para poder tratar todos os seus casos, demasiados casos para obviar as necesidades e oportunidades de mellora que podemos e debemos abordar. Por iso hoxe viñemos falar de Arturo.

Para quen non coñeza o caso de Arturo, vou comentar que este neno, nacido en 2004, padece —como dicía antes— un trastorno adaptativo do espectro autista, razón pola que ten recoñecido un grao de discapacidade do 65 %, e está escolarizado dende o curso 2009-2010 no centro Salgado Torres, da Coruña. Este centro cómpre sinalar que é centro ordinario de escolarización preferente, centros que, tal e como establece a lexislación vixente, teñen xustamente a finalidade de proporcionar a atención educativa ao alumnado con necesidades educativas especiais que, polas súas singulares características, necesiten recursos humanos ou materiais específicos de difícil xeración no resto dos centros ordinarios sostidos con fondos públicos. Sen embargo, non foi así.

Hai que sinalar tamén que, unha vez estudado o caso de Arturo por parte do equipo de orientación específica, se concluíu que precisaba apoio educativo —o 8 de outubro de 2012—, apoio que chegou e permitiu que Arturo rematara o curso 2012-2013 satisfactoriamente. Porén, a situación mudou co inicio do curso 2013-2014, curso no que sufriu un documentado proceso de exclusión educativa que se manifestou nos seguintes feitos.

Tivo un cambio de titora, un dos asuntos fundamentais, pois sería precisamente a nova titora a docente que remataría por provocar parte dos problemas que relatamos a continuación.

Produciuse tamén un cambio de mestra especialista en pedagogía terapéutica. Estes cambios non son casuais, nin froito do azar, senón o resultado dunha política de recortes concreta que leva a cabo o Partido Popular e que fixo aumentar espectacularmente a porcentaxe de interinaxe do profesorado dende que vostedes chegaron ao Goberno.

Ademais, sufriu un sometemento a unha sobrecarga sensorial por berros continuos na aula, desestruturación do espazo por eliminación de apoios visuais e dos elementos de accesibilidade cognitiva. E aquí hai que deterse. Tal como di o propio informe de seguimento realizado pola especialista Pilar Barreiro, os apoios visuais non son unha elección senón un dereito que teñen todos os nenos e nenas con estas necesidades educativas que hai que ofertarles para mantelos en comunicación co mundo que os rodea. Non había, polo tanto, xustificación ningunha para que foran retirados.

Elimináronse tamén os sistemas aumentativos e alternativos de comunicación. E, finalmente, mudouse radicalmente a metodoloxía de traballo.

Son unha serie de cambios totalmente contraproducentes para un neno con trastorno do espectro autista, que non soamente se deixaron sentir no seu rendemento escolar, claramente afectado, senón nun empeoramento condutual claro e un empeoramento do seu cadro clínico, tal e como se puido atestiguar cos informes médicos que se presentaron na sentenza da que hoxe imos falar.

É dicir, que todo canto se podía facer mal no sistema educativo se fixo mal, que as necesidades de Arturo foron ignoradas, os seus dereitos vulnerados, dereitos fundamentais como o mesmo dereito ao ensino, e o dereito tamén a ter unha educación en igualdade. E non son palabras de En Marea, son palabras do tribunal que ditou sentenza.

Ante esta situación, e tras consultas e queixas reiteradas por parte da súa nai, que tratou de resolver a situación do seu fillo tanto coa escola como coa propia Consellería, sen ter éxito ningún, esta familia acabaría tendo que recorrer á xustiza ordinaria. Deste xeito, a súa reclamación foi fundamentada na vulneración do Decreto 299/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes de Galicia. Tamén artellaron a demanda directamente coa Convención de dereitos humanos, que, insistían, foron claramente vulnerados, e a xustiza acabaría dándolles a razón.

O caso era claro. Así, o pasado 18 de outubro de 2017 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia deulle a razón, como dicía, a esta familia, e condenou a Conselleira de Educación a pagar unha indemnización de 4.500 euros ao alumno e outros 1.500 euros á súa nai por retirarlle os apoios educativos necesarios e polos danos ocasionados.

Falamos desta sentenza porque supón unha sentenza sen precedentes no noso país e que ten un indiscutible valor para todo o colectivo, xa que é o primeiro paso na creación de xurisprudencia no ámbito da responsabilidade patrimonial da Administración en relación coa atención educativa. Así, a importancia da sentenza radica na declaración da existencia de responsabilidade patrimonial da Administración en relación cos dereitos do alumnado, tendo a Xunta de Galicia, como dicía, que indemnizar o menor e a súa familia unha vez que quedaron probadas tanto as retiradas dos apoios educativos que precisaba como o dano que se producira no seu desenvolvemento. E, do mesmo xeito, quedou contrastado o dano psicolóxico que se fixera á súa familia, que tamén debe recibir unha indemnización por parte da Xunta.

Tal e como sinalou o informe que Autismo España realizou en relación con este caso, e que se tivo en conta na devandita sentenza, a abordaxe das dificultades de conduta require da implicación de todos aqueles que se relacionan con persoas que teñen trastorno do espectro autista, incluídos os educadores e educadoras e todos os diferentes profesionais que lles prestan atención especializada, xa que, de non facelo así, se podería estar interferindo de forma significativa e importante na súa saúde, na súa educación e na súa calidade de vida, cousa que sucedeu neste caso ao cambiar tanto a titora como a profesora de pedagogía terapéutica, así como todos os cambios que se levaron a cabo na aula e nos medios materiais dos que dispoñía o alumno.

Ademais, esta sentenza acusou de negligente o comportamento do centro ao retirar os apoios visuais necesarios para o menor. Tal e como indica a propia sentenza, esta soa circunstancia resulta suficiente para determinar a estimación do recurso.

Por último, a sentenza faise eco tamén da posición de desigualdade de partida dos nenos e nenas con trastorno de espectro autista, recordando que iso os fai acredores dunha resposta das administracións educativas adaptada ás súas necesidades, o que non tivo lugar neste caso. Por iso, por esta situación, e co obxectivo de traballar en medidas que eviten novos casos como o de Arturo —porque o feito é que non se fixo nada dende que chegou esta sentenza, non hai ningunha medida posta sobre a mesa que impida que casos como o de Arturo volvan existir, e de feito temos xa constancia doutro caso xudicializado en Galicia e outros que están a piques de ser xudicializados polo mesmo, por nenos e nenas con trastorno do espectro autista que non están sendo correctamente atendidos—, por todo isto, para traba-

llar en medidas que o eviten, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei con oito medidas, que non son as definitivas pero que entendemos que poden axudar a mellorar a situación:

En primeiro lugar, reforzar as políticas de formación continuada do profesorado dirixidas a toda a comunidade docente, non só a aquela implicada en programas específicos, de forma que os problemas de exclusión educativa sexan asumidos polo conxunto de toda a comunidade educativa.

En segundo lugar, sistematizar as fontes de exclusión, diagnosticar as situacións de exclusión educativas, ordenar as posibilidades e propostas de intervención, e dotar de recursos materiais e humanos os equipos de orientación específica, moi minguados dende a chegada do goberno do Partido Popular.

En terceiro lugar, cumprir a Consellería coa obriga de facilitar os apoios necesarios para o pleno desenvolvemento persoal, nunha situación de igualdade con respecto ao resto de actores da sociedade.

En cuarto lugar, garantir a utilización de formatos alternativos e aumentativos de comunicación.

En quinto lugar, orientar a intervención educativa que se debe realizar por todas as persoas que participan na educación do alumnado con estas problemáticas.

En sexto lugar, fortalecer a relación entre o profesorado e o alumnado.

En sétimo lugar, favorecer o acompañamento persoal e non burocratizado de familias e alumnos.

Por último, e en definitiva, garantir o dereito a unha educación inclusiva dos nenos e nenas con trastorno de espectro autista, que é do que estamos falando hoxe, contemplando as medidas de actuación necesarias para que o dereito ao ensino sexa verdadeiramente para todas.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e boa tarde tamén ás persoas que nos acompañan hoxe na sala.

Vaia por diante que dende o Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta iniciativa de En Marea, á que engadimos coa nosa emenda dúas cuestións que cremos que son importantes. Son dúas cuestións coas que pretendemos ir ao fondo do problema que se puxo de manifesto ou que reflicte esa sentenza da que se fala na exposición de motivos e que acaba de relatar,



ademais, a señora Chao agora na súa intervención, co obxectivo tamén de irnos ao fondo da cuestión e de ver desde unha perspectiva máis ampla, non apenas desde o caso de Arturo, que foi o que nos puxo pola vía xudicial diante da realidade que se vive diariamente, en maior ou menor medida, en moitas familias do noso país.

No concreto, na proposta que formulamos dende o BNG —e vou ir directamente a iso porque temos apenas cinco minutos— plantexamos dúas cuestións.

Dunha primeira banda, a necesidade de estabilizar os postos de traballo de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, convertendo en definitivas as prazas que actualmente son provisionais. Na sentenza á que se refería a señora Chao, e que está recollida na exposición de motivos, un dos elementos fundamentais é precisamente ese cambio no profesorado PT, algo que a Xunta podería evitar e paliar, tornando, como propomos, esas prazas actualmente provisionais en definitivas.

Isto non suporía aumentar os postos de traballo, que é un tema vetado completamente polo Partido Popular malia a carencia absolutamente obxectivable, absolutamente tanxible e evidente que hai no ensino público deste país de profesorado, non só para a atención das necesidades educativas específicas, senón para atender as necesidades educativas xerais que existen no noso país, e que é o resultado dos recortes orzamentarios continuados e acumulados desde o ano 2009, da amortización de prazas pola vía desa imposición das taxas de reposición.

Nós, desde o BNG, levamos demandando que é unha urxencia que se dote o ensino público deste país —como antes defendíamos para a sanidade pública tamén— do persoal necesario para atender as necesidades que temos actualmente, para prestar un servizo que non é outra cousa que un dereito fundamental, un servizo de calidade.

Isto é unha cuestión de vontade política, que non suporía aumentar o número de profesionais e que ademais podería aplicarse de maneira inmediata para que entrase en vigor no curso 2018-2019 a través do concurso xeral de traslados.

E por outra banda, o que pedimos tamén nesa emenda de adición é dotar todos os centros co persoal especializado que necesitan. Dotar todos os centros de ensino ordinarios do noso país con profesorado especializado e que a Xunta cumpra o acordo —que incluimos na propia emenda para refrescar a memoria, porque transcorreron xa dez anos— asinado entre a Consellería de Educación e as organizacións sindicais o 8 de xuño de 2007, no que se establece —e vou citar literalmente— que: «Naqueles centros ordinarios que integren o alumnado con necesidades educativas específicas —é o caso concreto ao que nos estamos a referir agora mesmo—, poderase incrementar o catálogo en función do número e do tipo de necesidades, especialmente de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Así mesmo, nos centros educativos que non contan con PT e AL, a Administración educativa adoptará as medidas oportunas para atender as necesidades que se presenten.»

Esta é a única maneira de garantir un ensino verdadeiramente inclusivo que atenda con calidade o conxunto das necesidades que presenta o noso alumnado. Xa digo, o alumnado que

teña necesidades educativas específicas, ou aquel que non as teña. É un dereito fundamental e é a única maneira de garantirmos sociedades non só inclusivas, senón xustas e verdadeiramente democráticas, que atendan as necesidades que teñen todas as persoas, independentemente das capacidades que presentemos ou que non.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. Hai moito murmurio. Molesta moito a quen está no uso da palabra. Case me molesta incluso a min, ¡imaxínense!

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Nós agardamos —e xa remato— que se acepten as nosas propostas, e agardamos que isto sexa un punto de inflexión para cambiar a forma na que se están facendo as cousas e que puxo en evidencia desta volta a xustiza, e que veñen defendendo, que veñen denunciando, as organizacións sindicais, as persoas profesionais que traballan todos os días, pero tamén as familias, que hai moitas carencias a día de hoxe no ensino público deste país, que non se están cubrindo nin atendendo debidamente as necesidades do alumnado que ten necesidades educativas específicas. E insisto, hai cuestións que se recollen na nosa emenda que non suporían un aumento do número de postos de traballo, que simplemente é unha cuestión de vontade política e de querer comezar a cambiar un pouco o rumbo a respecto dos últimos dez anos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías e persoas que nos acompañan hoxe neste Pleno.

En primeiro lugar, vaia por diante que o noso grupo vai apoiar esta proposición non de lei, como non podería ser doutro xeito, que se refire en concreto —aínda que se sustenta sobre a situación concreta dun alumno— ao tratamento dos alumnos afectados polo trastorno de espectro autista, que como sabemos é un trastorno do neurodesenvolvemento e do funcionamento cerebral que en xeral presenta dificultades de comunicación e interacción cos demais.

Esta situación, xa de por si pode levar a escenarios de exclusión social dentro do que é a vida ordinaria das persoas que padecen este trastorno, pero que se agrava aínda máis cando estamos a falar do ámbito escolar. Ámbito no que calquera situación de exclusión, por calquera motivo, está claramente vetada por lei. É dicir, non se debe dar en ningunha situación, e moitísimo menos cando temos algún alumno ou alumna afectado por ese trastorno. Non podemos tolerar que exista ningún tipo de exclusión dentro dos centros educativos por ningunha situación.

Pero, dito isto, tampouco entende o noso grupo que debamos xeneralizar as situacións, e trasladar que a atención en xeral aos alumnos que padecen algún tipo de necesidade educativa específica é mala no sistema educativo. Non é óptima, é mellorable, como todo, no

mundo da educación en concreto e creo que no mundo dos servizos públicos en xeral. Pero non podemos dicir que non se atenden estes alumnos, cando menos cuns mínimos, porque temos un sistema educativo inclusivo. Temos un sistema educativo inclusivo que está propugnado desde a propia promulgación da Lei de ordenación xeral do sistema educativo —lei, por certo, dun goberno socialista—, que non contou no seu momento co aplauso unánime, nin moito menos, da totalidade dos grupos, nomeadamente naquel momento de Alianza Popular e despois do Partido Popular.

Quedan, polo tanto, os chamados Centros de Educación Especial, reservados —e van entender o uso coloquial do termo— para casos extremos, nos que en xeral non se atopan os alumnos e alumnas que padecen este tipo de trastorno.

A situación de Arturo, á que a señora Chao fixo referencia, é unha situación que temos que lamentar profundamente, non debiera terse producido, pero tamén é necesario —como vostede dixo na súa exposición— deixar claro que houbo lamentablemente unha mala praxe por parte do centro educativo no que se atopaba escolarizado o alumno no curso 2013-2014, e, polo tanto, parece de sentido común —e así o estimou a xustiza— que sexa a Consellería de Educación —que é a titular do centro, a fin de contas— a que responda patrimonialmente ante as demandas da familia. Parece —insisto— absolutamente lóxico.

Se me permite, por falar un momentinho da nosa emenda, é certo que no momento en que se produciu esta situación —lamentable, repito— co alumno, a Consellería non tiña publicado un protocolo —que si publicou no ano 2016— especificamente para o tratamento e a atención educativa —no mellor dos campos posibles— do alumnado que padece este tipo de trastorno. Por iso nós o que pedimos na nosa emenda é que se cumpra o que está establecido nese protocolo, e que, polo tanto, a Consellería garanta que se leve a cabo o efectivo cumprimento dese protocolo en todos os centros, que como tal é un documento que contén liñas xerais. Evidentemente, haberá que adecuar a resposta educativa e a organización educativa a cada un dos casos particulares, en función do perfil do alumno ou alumna que o necesite.

Pero si me van permitir —porque o tempo tamén se nos esgota— que faga un comentario a respecto do que vostedes piden, e que sintetizo en reforzar as políticas de formación do profesorado —que parece coherente— e facilitar os apoios necesarios.

Falou aquí a señora Rodil, con moi bo criterio, da redución ou do continuo regateo —e vouno dicir, aínda que non o dixo ela— que hai entre os centros educativos e a consellería todos os cursos para dotar do profesorado necesario para a atención de alumnos con necesidades educativas específicas.

Vostede, señora Chao, vostede, señora Rodil, vostede, señor Fernández Gil, e eu tamén, estamos na Comisión 4ª, e eu oín aí un dos razoamentos máis espectaculares da miña vida, cando o señor director xeral de Centros e Recursos Humanos dixo que como se incrementara o número de horas do profesorado, automaticamente se incrementara o número de horas de atención á diversidade. E eu digo, si, nos centros onde está ese profesorado, onde fai falta e non se dota, no se pode facer un cómputo absoluto. Iso foi literalmente o que dixo, e recordarémolo todos.

Non, hai que estabilizar as plantillas de profesorado no que ao alumnado con necesidades educativas específicas se refire. Se temos un sistema educativo inclusivo, temos que garantir que conta cos recursos necesarios, e un piar fundamental deses recursos non son os económicos, ¡nin de lonxe!, son os profesionais, os mestres e mestras ben formados para atender eses alumnos, e cos que os centros deben contar.

Nada máis pola miña banda. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías. Boa tarde tamén ás persoas que nos acompañan hoxe no plenario.

A verdade é que falaba a señora Chao de que se ía referirme, ou que xa o fixera noutra ocasión, a que se pretendía xeneralizar ou utilizar un caso particular para botar unha visión xeral ou intentar botar unha visión xeral de que o sistema educativo non funciona. Eu alégrome de que en parte o señor Álvarez desmentira esa cuestión, porque ao final é certo. Vostedes imaxínense que eu subo aquí e digo: Xan é galego e vive en Ribadavia. María, é galega e vive en Ribadavia. Pedro é galego e vive en Ribadavia. Polo tanto todas as persoas son galegas e viven en Ribadavia. Automaticamente vostedes estarían dicindo, este deputado está levando a cabo un argumento falaz, porque está tirando unha xeneralización precipitada para, dunha serie de casos concretos, levar a unha conclusión que non se axusta á realidade.

Pois iso é o que fan vostedes en moitas ocasións aquí, e esta é unha máis delas, porque ao final están utilizando un caso concreto para transmitirle á sociedade que o Sistema educativo galego non funciona e que o Sistema educativo galego non é un sistema inclusivo.

Pois a verdade é que ese é un episodio máis, ou unha mostra máis, do feito que tamén se reitera en moitísimas ocasións nesta Cámara, que é o argumento que vostedes tamén empregan ou queren empregar permanentemente: «non deixemos que a realidade me destrúa o discurso». ¿Por que? Pois porque a realidade é teimuda.

Miren vostedes poden consultar, igual que fixen eu, este informe do ministerio. Seguro que xa o teñen consultado, non sei. Se non o teñen consultado, recoméndollo. É un informe estatístico sobre as ensinanzas non universitarias e a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en España.

Pois ben, vostedes poden vir aquí e revisar como de todas, das 17 comunidades autónomas, resulta que a comunidade autónoma con maior porcentaxe de alumnos con necesidades educativas específicas que están dentro do sistema educativo ordinario é Galicia, cun 91,9 %, fronte a outras comunidades como Cataluña, cun 62 %; Estremadura, 75 %; Aragón, 76 % etc. Estamos á cabeza en inclusión. Por iso cando o conselleiro di aquí unha e outra vez que o Sistema educativo galego é o sistema máis inclusivo de España, estao dicindo con base

nuns datos certos que vostedes poden consultar. Por iso, non podemos permitir que estean permanentemente cuestionando o Sistema educativo galego baseándose en casos concretos. Ademais, dígolle unha cousa, neste caso a xeneralización xa non é só intentar trasladar un caso concreto e convertelo en universal, senón que na lectura que vostedes fan da propia sentenza tamén fan unha lectura digamos parcial. Porque eu tamén tiven ocasión —como vostedes, imaxino— de ler esa sentenza, e vostedes utilizan unha parte da sentenza para criticar e poñer en dúbida o funcionamento dun todo: do Sistema educativo galego.

Interpretan interesadamente a sentenza, porque vostedes saben que o fallo recoñece unha parte da demanda, pero que se refire tamén a unha situación puntual nun curso e non ao conxunto da atención á diversidade que recibiu este alumno anteriormente no centro e que continuou recibindo posteriormente no mesmo centro. Vostedes saben perfectamente —e así o dixeron tamén e vino na súa exposición de motivos— que este problema xorde no curso 2013-2014, no que se producen unha serie de circunstancias. Por certo, na propia sentenza, e nos informes que aparecen na propia sentenza, fálase de circunstancias que se poden imputar —por dicilo dalgún xeito— ao funcionamento do centro, pero tamén fala de circunstancias persoais do rapaz dentro do seu ámbito familiar. Evidentemente, eu creo que hai que poñer todo no seu contexto e ter todo presente.

Pero, xa digo, a propia sentenza sinala e di: *«Nos conduce a concluir que ni con relación a la atención dispensada en los cursos anteriores, ni en los posteriores, en los que el menor sigue escolarizado en el mismo centro, se produjo desatención educativa en el tratamiento del menor.»* É dicir, aténdese a un caso concreto. Por certo, chamoume moitísimo a atención, señora Chao, que vostede afirmou aquí, dende a tribuna, que a profesional —neste caso a titora— que chegou ao novo centro foi a que provocou os trastornos no alumno, o cal me parece absolutamente chamativo, porque nós, dende logo, non dubidamos da profesionalidade dos profesionais do Sistema educativo galego. Vostede chegou aquí e dixo iso, pode revisar o vídeo —poderá facelo despois—, e puxo en cuestión e chegou a afirmar que esa profesional foi a que provocou o agravamento da situación neste caso concreto, neste rapaz.

Evidentemente, un dos obxectivos do Goberno galego sempre foi traballar o máximo posible pola integración dos rapaces e rapazas con necesidades específicas no sistema educativo no réxime ordinario. Vostedes saben que hai diferentes teorías pedagóxicas sobre a pertinencia ou non desta inclusión, pero o Goberno galego, o Goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular, defende esa inclusión, e por iso se levan a cabo políticas para conquistar unha maior inclusión e estar á cabeza de todas as comunidades autónomas de España en inclusión no sistema educativo.

Evidentemente, isto faise porque hai moi bos profesionais, pero porque se destinan recursos. Non poden estar permanentemente criticando o destino de recursos de fondos públicos ao Sistema educativo galego para a inclusión, cando está demostrado que é o sistema máis inclusivo de todo o Estado.

Evidentemente, poden utilizar ese discurso noutras comunidades autónomas. E aquí claro que hai que mellorar, cando falamos de inclusión, sempre hai que mellorar, pero non poden intentar trasladarlle á cidadanía esa imaxe de que todo funciona mal en Galicia,

cando precisamente estamos á cabeza en inclusión dentro dos sistemas educativos do Estado español.

En definitiva, nós entendemos, como ben dicía o señor Álvarez, que dende o momento no que ocorreu esta cuestión xa se teñen dado pasos. Elaborouse este protocolo de atención a alumnos con trastornos de espectro autista, e polo tanto estamos no camiño de traballar para mellorar estas situacións e de evitar que casos como o de Arturo se repitan. Pero non veñan aquí, non intenten tinguir de negro un sistema que a día de hoxe é referencia e pioneiro, e eu creo que é un sistema ao que teñen que copiar todas as demais comunidades autónomas de España polo grao de inclusión que se consegue do alumnado galego.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Comezar dicindo que dende En Marea imos aceptar as emendas de adición do PSdeG e do BNG porque entendemos que melloran e completan a nosa proposta.

Como dicía ao principio da miña intervención, o obxectivo desta proposición non de lei era que o caso de Arturo non se repita, nin o doutros Arturos, nin o doutros nenos.

Do que falamos é de evitar a vulneración sistemática dos dereitos humanos. ¡Pouca broma! É o que di a sentenza. Porque a cuestión e fondo sería: ¿fíxose algo dende a Consellería, dende a chegada da sentenza, para evitar novos casos como o de Arturo? Non. A sentenza chegou en setembro. Non, non se fixo nada.

¿Estanse usando todos os medios para garantir o dereito a un ensino igualitario? A resposta é, novamente, non. Mesmo o recoñeceron dende a bancada Popular. ¿Pódese facer algo? Pódense facer moitas cousas, pero deciden votar que non. ¡Vale!

¿Estase primando o dereito das nenas e nenos con trastorno de espectro autista a permanecer nun ámbito social o máis normalizado posible? A resposta é tamén non.

E, pola contra, ¿hai algo que se poida facer? ¿Hai cousas que se poidan mellorar? Mesmo dende a bancada do Partido Popular, que din que van votar en contra, dixeron que si. Afirmaron que si. Hai moitas cousas, dende logo. Moitas máis cousas que as que trouxemos hoxe, seguro. Poderían presentar unha emenda e poñer outras medidas enriba da mesa, pero non lles interesa.

O que estamos defendendo, de feito, non son ideas moi ambiciosas, pero si que nos permitirían avanzar para mellorar esta realidade. É dicir, que votar non, non só é tan soberbio coma sempre, senón que sería miope e sería, sobre todo, inxusto.

Non tratamos de dicir que a atención dos centros escolares a nenos con autismo sexa sempre mala. Non. O que queremos dicir é que segue sendo a día de hoxe un problema non resolto.



Como di *Autismo Diario*: «Hai casos onde colexios públicos fan un traballo excelente. Hai outros onde fan o que poden con recursos cada vez menores. E hai outros onde o que fan, dá medo.»

O caso que comentamos hoxe, lamentablemente, é destes últimos, que si que os hai. Mirar para outro lado non vai facer que desaparezan. Existen. O problema é evidente, e lévanos a que o nome do neno ou nena entre nun gran bombo de lotería. Se che toca un bo colexio, con todos os recursos, ¡fenomenal! Se non é así, ¡mala sorte! Se non é así, o máis seguro é que, cando haxa problemas, a familia e o neno sexan convidados a abandonar o centro ordinario e vaian a un centro de atención específica. É o que pasa, só hai que ir aos colexios. É o que está pasando.

Non o dicimos nós, non o di En Marea, non é unha posición ideolóxica da oposición, díxoo a propia sentenza de xeito claro e contundente cando fala de: «Lesión evidente ao dereito fundamental á educación.» Un dereito humano fundamental.

Moi serio, moi serio, señores deputados e deputadas do Partido Popular: unha lesión evidente ao dereito fundamental á educación. Teñen vostedes na man a posibilidade de traballar para evitar que este dereito fundamental non volva ser vulnerado, pero prefiren subir aquí e mirar para outro lado, deixar pasar o tempo.

Fala a sentenza tamén de falta de recursos e medios necesarios. Tamén está na man da Consellería poñer os recursos necesarios. Este caso evidencia que hai que actuar para evitar que casos como este se repitan. Ante iso non cabe poñerse de perfil, non cabe dicir que se pode mellorar pero que non imos melloralo hoxe, xa veremos se outro día. Non cabe mirar para outro lado nin centrarse en que son casos concretos, porque os casos concretos son os que constrúen a realidade, porque das prioridades deste Goberno depende garantir os dereitos de todos os nenos e nenas deste país, de todos os Arturos deste país tamén.


Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta minutos do serán.*



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25